

**Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)**

Memoria 2003



**Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)**
Memoria 2003

Edita

Escola Galega de Administración Pública

Supervisión lingüística

Raquel Rodríguez Parada

Mª do Carme González Bueno

Maquetación

uqui IIIII cebra

Fotografía

Voz Noticias

Impresión

Litonor

Depósito legal: C-106-2004

Índice

<u>7</u>	PRESENTACIÓN
<u>9</u>	A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
<u>17</u>	ACTIVIDADES DA XEFATURA DE ESTUDIOS
<u>19</u>	1. Conferencias
<u>21</u>	2. Xornadas, seminarios, etc.
<u>36</u>	3. Cursos
<u>41</u>	4. Publicacións non periódicas
	ACTIVIDADES DO SERVICIO DE FORMACIÓN
<u>45</u>	DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA
<u>47</u>	1. Cursos
	ACTIVIDADES DO SERVICIO DE FORMACIÓN DO PERSOAL DA
<u>119</u>	ADMINISTRACIÓN LOCAL E DOUTRAS ADMINISTRACIÓN
<u>121</u>	1. Área local
<u>121</u>	1.1. Cursos
<u>166</u>	1.2. Xornadas, seminarios, etc.
<u>175</u>	1.3. Outras actividades
	ACTIVIDADES DO SERVICIO DE ESTUDIOS,
<u>179</u>	INVESTIGACIÓN E PUBLICACIÓN
<u>181</u>	1. Cursos
<u>191</u>	2. Xornadas, seminarios, etc.
<u>194</u>	3. Investigación
<u>198</u>	4. Publicacións
<u>200</u>	5. Biblioteca-Centro de documentación
<u>203</u>	PROFESORES COLABORADORES
	RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTIVIDADES
<u>243</u>	REALIZADAS NA EGAP POR OUTRAS INSTITUCIÓN
<u>245</u>	Actividades realizadas na EGAP por outras institucións
	RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTIVIDADES
<u>269</u>	DE FORMACIÓN DA EGAP
<u>271</u>	1. Resumo estatístico das actividades da Xefatura de Estudos
<u>273</u>	2. Resumo estatístico das actividades do Servicio de Formación do Persoal da Administración Autonómica
<u>295</u>	3. Actividades organizadas polo Servicio de Formación do Persoal da Administración Local e doutras administracións
<u>302</u>	4. Actividades do Servicio de Estudos, Investigación e Publicacións
<u>306</u>	5. Resumo global das actividades de formación da EGAP
	REPORTAXE GRÁFICA DE ACTOS EN COLABORACIÓN CON
<u>311</u>	OUTRAS INSTITUCIÓN

Presentación



Domingo Bello Janeiro
Director da EGAP

É para min unha grande satisfacción presenta-la Memoria que recolle as principais actividades da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) durante o ano 2003, dirixidas á formación profesional dos empregados públicos da nosa Comunidade Autónoma, fundamentalmente da Administración autonómica e da Administración local.

Dentro do sector de **formación do persoal da Administración Autonómica**, mantivéronse os programas de formación de directivos, xefes de sección e de negociado, así como os cursos característicos das áreas xurídica, económica, etc.

Na área comunitaria e na de informática, fíxose especial fincapé na descentralización dalgunhas accións formativas.

No que se refire á lingua galega, ou máis propiamente á linguaxe administrativa galega, continuouse co pro-

grama de formación en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, coa que se realizaron vinteseis edicións do Curso medio de linguaxe administrativa galega.

No sector da **Administración local** desenvolveuse un programa formativo a través do CELGA. As actividades formativas van desde a área informática á xurídica, para estudar nesta última as novidades normativas máis importantes no ámbito local.

A EGAP fixo, neste eido, un gran esforzo organizativo e orzamentario para realizar integramente tres cursos selectivos, pertencentes ás escalas de secretaría-intervención e de intervención-tesourería (categoría de entrada).

Da ampla e interesante oferta de **xornadas, seminarios, conferencias, etc.**, abertas ó persoal de tódalas administracións públicas galegas e interesados en xeral, cómpre subliñar as seguintes actividades:

- *A Conferencia de apertura do curso sobre O papel das administracións públicas ante a reforma laboral.*
- *Lei xeral de estabilidade orzamentaria e os entes locais.*
- *Novidades normativas en materia de facendas locais para o exercicio 2003.*

- *Xornadas para o coñecemento e debate da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- *Etc.*

Este resumo inclúe tanto as actividades financiadas con fondos propios da Xunta de Galicia como as financiadas con fondos estatais para a formación continua. Entre os obxectivos xerais deste plan, cómpre destacar a extensión da formación a tódolos ámbitos da Administración autonómica, con especial atención do persoal laboral.

A estrutura desta Memoria permite obter a información do realizado polas seguintes unidades administrativas da EGAP: Xefatura de Estudos, Servicio de Formación do Persoal da Administración Autonómica, Servicio de Formación do Persoal da Administración Local e doutras Administracións e o Servicio de Estudos, Investigación e Publicacións.

Logo da descrición das accións formativas, recóllense nun resumo estatístico as cifras de actividades, horas lectivas, profesores e prazas ofrecidas ós empregados públicos das administracións galegas.

Os resultados do realizado este ano non revelan suficientemente os esforzos e a dedicación dun gran número de colaboradores da Escola: os membros do Consello Rector, os responsables de formación, os coordinadores, os profesores, os representantes sindicais e demais persoal que facilitou que se conseguiran os obxectivos previstos.

Finalmente, quero que conste tamén o meu recoñecemento ós alumnos pola súa confianza e polas suxestións que nos fan nas enquisas de fin de curso para mellorar a nosa oferta formativa.

Santiago de Compostela, decembro de 2003



**A Escola Galega
de Administración Pública**

1. Introducción

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é esencialmente un centro público de formación do persoal ó servizo das administracións públicas de Galicia, e de estudo e divulgación de temas relacionados coa Administración e coa función pública.

Hoxe ten a consideración xurídica de organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia. Anteriormente fora configurada como órgano administrativo sen personalidade xurídica, segundo o Decreto 163/1982, do 1 de decembro.

2. Fins

Na configuración actual, pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública) a EGAP ten os seguintes fins:

- a) Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ó servizo da Administración desta Comunidade Autónoma, convocadas de conformidade co disposto na Lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que logo do convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- b) Organizar e dar cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción de persoal docente e sanitario.
- c) Organizar e dar cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ó que se alude na alínea a).
- d) Realiza-las probas e da-los cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- e) Realiza-las probas e da-los cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional, nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- f) Realiza-las probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia sen habilitación de carácter nacional, de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.

g) A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, co fin de promover-la súa máxima difusión.

h) O establecemento de convenios e a realización de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas no ámbito estatal e internacional.

i) A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

l) Calquera outro que se lle asigne por lei.

Para o cumprimento destes fins, a EGAP poderá concertar con centros universitarios de Galicia e con outros centros ou entidades de titularidade pública ou privada, a realización das actividades pertinentes.

3. Organización: especial referencia ó Consello Rector

Os órganos superiores de goberno e administración da EGAP son:

- O Consello Rector.
- O director.

3.1. O Consello Rector ten atribuídas as seguintes facultades:

- a) Aproba-lo Anteproxecto do orzamento anual da escola e as súas contas.
- b) Aproba-lo Plan anual de actividades, o Plan de estudos e a Memoria da escola.
- c) Dárlle-la conformidade ós proxectos de convenios con centros semellantes doutras administracións públicas e institucións.
- d) Propoñe-la organización administrativa da escola e o seu correspondente cadro de persoal.
- e) Propoñe-los programas comúns para o ingreso na Administración pública galega e emitir un informe sobre os programas específicos de selección de persoal ó servizo desta, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
- d) Establece-las bases e condicións xerais de participación e acceso ós cursos ou actividades que convoque a EGAP.
- e) Elaborar e aproba-lo Regulamento interno da EGAP.
- f) Coñece-los asuntos que, pola súa relevancia, lle sometan ó presidente do consello ou ó director da EGAP.

O Consello Rector da EGAP está constituído do seguinte xeito:

Presidente:

- || **Excmo. Sr. D. Jaime Pita Varela**
Conseilleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Vicepresidente:

- || **Ilma. Sra. D^a. Belén Prado Sanjurjo**
Directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Vocais:

- || **Ilmo. Sr. D. Domingo Bello Janeiro**
Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

En representación da Xunta de Galicia:

- || **Ilmo. Sr. D. Jaime Bouzada Romero**
Inspector xeral de Servicios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- || **Ilmo. Sr. D. Pablo Figueroa Dorrego**
Secretario xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
- || **Ilmo. Sr. D. Alfonso Rueda de Valenzuela**
Director xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.
- || **Ilma. Sra. D^a. María Casais Mira**
Directora xeral de orzamentos da Consellería de Economía e Facenda.
- || **Ilmo. Sr. D. Javier Suárez García**
Director xeral xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Expertos en Administración pública:

- || **Ilmo. Sr. D. Gaspar Ariño Ortiz**
Catedrático de dereito administrativo da Universidade Autónoma de Madrid.
- || **Ilmo. Sr. D. Lorenzo Martín Retortillo**
Catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid.
- || **Excmo. Sr. D. José Luis Meilán Gil**
Catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña.

- || **Ilmo. Sr. D. José Luís Carro Fernández-Valmayor**
Catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.

- || **Excmo. Sr. D. Álvaro Rodríguez Bereijo**
Conseilleiro do Consello de Estado e catedrático de dereito financeiro da Universidade Autónoma de Madrid.

En representación das universidades:

- || **Ilmo. Sr. D. Ramón Máiz Suárez**
Catedrático e decano da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela.
- || **Ilmo. Sr. D. Jesús Martínez Girón**
Catedrático de dereito do traballo da Universidade da Coruña.

En representación da Administración local:

- || **Ilmo. Sr. D. Francisco Cacharro Pardo**
Presidente da Deputación Provincial de Lugo.
- || **Sr. D. Jesús Villamor Calvo**
Alcalde-presidente do Concello de Padrón (A Coruña).
- || **Sr. D. Juan Jiménez Morán**
Alcalde do Concello de Verín (Ourense).
- || **Sr. D. Eduardo Ramonde Rodríguez**
En representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

Representantes sindicais:

- || **Sr. D. Pedro Luaces González**
En representación da UGT.
- || **Sr. D. Alexandre Banhos Campo**
En representación de CIG (Administración autonómica).
- || **Sr. D. Xabier Picón Picallo**
En representación da CIG (Administración local).
- || **Sra. D.^a Dolores Fernández Nantes**
En representación de CC.OO.
- || **Sra. D.^a Rosario Valledor Puente**
En representación da UGT.

Secretario:

- || **Ilmo. Sr. D. José Ramón Pardo Cabarcos**
Secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública.

3.2. O director da EGAP ten as seguintes competencias:

- a) Exerce-la representación ordinaria da escola.
- b) Preparar e executa-los acordos do Consello Rector.
- c) Dirixi-los servicios e exerce-la xefatura do persoal da escola.
- d) Exerce-la xestión orzamentaria da escola, dispoñe-los gastos e propoñe-la ordenación dos pagamentos.
- e) Elabora-lo Anteproxecto do orzamento anual da escola, para sometelo á aprobación do Consello Rector.
- f) Propoñerlle ó Consello Rector o Plan anual de actividades.
- g) Prepara-la memoria de actividades da escola, para o seu sometemento ó Consello Rector.
- h) Coordina-lo desenvolvemento das actividades da escola.
- i) Expedi-los diplomas e os certificados acreditativos dos estudos realizados na escola.
- l) Dirixir, impulsar e supervisa-lo cumprimento dos fins e das actividades da escola.

Baixo a dependencia do director da escola e á fronte da Área de Administración, hai un **secretario xeral** ó que lle corresponden as seguintes atribucións:

- a) Desempeña-la Secretaría do Consello Rector.
- b) Coordinar tódolos servicios da escola.
- c) Elabora-lo Anteproxecto do orzamento.
- d) Xestiona-los créditos orzamentarios.
- e) Tramitar e xestiona-la contratación administrativa.
- f) Dirixi-la xestión do persoal da EGAP.
- g) Administrar e xestiona-lo patrimonio.
- h) Elabora-los anteproxectos de disposición, instrucións e circulares.
- i) Asisti-lo director en asuntos xurídicos e financeiros.
- l) Réxime interior da EGAP.
- m) Substituí-lo director nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.
- n) Aquelas competencias que o director lle delegue.

A **EGAP** estrutúrase nas seguintes
Unidades organizativas básicas

a) Dependentes do director

Servicio de Selección,
Formación, Perfeccionamento e
Especialización do Persoal da
Administración Autonómica

Servicio de Selección,
Formación, Perfeccionamento e
Especialización do Persoal
ó Servicio da Administración Local
e doutras Administracións Públicas

Servicio de Estudos,
Investigación e Publicacións

b) Dependentes do secretario xeral

Servicio Económico-Administrativo



Actividades



Actividades da Xefatura de Estudos

1. Conferencias

Acto de apertura do curso 2003. Conferencia sobre o papel das administracións públicas ante a reforma laboral



*Acto de apertura do curso
(EGAP, 23 de xaneiro de 2003).*

De esquerda a dereita: Jaime Pita Varela, conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; Domingo Bello Janeiro, director da EGAP; Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia; Luciano Fariña Busto, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia; e José Antonio García Caridad, presidente do Consello Consultivo de Galicia.

1. Obxectivos

Analiza-lo papel das administracións públicas ante a reforma laboral que pretende: a) facilitar oportunidades de emprego para tódalas persoas que desexen incorporarse ó mercado de traballo, b) mellora-lo funcionamento do mercado de traballo e c) amplia-la protección a colectivos que actualmente carecen dela.

2. Destinatarios

Empregados públicos, profesores, estudantes universitarios e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 h.
- 3.2. Lugar: salón de actos da EGAP.
- 3.3. Datras: 23 de xaneiro de 2003.
- 3.4. Horarios: mañá.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

Introducción. O papel das administracións públicas ante a reforma laboral.

5. Convocatoria

Mediante anuncio en prensa ou invitación persoal.



Acto de apertura do curso (Salón de actos da EGAP, 23 de xaneiro de 2003).

De esquerda a dereita: Jaime Pita Varela, conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia; e Enrique J. Míguez Alvarellos, vocal para Galicia do Consello Xeral do Poder Xudicial; e o director da EGAP.

2. Xornadas, seminarios, etc.

Xornada sobre a reforma do desemprego

1. Obxectivos

- Coñecemento e debate das principais orientacións de reforma da última modificación da protección por desemprego.
- Análise das súas incidencias no contrato de traballo: salarios de tramitación, pagamento das vacacións, encadeamento de contratos temporais.
- Estudio das orientacións das políticas de emprego en relación coa cobertura do desemprego.
- Descrición dos colectivos máis afectados pola reforma: eventuais agrarios, fixos periódicos, traballadores migrantes e beneficiarios de subsidios asistenciais.
- Interpretación do contido dos conceptos de oferta de emprego adecuada e de compromiso de actividade.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia, da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Datas: 24 e 25 de febreiro.
- 3.4. Horarios: en sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 230.

4. Contido

- Principais liñas de reforma da protección por desemprego.
- As novidades no ámbito da prestación contributiva.
- As novidades no nivel asistencial da protección por desemprego.
- O concepto de colocación adecuada e o compromiso de actividade.
- Os programas de emprego dos perceptores de prestacións. Pagamento único. Mobilidade xeográfica. Formación profesional. Compatibilidade co traballo por conta allea.
- A nova normativa sobre salarios de tramitación.

5. Convocatoria

DOG n.º 21, do 31-01-2003.

Xornadas sobre divulgación do coñecemento na sociedade da información

[en colaboración coa Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela]

1. Obxectivos

Achegar ós funcionarios, ós universitarios e ós cidadáns en xeral, as principais innovacións e tendencias na divulgación do coñecemento a través do sistema mediático que caracteriza a sociedade da información. O coñecemento especializado atopa moitas barreiras para chegar ós cidadáns, a pesar da multiplicación de soportes e de canles que caracteriza a etapa actual de grandes transformacións e de converxencia mediática.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia, da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 3 días.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datás: 10, 11 e 12 de marzo.
- 3.4. Horarios: mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

- A sociedade da información e o sistema de medios.
- A divulgación do coñecemento, os medios de comunicación e as facultades de Ciencias da Comunicación.
- Retos da información xornalística especializada.
- Achegas da investigación xornalística.
- Achegas do xornalismo de servizo.
- Mesa coloquio: áreas de especialización.
- As contribucións da rede.
- Os grupos de comunicación e o xornalismo especializado.
- Os medios adiovisuais e a especialización.
- Comunicar política.
- Comunicar economía.
- Comunicar sociedade.
- O futuro da información xornalística especializada. Ideas para avanzar.

5. Convocatoria

DOG n.º 29, do 11-02-2003.



Xornadas sobre a divulgación do coñecemento na sociedade da información (Salón de actos da EGAP, 10 de marzo de 2003).

De esquerda a dereita: Xosé López García, decano da Facultade de Xornalismo de Santiago de Compostela; Alfonso Cabaleiro Durán, secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos da Presidencia; o director da EGAP; e Ignacio Otero López, director xeral de Comunicación e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Xornadas sobre a reforma da Lei de axuizamento criminal

1. Obxectivos

Poñer en coñecemento dos asistentes as últimas reformas efectuadas no axuizamento criminal español, concretamente, as referentes ó procedemento abreviado, á introducción dos xuízos rápidos e inmediatos e á nova configuración da prisión preventiva. Incidirase na importancia que na práctica procesual cotiá terán tales reformas, sobre todo dende o punto de vista do persoal que traballa para a Administración de xustiza en Galicia, así como para os membros da policía xudicial, ós que a nova configuración do axuizamento rápido e inmediato lles reserva unha importante misión. Así mesmo, estudaranse os desafíos que estas reformas implican para a Administración autonómica, e teranse en conta as competencias asumidas en materia de persoal e de dotación de medios materiais á Administración de xustiza.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datas: 26 e 27 de marzo de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 120.

4. Contido

- A reforma do procedemento abreviado.
- Os xuízos rápidos.
- O novo xuízo de faltas.
- Medidas que se deben adoptar no ámbito competencial da Administración autonómica.
- A reforma da prisión provisional.

5. Convocatoria

DOG n.º 50, do 12-03-2003.

Xornadas sobre cooperación ó desenvolvemento: o papel dos poderes rexionais e locais

[en colaboración coa Fundación Galicia Europa e co Centro Europeo de las Regiones]

1. Obxectivos

O mundo globalizado de hoxe, xunto ós procesos cada vez máis acelerados de descentralización e autonomía política, lévannos á inevitable implicación dos organismos rexionais e locais na cooperación ó desenvolvemento. Nestes momentos estase vivindo un proceso de evolución da cooperación ó desenvolvemento, desde un conxunto de iniciativas sociais e institucionais, máis ou menos coordinada, á elaboración de verdadeiras políticas neste ámbito.

¿Cal é o obxectivo de tal política a nivel rexional e local? Impulsar accións, coordinar e concentra-los recursos financeiros, humanos e procedementais, sempre escasos, máis aínda cando se aborda unha tarefa semellante. Pero, ó mesmo tempo, fixar tamén uns obxectivos prioritarios no marco dos desenvolvementos internacionais, europeos e estatais en materia de cooperación neste eido, imprimindo, non obstante, un selo particular, rexional e local, nestas prioridades.

Unha política debe ter tanto un compoñente interno, de sensibilización e capacitación dos actores de cooperación ó desenvolvemento, coma externo, de impacto na mellora das condicións de vida presentes e das expectativas de mellora futuras nas poboacións obxecto de axuda, ben sexa en forma de asistencia técnica, financeira e humanitaria.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense.
- 3.3. Datas: 3 e 4 de abril de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 275.

4. Contido

- A cooperación ó desenvolvemento no século XXI. A Declaración do Milenio e o seu plan de traballo.
- O marco europeo de cooperación ó desenvolvemento, prioridades, modalidades, marco xurídico: a nova oficina de cooperación EuropeAid.
- Cooperación ó desenvolvemento: novos obxectivos e novos instrumentos.
- Novas tecnoloxías e cooperación para o desenvolvemento.
- Experiencias locais en cooperación e asociacións internacionais de entes locais de cooperación para o desenvolvemento.
- Mesa redonda de representantes de CCAA sobre iniciativas sociais e públicas de cooperación para o desenvolvemento dunha política rexional e local de cooperación: deseño e financiamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 51, do 13-03-2003.

Xornadas sobre promoción da acción voluntaria: por un voluntariado de calidade

1. Obxectivos

Afondar no papel das entidades de acción voluntaria e impulsa-lo traballo en rede co obxecto de garantir un voluntariado de calidade.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo.
- 3.3. Datas: 9 de abril de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 165.

4. Contido

- Papel das administracións no desenvolvemento da acción voluntaria. Límites da súa intervención.
- As entidades de acción voluntaria. Marco normativo. Ética e voluntariado.
- Mesa-coloquio: Por un voluntariado de calidade. Modelos de planificación e xestión das entidades de iniciativa social. O papel das novas tecnoloxías na acción voluntaria.
- Importancia de redes e coordinadoras no desenvolvemento da acción voluntaria
- A formación e sensibilización como eixes da acción voluntaria. Novas canteiras de voluntariado.

5. Convocatoria

DOG n.º 57, do 21-03-2003.



Xornadas sobre a tutela das persoas maiores



1. Obxectivos

Na actualidade, existe unha porcentaxe de persoas maiores que alcanza case o 20% da poboación. A lonxevidade é unha das características das sociedades máis avanzadas. O descenso da natalidade e a redución da mortalidade son dous dos factores máis importantes para entender o incremento destas persoas. Hai que ter en conta que este proceso de alongamento da vida que se produce está determinado pola mellora das condicións nas que viven. Este aumento da poboación supón un incre-

Vista xeral do público asistente ás Xornadas sobre a tutela das persoas maiores (A Coruña, 8 e 9 de maio de 2003).



mento importante das necesidades específicas de atención social e sanitaria. Hoxe chégase á consideración de persoa maior (65) con máis saúde física e psíquica e en plena autonomía, que se irá perdendo moi lentamente e de forma progresiva.

As persoas maiores son activas pero tamén son persoas con necesidades múltiples e dispares polo que a súa atención require ter claras as características de cada perfil de persoa maior, é importante partir da análise da realidade actual e das previsións de evolución futuras.

Coa finalidade de logralo, preténdese dar unhas explicacións formativas no ámbito social, económico e xurídico, de maneira non exhaustiva, pero que permitan ter un coñecemento claro das súas posibles necesidades e poder achegar claras solucións para cubrilas. A mellora do benestar das persoas maiores é un dos obxectivos prioritarios.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos da Delegación da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Datas: 8 e 9 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 230.

4. Contido

- As persoas maiores na Constitución.
- Consideracións básicas da normativa autonómica.
- O chamado testamento vital.
- A incapacitación e o internamento.
- As institucións de defensa das persoas maiores.
- As situacións convivenciais de axuda mutua.
- O acollemento das persoas maiores.
- Problemas legais sobre a tutela, asistencia e protección ás persoas maiores.
- A autotutela.
- O patrimonio das persoas maiores: xestión e administración.
- Vello e novos itinerarios nos dereitos das persoas maiores.
- O papel das persoas maiores na nova sociedade.

5. Convocatoria

DOG n.º 74, do 15-04-2003.

Seminario internacional sobre calidade nos servizos públicos: exemplos de boas prácticas para a Administración galego-lusa

[en colaboración co *Instituto de Gestão e Administração Pública* do Porto e co *Centro Europeo de las Regiones*]

1. Obxectivos

As administracións públicas son cada vez máis conscientes da necesidade de mellora-la calidade dos servizos prestados ós seus clientes e ós cidadáns en xeral, co fin de cubrir adecuadamente as súas necesidades e contribuír a unha mellor calidade de vida para todos e a unha adecuada cohesión da sociedade.

En tódalas administracións da UE se están aplicando programas de xestión de calidade que utilizan distintos modelos e metodoloxías. Ó longo das dúas xornadas presentáremo-las experiencias doutras administracións estranxeiras, así como as experiencias luso-galegas na materia. Presentaremos de maneira detallada o Marco común de avaliación (CAF), nova ferramenta para que as administracións públicas da UE comprendan e utilicen as técnicas de xestión de calidade na Administración.

Estas xornadas aspiran a congrega-los responsables políticos e técnicos, así como os executores das políticas de calidade, os académicos e todas aquelas persoas relacionadas coas administracións públicas autonómica e local de Galicia e da rexión norte de Portugal.

Este curso, organizado de maneira interactiva ofrécelle ós seus asistentes coñecemento teórico e práctico para que, analizando experiencias concretas, os seus éxitos e problemas, poidamos aprender daqueles que xa percorreron o camiño na aplicación da calidade, e analizar cádes desas experiencias poden ser de uso común para Galicia e a rexión norte de Portugal.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo das administracións públicas galega e lusa e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos da Biblioteca Pública do Estado en Pontevedra.
- 3.3. Datas: 14 e 15 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 200.

4. Contido

- As iniciativas europeas en materia de calidade.
- A visión europea da calidade: o Marco común de avaliación (CAF).
- Exercicio práctico CAF: exemplos.
- Metodoloxías de calidade: a experiencia da Administración xeral do Estado español.
- A experiencia das comunidades autónomas e da Administración local en materia de calidade.
- A evolución da calidade nos departamentos ministeriais.
- Presentación dun caso de aplicación dun modelo de calidade pola Administración portuguesa.
- A xestión de rendementos con compoñentes de calidade: a experiencia de Galicia.
- A xestión da calidade na Administración pública portuguesa.
- A evolución da calidade no sector público: o futuro.

5. Convocatoria

DOG n.º 73, do 14-04-2003.

Xornadas sobre a unificación europea do dereito de obrigas e contratos

1. Obxectivos

A actual diversidade legislativa na Unión Europea constitúe un serio obstáculo para o mercado interior porque eleva os custos de transacción, sobre todo para as pequenas empresas e os consumidores. Por iso, nos últimos dez anos apareceron diversas propostas de unificación, entre as que destaca o *Código europeo de contratos* publicado pola Academia de Pavía en 2001, dado o seu avanzado estado de elaboración, o interese científico do seu contido e a súa decidida opción por un texto legal obrigatorio e uniforme. De aquí que a finalidade destas xornadas sexa dar a coñecer esta iniciativa, proceder ó seu exame pormenorizado e, en fin, suscitar un debate sobre a oportunidade de unifica-lo dereito de obrigas e contratos en Europa.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datras: 20 e 21 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 120.

4. Contido

- Razón de ser, características e contido do Código europeo de contratos.
- Efectos e cumprimento do contrato.
- Réxime dos tratos preparatorios do contrato.
- Perfeccionamento e conclusión do contrato.
- Contido e interpretación do contrato.
- Inexecución do contrato e as súas consecuencias.
- Anomalías do contrato e os seus remedios.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-2003.



Xornadas sobre leis, actos, sentencias e propiedade intelectual

1. Obxectivos

As leis, os actos administrativos e as sentencias son, considerados en si mesmos, obras da linguaxe, xa oral, xa escrita, a pesar do que, e baseándose en intereses xerais superiores, os dereitos de autor sobre estas están restrinxidos. Trátase de coñecer con exactitude o alcance de tales restricións e os supostos nos que a propiedade intelectual subsiste; trátase de saber cando existen límites, cando e en qué medida son de dominio público; trátase de saber, en fin, e entre outras moitas cousas, como lle afecta ó asunto estudiado a lexislación sobre segredos oficiais ou o segredo de sumario e cando hai delitos ou ilícitos á vista e qué nos depara Internet ó respecto.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Instituto San Paio en Tui.
- 3.3. Datat: 22 e 23 de setembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 150

4. Contido

- Censura e monopolio das leis. A súa publicidade. O interese xeral como razón de ser do artigo 13 da Lei de propiedade intelectual. Antecedentes e xestación.
- Debates parlamentarios e dereitos de autor.
- As leis e as súas recompilacións e anotacións como obxecto de propiedade intelectual.
- Escritos e informes forenses, sentencias e propiedade intelectual.
- Actos, acordos, deliberacións e dictames dos organismos públicos, asuntos reservados e segredos oficiais.
- Descubrimento e revelación de segredos.
- O artigo 13 da Lei de propiedade intelectual e os delitos contra ela.
- Leis, actos, sentencias, bases de datos e Internet.



5. Convocatoria

DOG n.º 168, do 01-09-2003.

Xornadas sobre a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

1. Obxectivos

Amplia-los coñecementos dos destinatarios desta xornada sobre os aspectos máis sobresaíntes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e avogados do Colexio de Avogados de Ferrol.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datás: 20 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 120.

4. Contido

- Principios xerais. Réxime urbanístico do solo. Disposicións xerais. Réxime xurídico do solo rústico.
- Clasificación do solo. Réxime das distintas clases e categoría de solo. A organización do urbanismo en Galicia. Réxime transitorio.
- Planeamento urbanístico. Clases de plans. Procedemento de elaboración. Competencias para a súa aprobación. Normas de aplicación directa. Execución dos plans de ordenación (xestión).



Acto de inauguración da Xornada sobre a Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia (EGAP, 13 de novembro de 2003).

De esquerda a dereita: Vicente Ruiz Soldevilla, subdirector xeral de Urbanismo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; o director da EGAP; Hipólito Pérez Novo, subdirector de Dictames e Informes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; e Ramón Giménez de Azcárate Cornide, decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos.

5. Convocatoria

DOG n.º 213, do 03-11-2003.

Xornadas sobre obra audiovisual e propiedade intelectual

1. Obxectivos

Ofrecer unha visión xeral da problemática do sector audiovisual nas súas relacións coa administración pública. Analiza-las distintas cuestións que, en materia da propiedade intelectual, xeran as obras cinematográficas en particular, así como as denominadas en termos amplos obras audiovisuais.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega. Profesionais do sector audiovisual. Avogados e xuristas interesados nas cuestións relativas á propiedade intelectual. Estudiantes universitarios e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos da EGAP.
- 3.3. Datas: 27 e 28 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

- O sector audiovisual na encrucillada política, económica e cultural.
- O papel das administracións públicas.
- Dereitos de propiedade intelectual na obra audiovisual.
- Da obra cinematográfica á obra audiovisual.
- Principais cuestións en torno ós distintos tipos de obras audiovisuais.
- Obras de animación.
- Obras televisivas.
- Obras multimedia.
- Obras audiovisuais de carácter publicitario.
- A explotación económica da obra audiovisual.
- Obra audiovisual e Internet.
- Remakes e dereitos de transformación.
- Protección internacional da obra audiovisual.
- O papel das entidades de xestión na explotación da obra audiovisual.

5. Convocatoria

Anuncio en prensa.

Xornadas sobre o Anteproxecto de lei de expropiación forzosa

1. Obxectivos

Preténdese dar a coñece-las innovacións que incorpora este anteproxecto ó procedemento expropiatorio e analiza-las necesidades de reforma da vixente Lei de expropiación forzosa, ó fío dos novos contidos normativos propostos.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.
- 3.3. Datas: 9 e 10 de decembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 200.

4. Contido

- A xustificación do Anteproxecto de lei. Análise do contexto normativo.
- Innovacións no procedemento expropiatorio.
- Réxime das novas xuntas de valoración de expropiacións.
- Réxime do pagamento do prezo xusto: momento, modalidades e réxime fiscal.
- Normas de valoración do prezo xusto. En especial, problemática da valoración da expropiación de sistemas xerais.

- Modalidades de procedementos especiais de expropiación.

5. Convocatoria

DOG n.º 232, do 28-11-2003.



Xornadas sobre deseño industrial

1. Obxectivos

Analizar en profundidade a nova Lei 20/2003 do 7 de xullo, sobre protección xurídica do deseño industrial, que regula unha materia de extraordinaria actualidade e interese tanto a nivel nacional como para Galicia. A lei rexe a complexa figura do «deseño», que é a aparencia externa dos produtos industriais ou de artesanía. Estamos ante unha lei que abre un camiño áxil e efectivo para protexer xuridicamente as creacións que se materializan na forma exterior dos produtos dos máis variados sectores, como a moda e os seus complementos (bolsos, zapatos, cintos, lentes, etc.), o moble, os xoguetes, os automóviles, os electrodomésticos, a informática, o enxoval do fogar (cubertos, vaixelas, mantelerías) e outros. Para Galicia a lei é moi importante, porque é unha das comunidades autónomas con notable presenza no mundo do deseño, en sectores coma os xa indicados da moda, os constructores de automóviles, vivamente interesados polos deseños das carrocerías. Tamén a artesanía galega é relevante, polo que parece conveniente difundir no eido da nosa Comunidade Autónoma a nova protección que brinda a Lei 20/2003.



2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos da EGAP.
- 3.3. Datas: 11 e 12 de decembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

- Concepto legal de deseño e requisitos de protección.
- O deseño e a propiedade intelectual.
- O deseño comunitario.
- O deseño e as pezas de reparación dos automóviles.
- Aspectos procesuais da Lei do deseño.
- Propiedade industrial: actuacións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.
- O deseño non rexistrado.

5. Convocatoria

DOG n.º 225, do 19-11-2003.

Xornadas sobre aspectos xurídico-económicos e fiscais das fundacións

1. Obxectivos

O sector das entidades que operan sen ánimo de lucro –as que os anglosaxóns coñecen como «non profit organisations»– alcanza unha crecente presenza na vida social e suscita cada vez maior interese entre operadores sociais e económicos, funcionarios, universitarios, profesionais e público en xeral.

As presentes xornadas tratan de dar unha visión, ó mesmo tempo técnica e práctica, dos aspectos patrimoniais e fiscais que se refiren ás fundacións, á vista da recente regulamentación destas persoas xurídicas na súa lei estatal propia e na lexislación sobre mecenado.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: salón de actos da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Datás: 18 e 19 de decembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 230.

4. Contido

- As fundacións de interese galego.
- A dotación da fundación.
- O réxime do patrimonio fundacional.
- O exercicio de actividades económicas pola fundación.
- O control do protectorado sobre o patrimonio e sobre as actividades económicas da fundación.
- O réxime fiscal das fundacións.
- O réxime fiscal do mecenado a favor de fundacións.

5. Convocatoria

DOG n.º 234, do 02-12-2003.

Acto de apertura das Xornadas sobre os aspectos xurídico-económicos e fiscais das fundacións (A Coruña, 18 de decembro de 2003).

De esquerda a dereita: José Antonio Sangil Noya, delegado provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Coruña; e o director da EGAP.



3. Cursos

Curso superior de xestión e disciplina urbanística

[en colaboración coa *Revista de Derecho Urbanístico*]

Acto de inauguración do Curso superior de xestión e disciplina urbanística (Salón de actos da EGAP, 11 de febreiro de 2003)

De esquerda a dereita: Martín Fernández Prado, director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; o director da EGAP; e Francisco J. Alegría Martínez de Pinillos, director do curso e da Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente.

1. Obxectivos

Afondar no coñecemento, tanto teórico como práctico, de dúas pezas claves do urbanismo: a xestión, instrumento esencial para a súa materialización e, podería dicirse, para a súa propia existencia, e a disciplina urbanística, medio non menos relevante e inexcusable para asegurar un urbanismo eficaz e ordenado.



2. Destinatarios

Funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B, que sexa licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, ou diplomado, arquitecto ou enxeñeiro técnico, pertencentes á Xunta de Galicia ou á Administración local galega, así como o persoal laboral dunha ou doutra administración, dos grupos I e II, que teñan calquera dos títulos anteriormente citados.

Sempre que existan prazas dispoñibles, tamén poderán optar á obtención do certificado de aproveitamento, profesionais liberais que dispoñan do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, ou o de diplomado, ou ben o de arquitecto ou enxeñeiro técnico.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 140 h.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datas: do 11 de febreiro ó 24 de xuño.
- 3.4. Horarios: de 16.00 a 20.00 h, martes e xoves.
- 3.5. Prazas: 146.

4. Contido

I Parte: xestión (92 h lectivas).

II Parte: disciplina (48 h lectivas).

5. Convocatoria

DOG n.º 2, do 03-01-2003.

Curso de verán sobre o panorama actual da xestión urbanística na Europa Occidental

1. Obxectivos

Ilustra-los participantes sobre os aspectos máis sobresaíntes do tratamento da xestión urbanística en diversos países do continente europeo; peza clave, a citada, e instrumento esencial para a materialización do urbanismo en calquera ordenamento. Preténdese, en suma, agrupar nun único foro as experiencias e coñecementos sobre esta materia dos representantes dos países invitados e comparalos coa situación española neste mesmo terreo.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: auditorio da Casa da Cultura de Sada (A Coruña).
- 3.3. Datas: 21 de xullo de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 300.

4. Contido

- O caso francés.
- O caso alemán.
- O caso portugués.
- O caso español.

5. Convocatoria

DOG n.º 134, do 11-07-2003.

Curso selectivo de ingreso na función pública galega do persoal de xestión da Administración da Xunta de Galicia, escala técnica de inspección turística

1. Obxectivos

- O afondamento dos alumnos nos coñecementos adquiridos na fase preparatoria e na aplicación desta bagaxe á realidade do traballo administrativo cotián.
- O desenvolvemento das aptitudes dos participantes.
- Adecuar e propiciar a conducta e o comportamento dos alumnos ó espírito de cambio e modernización administrativa.

2. Destinatarios

Aspirantes aprobados na fase de oposición das probas selectivas para o ingreso na función pública galega do persoal do corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, escala técnica de inspección turística, convocadas por Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia do día 18 de decembro de 2001 (DOG n.º 250, do 28 dos citados mes e ano).

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 63 h lectivas.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datas: do 15 de setembro ó 9 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 16.

4. Contido

- Procedemento administrativo e recursos humanos.
- Dereito turístico de Galicia.
- Outras cuestións que inciden na actividade inspectora.

5. Convocatoria

DOG n.º 129, do día 04-07-2003.

II Curso selectivo de ingreso na función pública galega do persoal do grupo A

1. Obxectivos

Acadar que os alumnos deste grupo, aprobados na fase de oposición, adquiran os coñecementos teórico-prácticos necesarios que os habiliten para o mellor desenvolvemento das súas tarefas como funcionarios de carreira.

2. Destinatarios

Aspirantes que, segundo a resolución do 29 de xullo de 2003, do tribunal designado para xulga-lo proceso selectivo para o acceso ó corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), superaron a fase de oposición do devandito proceso selectivo, así como aqueles que se atopen no suposto establecido no artigo 16.1.3 do Regulamento de selección do persoal de administración da Comunidade Autónoma galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 160 h lectivas.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datás: do 29 de setembro ó 24 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 11.

4. Contido

Parte común:

- Dirección e xestión de recursos humanos.
- Procedemento administrativo.
- Contratación administrativa.
- A Unión Europea.
- Iniciación á informática: o procesador de textos.
- Xestión orzamentaria.
- A linguaxe administrativa.
- Organización e métodos.

Parte especial (opción xurídica):

- Dereito autonómico.
- Dereito administrativo e laboral.

Parte especial (opción económica):

- Teoría, política económica e facenda.

5. Convocatoria

DOG n.º 180, do día 17-09-2003.

4. Publicacións non periódicas

4.1. Colección «monografías»

N.º 25

Acceso y movilidad de los funcionarios

Autor: Juan José Fernández Domínguez.


Páxinas: 640.

Formato: 17 x 24 cm.

Tiraxe: 500.

Acto de presentación do libro Acceso y movilidad de los funcionarios (Sala de Xuntas da EGAP, 2 de outubro de 2003)

De esquerda a dereita: Juan José Fernández Domínguez, autor da publicación e catedrático de dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de León; e o director da EGAP.



Resumo do índice:

Concepto de funcionario público.

La «laboralización» de los funcionarios en un contexto general de «huida» o «desactualización» del Derecho administrativo.

El impacto del Derecho del trabajo en la relación individual de servicio público. Algunas premisas de obligada referencia sobre el Estatuto del Funcionario a partir de su fraccionamiento.

El acceso a la Función Pública.

La inamovilidad relativa: el derecho al cargo en su vertiente dinámica. Garantías y límites a la inamovilidad funcional y geográfica.

La inamovilidad «relacional».

Un último bastión cada vez menos diferencial.



4.2. Colección «Xornadas e seminarios»

N.º 27

Aspectos jurídico-económicos de las fundaciones

Autor: Varios.

Páxinas: 360.

Formato: 17 x 24 cm.

Tiraxe: 300.

Resumo do índice:

CONFERENCIAS:

- La normativa gallega sobre fundaciones.
- La dotación de la fundación.
- El régimen del patrimonio fundacional.
- El ejercicio de actividades económicas por parte de las fundaciones
- El protectorado de las fundaciones: especial referencia a las actividades de control económico y fomento.
- A propósito de la reversión del patrimonio fundacional a la familia del fundador.
- Mecenazgo y régimen fiscal de las fundaciones.
- Las fundaciones de origen bancario dentro del sistema de las personas jurídicas.
- La dotación de la fundación en el derecho italiano.
- Algunas consideraciones sobre el régimen legal de las fundaciones en el derecho argentino.

COMUNICACIÓN:

- Neoliberalismo brasileiro: de las fundaciones privadas a las organizaciones sociales.
- Las fundaciones. Neutralidad de sus fines.
- Dotación, inversión, reinversión y reversión en las fundaciones catalanas.
- El régimen de las fundaciones de iniciativa social en Cataluña: una perspectiva entre la Ley 5/2001, de fundaciones, y la legislación sobre asistencia y servicios sociales.
- Algunas reflexiones sobre la constitucionalidad de la normativa vigente en materia de fundaciones bancarias.
- Breves consideraciones acerca de la posibilidad del embargo de los bienes de las fundaciones por la Hacienda Pública.
- El mecenazgo: la actividad no lucrativa de los agentes privados del mercado.
- La constitución mortis causa de una fundación.
- Hacia una nueva configuración del sector público: las fundaciones.



N.º 28

Derecho agrario autonómico

Autor: Varios.

Páxinas: 889.

Formato: 17 x 24 cm.

Tiraxe: 500.

*Resumo do índice:*CONFERENCIAS (*entre outras*):

- El Derecho agrario autonómico en el contexto del Libro Blanco de la Agricultura y del Desarrollo Rural.
- El Derecho agrario autonómico balear.
- Panorama normativo del Derecho agrario catalán (El régimen jurídico de la actividad agraria en Cataluña).
- Derecho agrario autonómico gallego.
- El Derecho consuetudinario valenciano.
- El Derecho agrario autonómico valenciano.

COMUNICACIÓN (*entre outras*):

- La legislación de espacios naturales protegidos de la Comunidad Autónoma valenciana y su repercusión en el desarrollo de las actividades agrarias.
- La regulación de la utilización de aguas para riego en la Comunidad Valenciana.

Actividades



**Actividades do Servizo de Formación
do Persoal da Administración
Autonómica**

Cursos



XXXV e XXXVI Curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia

1. Obxectivos

A capacitación dos funcionarios da Xunta que aspiren a postos para os que se esixa o diploma de directivo, para desenvolver as súas aptitudes directivas ou modificar as actitudes para optimizar a eficacia e eficiencia da súa xestión e das unidades administrativas baixo a súa dependencia.

2. Destinatarios

Dous tercios do total das prazas convocadas quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

As prazas do tercio restante poderá optalo seguinte persoal: o restante persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, o persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, o persoal docente ó servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, o persoal funcionario de calquera outra das restantes administracións públicas existentes en Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP. Santiago de Compostela; XXXV: do 21 de abril ó 26 de xuño; XXXVI: do 22 de abril ó 27 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 18.30 h.
- 3.4. Prazas: 30 por curso.

4. Contido básico

A función directiva na Administración pública. Mando e liderato. A xestión de recursos humanos. Políticas de igualdade. Direccións de reunións. Dirección por obxectivos e control de xestión. Deseño organizativo. Mercadotecnia pública. Calidade de servizo. Xestión do cambio.

5. Convocatoria

DOG n.º 236, do 9-12-2002.

Perfeccionamento de xefes de sección (6 edicións)

1. Obxectivos

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios da Xunta de Galicia que estean ocupando postos de xefes de sección na Administración autonómica, co fin de optimiza-las súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

2. Destinatarios

Van dirixidos a funcionarios de carreira da Xunta de Galicia dos grupos A, B e C, que estean ocupando actualmente xefaturas de sección.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 120 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; do 4 de febreiro ó 9 de maio de 2003.
- 3.3. Horarios: con carácter xeral, xoves e venres, en horario de mañá e tarde, agás a segunda edición de Santiago de Compostela (martes e mércores).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Funcións e roles dos mandos intermedios e dirección de reunións. Políticas de igualdade. Xestión de persoal. Procedemento administrativo. Xestión orzamentaria. Aplicacións da informática na Administración pública. A contratación administrativa.

5. Convocatoria

DOG n.º 240, do 13-12-2002.

Perfeccionamento de xefes de negociado (7 edicións)

1. Obxectivos

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios da Xunta que estean ocupando xefaturas de negociado na Administración autonómica, co fin de optimiza-las súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

2. Destinatarios

Van dirixidos a funcionarios de carreira da Xunta de Galicia dos grupos B, C e D que estean ocupando actualmente xefaturas de negociado.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 80 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo; do 4 de febreiro ó 2 de abril de 2003.
- 3.3. Horarios: con carácter xeral, xoves e venres, en horario de mañá e tarde, agás a segunda edición de Santiago de Compostela (martes e mércores).
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido básico

Linguaxe administrativa galega. Obxectivos e liñas estratéxicas da Xunta de Galicia. Funcións e roles dos mandos intermedios. Políticas de igualdade. Procedemento administrativo. Aplicacións da informática na Administración pública.

5. Convocatoria

DOG n.º 240, do 13-12-2002.

Procedemento de outorgamento de licencias e concesións administrativas (Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Estudio teórico e práctico do outorgamento de licencias e concesións, referencia a algúns dos procedementos nos que se desenvolve esta materia. Farase especial referencia ás licencias de concesións de dominio público e á normativa autonómica en materia de patrimonio.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que desempeñen tarefas relacionadas coas materias que constitúen o contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 1, 2, 3, 7, 8, 9 e 10 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Réxime xurídico aplicable ás licencias. Autorizacións e permisos. As súas diferencias. Denegación, caducidade e revogación das licencias, autorizacións e permisos. As concesións: as súas clases e natureza xurídica. A doutrina das concesións administrativas e as súas relacións coa do contrato administrativo. Réxime xurídico da concesión de servizos públicos. A concesión do dominio público. A modificación, novación e transmisión das concesións. A súa extinción.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Réxime xurídico das axudas (2 edicións) (Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Unificar criterios e perfeccionar os métodos legais de actuación de acordo co establecido nas distintas normas de axudas.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia con responsabilidade na tramitación e xestión de axudas e subvencións, que se atopen destinados en unidades dedicadas a esta tarefa.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 1, 2, 3, 7, 8, 9 e 10 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

O procedemento das subvencións. A súa concesión. O pagamento das axudas. O control das subvencións. As subvencións no orzamento público.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Procedemento administrativo, intimidade e informática

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Estudia-los problemas que se presentan no actuar da Administración pública en relación coas materias que están cubertas pola garantía constitucional da intimidade persoal e familiar, tanto no aspecto teórico como no práctico, examinando a normativa de acceso a arquivos e rexistros no tocante a este dereito constitucional, as cuestións que se presentan polo uso da informática na Administración pública e o réxime legal de protección de datos de carácter persoal.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que desenvolvan tarefas relacionadas coas materias que constitúen o contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 21, 22, 23, 24, 28, 29 e 30 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Introducción. Administración pública e intimidade persoal e familiar dos cidadáns. Dereitos constitucionais en presenza e a súa regulamentación legal. Procedemento administrativo e intimidade. Dereito de acceso a arquivos e rexistros. Problemática nos distintos sectores da actividade administrativa. Casos prácticos. Administración pública e informática. A seguridade nas comunicacións electrónicas. O documento electrónico, a firma electrónica e as relacións coa Administración pública por medios electrónicos e informáticos. A protección de datos de carácter persoal: regulamentación legal. Principios da protección de datos e dereitos das persoas. Ficheiros de titularidade pública e privada. A Axencia de Protección de Datos. Infraccións e sancións.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

O deber de actuar e o control da inactividade da Administración

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Estudia-lo deber xurídico de actuar da Administración, analizando as súas dificultades e obstáculos, tanto no eido teórico como no práctico, ó examínárense os supostos de inactividade consagrados nas normas, como o caso do silencio administrativo e a perención, e intentando repara-las consecuencias da inactividade administrativa no seu sentido amplo, ó valoralas súas consecuencias e a responsabilidade patrimonial da Administración nestes casos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 15, 16, 17, 18, 22, 23 e 24 de setembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

O deber de actuar. Inactividade regulamentaria e execución das leis. O deber de incoacción e a discrecionalidade nos procedementos iniciados de oficio. O silencio da Administración en materia sancionadora. A inactividade na instrución dos procedementos administrativos. O deber de resolver. A perención administrativa. O silencio administrativo. A inexecución dos actos administrativos. A inactividade dos concesionarios. Inactividade administrativa e responsabilidade patrimonial.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A execución, modificación e extinción dos contratos administrativos

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Profundar no estudo dos preceptos legais e das novidades regulamentarias na materia de execución, modificación e extinción dos contratos administrativos. En particular, estudaranse os dereitos e obrigas do contratista, as consecuencias do incumprimento da Administración, a transmisión dos dereitos de cobro, o principio de risco e ventura nos contratos administrativos, así como as normas legais sobre cumprimento dos distintos contratos, e a súa modificación e prórroga.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 19, 20, 21, 22, 25, 27 e 28 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Introducción. Execución dos contratos administrativos. Efectos dos contratos. Dereitos e obrigas do contratista. Demora na execución e prórroga dos contratos. Incumprimento da Administración. Transmisión dos dereitos de cobro. Producción de danos e perdas a terceiros. Cesión do contrato e subcontratación. O principio de risco e ventura. Forza maior. A execución do contrato de obras: a comprobación do trazado. Regulación regulamentaria. Modificación do contrato de obras. Modificacións non autorizadas. Complementarios. Cumprimento do contrato de obras. Recepción e prazo de garantía. Ocupación efectiva das obras e recepcións tácitas. Resolución dos contratos de obras. Execución, modificación e extinción do contrato de xestión de servizos públicos, contrato de abastecemento e contratos de consultoría e asistencia dos servizos públicos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

O novo regulamento da Lei de contratos das administracións públicas e o expediente de contratación.

Os pregos de cláusulas

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Analiza-lo novo regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, estudando a súa incidencia práctica nas actuacións procedementais preparatorias dos contratos e nos expedientes de contratación.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II, con destino na Administración da Xunta de Galicia, que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coa materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 1, 2, 3, 4, 8, 9 e 10 de setembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

O novo regulamento da Lei de contratos das administracións públicas. Órganos de contratación. Determinación do obxecto dos contratos: pluralidade do obxecto e prestacións condicionadas. Variantes e melloras. Capacidade e solvencia das empresas. Determinación dos criterios de selección das empresas nos pregos. Unións temporais de empresarios. Actuacións relativas á contratación: pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Práctica administrativa en modelos-tipo de prego de cláusulas administrativas particulares. Formalización dos contratos. Contratos menores. Anteproxectos, proxectos e expedientes de contratación no contrato de obras. Proxectos de explotación no contrato de xestión de servizos públicos. Disposicións relativas a contratos de abastecemento, consultoría e asistencia e servizos. A actuación da mesa de contratación no novo regulamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Técnicas de redacción de informes, propostas e resolucións (7 edicións) (Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Domina-las técnicas de redacción dos documentos administrativos complexos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións) e Vigo: 14, 15, 16, 21, 22, 23 e 24 de abril. A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra: 28, 29 e 30 de abril; 5, 6, 7 e 8 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

A linguaxe administrativa como linguaxe de especialidade. Criterios xerais de estilo na redacción administrativa. Os informes. As resolucións. Os recursos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A normativa laboral. O convenio colectivo único para o persoal da Xunta de Galicia. A negociación colectiva (Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Profundar no coñecemento da normativa laboral vixente, con especial atención á normativa autonómica.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que desempeñen postos de traballo nos que leven a cabo funcións relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 15, 16, 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

A normativa laboral. Políticas de igualdade. As modificacións producidas na contratación laboral. O réxime da Seguridade Social e o cálculo das pensións. As empresas de traballo temporal e a súa relación coa -Administración pública. O convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O Servicio Galego de Colocación. A negociación colectiva.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Fundamentos de dereito comunitario para a praxe administrativa

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Prove-lo persoal administrativo que deba consultar e aplicar normas comunitarias de dereito privado e actos atípicos (comunicacións da Comisión, entre outros) dos coñecementos precisos para a correcta defensa das competencias e intereses da Comunidade Autónoma de Galicia. Colaborar á formación de especialistas sectoriais naquelas consellerías e organismos directamente afectados polas normas de execución das distintas políticas comúns existentes a nivel europeo.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 29 e 30 de abril; 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14 e 15 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Sistema de fontes. Defensa da competencia material autonómica na formación do dereito comunitario. Desenvolvemento e execución do dereito comunitario polas comunidades autónomas. Exame da práctica comparada en estados de estrutura complexa. Supervisión pola Comisión Europea. Análise do procedemento de infracción comunitario.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestión de procedementos administrativos afectados por disposicións comunitarias

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Familiariza-lo persoal autonómico coas disposicións de dereito derivado europeo que priman sobre as normas do Ordenamento español nos procedementos administrativos máis comúns. Interpretar e integrar correctamente as disposicións substantivas comunitarias. Resolve-los conflitos que poida xera-la aplicabilidade directa pola Administración autonómica.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 3, 4, 5, 6, 10, 11, 12, 13, 17 e 18 de novembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Introducción: marco de relacións entre os diversos ordenamentos. Procedemento administrativo común e dereito comunitario. Xestión da actividade administrativa de fomento nun contorno comunitario. Elaboración de disposicións administrativas e controis da Comisión Europea. As directivas de contratación administrativas como normas de integración.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xeral de xestión orzamentaria

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar coñecementos específicos en materia de xestión orzamentaria.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III con destino na Administración da Xunta de Galicia, interesados na materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21 e 22 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Introducción ós orzamentos da Comunidade Autónoma galega. A execución dos diferentes capítulos orzamentarios. Modificacións orzamentarias. Liquidación e peche do orzamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A xestión dos tributos da Comunidade Autónoma galega

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

O estudo, dende un punto de vista eminentemente práctico, dos problemas específicos que presenta a aplicación do conxunto dos tributos da Comunidade Autónoma galega, tanto os xestionados directamente pola propia comunidade, como os xestionados por delegación ou colaboración con outras entidades públicas para profundar na cuestión do financiamento autonómico desde a perspectiva do dereito procedemental.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 29 e 30 de setembro; 1, 2, 6, 7, 8, 9, 13 e 14 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Os tributos da Comunidade Autónoma galega. Tributos propios. Impostos e taxas. Impostos cedidos. Réxime xeral. Cesión parcial do IRPF. Imposto sobre o patrimonio. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Imposto sobre sucesións e doazóns. Xestión de tributos sobre o xogo.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xeral de contabilidade pública

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos en materia de contabilidade pública.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 19 e 20 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Plan xeral de contabilidade pública. Orzamento de gastos. Orzamento de ingresos. Endebemento. Transferencias e subvencións. Inmobilizado non financeiro. Tesourería. Contas anuais.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestión de persoal

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos en materia de xestión do persoal das administracións públicas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III destinados en unidades de recursos humanos da Administración da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 19, 20, 21, 22, 26, 27 e 28 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Introducción ó tema. O persoal ó servizo das administracións públicas. Réxime xurídico e características de xestión dos diferentes tipos de persoal.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestión de operacións de pagamento

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporciona-los coñecementos teóricos e prácticos que permitan mellora-los procedementos de xestión de operacións de pagamento.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, relacionados coa materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 28, 29 e 30 de abril; 5, 6, 7 e 8 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

O orzamento e a xestión orzamentaria. Operacións especiais de pagamento: pagamentos en firme. Pagamentos que hai que xustificar. Fondo de manobra/Anticipos de caixa fixa. Organización e funcionamento das caixas pagadoras. A habilitación. Xestión de pagamentos de bens e servicios. Xestión de pagamentos de retribucións de persoal.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Formación de formadores

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Introducir, actualizar e mellora-las habilidades didácticas das persoas que se dedican á dispensación de accións formativas.

2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia que dispensara cursos ou actividades formativas da EGAP.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 27, 28, 29 e 30 de outubro; 3, 4 e 5 de novembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20,30 h.
- 3.4. Prazas: 10.

4. Contido básico

A aprendizaxe adulta. O grupo como destinatario da acción formativa. Métodos e sistemas de aprendizaxe.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestión informática das unidades administrativas

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos para a xestión informática das unidades administrativas, con especial atención ás posibilidades que ofrece Internet.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas co contido do curso, preferentemente responsables de unidades administrativas con nivel de subdirección xeral ou xefatura de servizo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 27 e 28 de maio; 2, 3, 4, 5, 9 e 10 de xuño.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Coñecementos básicos: manexo da información. Partes fundamentais dun ordenador persoal. Sistema operativo: concepto. Manexos básicos iniciais. Conceptos de arquivos, cartafol e directorio. Organización das unidades de almacenamento. Traballo cun programa e intercambio de información entre distintos programas. Procesador de textos e demais programas de uso habitual nas unidades administrativas. Internet: conceptos básicos. World Wide Web.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Procedemento administrativo na modalidade de teleformación (5 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Perfeccionar e actualiza-los coñecementos sobre a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Destinatarios

Destinatarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia, con coñecemento de acceso a Internet.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 24 h (20 de autoestudio con titorías telemáticas e 4 h presenciais).

A realización do autoestudio complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática, para que os alumnos poidan formularlle ó profesor tódalas dúbidas relacionadas coa materia do curso.

Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 h, a primeira ó comezo do curso co fin de explica-lo seguimento e a estrutura deste, e a segunda ó remate para a realización da proba de avaliación para poder obte-lo diploma.

3.2. Datas: do 15 de outubro ó 4 de decembro.

3.3. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Principios xerais e ámbito de aplicación da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Procedemento administrativo: concepto e fins do procedemento. Características e fases do procedemento administrativo. Principais trazos do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. O procedemento sancionador. Procedementos de reclamacións previas ó exercicio das accións civís e laborais. Procedementos especiais á marxe da Lei 30/1992.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

O expediente administrativo e os documentos administrativos

(7 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Indica-los aspectos teórico e prácticos involucrados na tramitación dos expedientes administrativos, así como estudia-lo documento administrativo desde o punto de vista xurídico e as principais formas documentais, todo iso relacionado cos dereitos dos cidadáns en relación cos expedientes administrativos e abordando a problemática xurídica dos rexistros, certificacións e compulsas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia, que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas co contido do curso

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, os días 13, 14, 15, 16, 21 e 22 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Custodia, formación e ordenación do expediente. Clases de documentos, formalidades documentais. Dereitos dos cidadáns en relación cos expedientes administrativos. Rexistros, certificacións e compulsas. Acceso ó expediente administrativo e ós arquivos e rexistros.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xeral de contratación administrativa

(2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Profundar nos coñecementos xerais na materia e capacita-los participantes no manexo do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas cos obxectivos do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP (2 edicións), os días, 9, 10, 11, 12, 16, 17 e 18 de xuño.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido básico

Principios xerais. Actuacións previas. O contrato de obras. O contrato de xestión de servizos públicos. Outros tipos de contratos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Introducción á Unión Europea (6 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Ofertarlles unha aproximación inicial ós funcionarios que aplican políticas, programas e iniciativas comunitarias mediante a tramitación dos seus correspondentes procedementos administrativos. Familiarización co vocabulario e conceptos básicos do acervo comunitario para a súa posterior explicación ós administrados. Coñecemento da armazón institucional europea e o seu funcionamento. Aprendizaxe do manexo de ferramentas, bases de datos e recursos que faciliten a busca de información comunitaria complementaria.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV, con destino na administración da Xunta de Galicia, que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas cos obxectivos do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 19, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 29 de maio; Santiago de Compostela: 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11 e 12 de xuño; Lugo: 16, 17, 18, 19, 23, 24, 25 e 26 de xuño, Ourense: 1, 2, 3, 4, 8, 9, 10 e 11 de setembro; Pontevedra: 29 e 30 de setembro, 1, 2, 6, 7, 8 e 9 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Historia da construción europea e institucións. Sistema xurídico: dereito orixinario e derivado. Liberdades e dereitos individuais. Políticas comúns do sector primario. Políticas económicas. Defensa do medio natural e protección do consumidor. Incidencia do dereito comunitario en institucións de dereito administrativo. Fontes de información europea.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Básico de arquivo (7 edicións)**(Plan de Formación Continua)****1. Obxectivos**

A iniciación ó tratamento documental e ás técnicas de arquivo na Administración pública.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia, pertencente ós grupos funcionariais C, D e E e laborais III, IV e V, que no desempeño do seu posto de traballo leven a cabo tarefas de arquivo de documentación administrativa.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, os días 14, 15, 16, 21, 22, 23 e 24 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido básico

Información e documentación. O proceso documental. Os documentos das administracións públicas. As técnicas de arquivo.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Información e atención ó cidadán**(6 edicións)****(Plan de Formación Continua)****1. Obxectivos**

Comprensión dos modos de conducta e das diferentes situacións que se poden presentar no desenvolvemento dun posto de traballo de atención ó público.

2. Destinatarios

Persoal pertencente ós grupos funcionariais C, D e E e laborais III, IV e V da Xunta de Galicia, que ocupen postos de traballo que comporten tarefas de atención ó público e información ó cidadán.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense: 2, 3, 4, 12, 13, 16 e 17 de xuño; Pontevedra: 5, 6, 9, 10, 11, 17 e 18 de xuño; Vigo: 18, 19, 20, 23, 24, 25 e 26 de xuño; A Coruña: 8, 9, 10, 18, 19, 22 e 23 de setembro; Santiago de Compostela: 24, 25, 26, 29 e 30 de setembro; 1 e 2 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20,30 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido básico

A relación interpersoal. Elementos básicos da comunicación. Técnicas de información ó público. Resolución de situacións. A información e atención ó público na Xunta de Galicia.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Iniciación á informática. O procesador de textos, na modalidade de teleformación

(5 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos de informática, con especial atención ás posibilidades que ofrecen os tratamentos de textos na realización das tarefas administrativas.

2. Destinatarios

O persoal de Administración da Xunta de Galicia, con recoñecemento do acceso á Internet.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 30 h (26 de autoestudio con titorías telemáticas e 4 h presenciais).

A realización do autoestudio complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos poidan formularlle ó profesor tódalas dúbidas relacionadas coa materia do curso.

Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 h, a primeira, ó comezo do curso co fin de explica-lo seguimento e a estrutura deste e, a segunda, ó remate para a realización da proba de avaliación necesaria para poder obte-lo diploma.

3.2. Datras: do 17 de outubro ó 4 de decembro.

3.3. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Coñecementos básicos. Sistema operativo. Procesador de textos: introducción e garda de texto. Labores de edición. Labores de automatización.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

As redes informáticas: a rede Internet

(10 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Divulga-las posibilidades e vantaxes do funcionamento a través das redes informáticas.

2. Destinatarios

Funcionarios con coñecementos informáticos. Responsables de decisión da conexión coa rede Internet. Usuarios das redes informáticas, en especial da rede Internet.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 16 h.

3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña (2 edicións), Ferrol, Lugo, Ourense (2 edicións), Pontevedra e Vigo, os días 11, 12, 16, 17, 18, 19, 23 e 24 de xuño.

3.3. Horarios: das 17 ás 19 h (1ª edición); das 19 a 21 h (2ª edición).

3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

O acceso a Internet. As conexións. As redes. As páxinas web e as canles de información. As canles de diálogo. Os foros de discusión (news).

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Iniciación á informática. O procesador de textos (13 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos de informática, con especial atención ás posibilidades que ofrece o tratamento de textos na realización das tarefas administrativas.

2. Destinatarios

O persoal de Administración da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (4 edicións), A Coruña (2 edicións), Ferrol, Lugo (2 edicións), Ourense (2 edicións), Pontevedra e Vigo, os días 1, 2, 3, 7, 8, 9, 10, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 24 e 28 de abril. A 3ª e 4ª edicións de Santiago de Compostela serán os días 29 e 30 de abril; 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22 e 26 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 19 h (1ª e 3ª edicións); das 19 ás 21 h (2ª e 4ª edicións).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Coñecementos básicos. Sistema operativo. Procesador de textos: introducción e garda de texto. Labores de edición. Labores de automatización.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestor de bases de datos relacionais (13 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introductorios no manexo do xestor de bases de datos relacionais.

2. Destinatarios

Persoal de administración da Xunta de Galicia que no seu posto de traballo utilice bases de datos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (4 edicións), A Coruña (2 edicións), Ferrol, Lugo (2 edicións), Ourense (2 edicións), Pontevedra e Vigo, os días 16, 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de outubro, 3, 4 e 5 de novembro. A 3ª e 4ª edicións de Santiago de Compostela serán os días 6, 10, 11, 12, 13, 17, 18, 19, 20, 24, 25 e 26 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 19 h (1ª e 3ª edicións); das 19 ás 21 h (2ª e 4ª edicións).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Conceptos básicos. Xestión de tablas. Consultas. Formularios. Informes.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Folla de cálculo (13 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introductorios no manexo da folla de cálculo.

2. Destinatarios

Persoal de administración da Xunta de Galicia que no seu posto de traballo utilice folla de cálculo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (4 edicións), A Coruña (2 edicións), Ferrol, Lugo (2 edicións), Ourense (2 edicións), Pontevedra e Vigo, os días 11, 15, 16, 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 29 de setembro. A 3ª e 4ª edicións de Santiago de Compostela serán os días 1, 2, 6, 7, 8, 9, 13, 14 e 15 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 19 h (1ª e 3ª edicións); das 19 ás 21 h (2ª e 4ª edicións).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Introducción e modificación de valores. Utilización e deseño de fórmulas. Funcións. Gráficos. Xestión de datos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Informática básica para usuarios do sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia (14 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Mellora-los coñecementos dos usuarios do SXPA sobre conceptos básicos en materia informática e sobre algunha das ferramentas utilizadas pola Xunta de Galicia como parte da plataforma tecnolóxica na que se basea o SXPA.

2. Destinatarios

Usuarios finais do sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela. O número de edicións é de 14 (4 edicións para os usuarios de Santiago de Compostela, 3 edicións para A Coruña, 2 edicións para Lugo, Ourense e Pontevedra e 1 edición para Vigo).

As datas serán as seguintes en función do lugar de realización:

- Santiago de Compostela: do 8 ó 12 de setembro (1ª edición), do 15 ó 19 de setembro (2ª edición), do 22 ó 26 de setembro (3ª edición), 29 de setembro ó 3 de outubro (4ª edición).
- Coruña: do 8 ó 12 de setembro (1ª edición), do 15 ó 19 de setembro (2ª edición, do 22 ó 26 de setembro (3ª edición).
- Lugo, Ourense e Pontevedra: do 8 ó 12 de setembro (1ª edición), do 15 ó 19 de setembro (2ª edición).
- Vigo: do 22 ó 26 de setembro.

- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 10 por edición.

4. Contido básico

Introducción e conceptos básicos sobre sistemas informáticos. O contorno Windows 95/98 e o procesador de textos Word 97.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Correo electrónico corporativo da Xunta de Galicia (Lotus Notes) e páxinas web institucionais (45 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Obter un adecuado coñecemento da ferramenta de correo corporativo da Xunta de Galicia e das páxinas web institucionais.

2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica que sexa usuario do correo corporativo da Xunta de Galicia (Lotus Notes).

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 12 h.

3.2. Lugares e datas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela. O número de edicións é de 45 (9 edicións para os usuarios de Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Ourense, 6 edicións para Pontevedra e 3 para Vigo).

As datas serán as seguintes en función do lugar de realización:

■ Santiago de Compostela e A Coruña: do 20 ó 23 de outubro (1ª edición), do 27 ó 30 de outubro (2ª edición), do 10 ó 13 de novembro (4ª edición) do 17 ó 20 de novembro (6ª edición), do 1 ó 4 de decembro (7ª edición), do 9 ó 12 de decembro (8ª edición), do 15 ó 18 de decembro (9ª edición).

■ Lugo: do 13 ó 16 de outubro (1ª edición), do 27 ó 30 de outubro (2ª edición), do 3 ó 6 de novembro (3ª edición), do 10 ó 13 de novembro (4ª edición), do 17 ó 20 de novembro (5ª edición), do 24 ó 27 de novembro (6ª edición), do 1 ó 4 de decembro (7ª edición), do 15 ó 18 de decembro (9ª edición).

■ Ourense: do 20 ó 23 de outubro (1ª edición), do 27 ó 30 de outubro (2ª edición), do 3 ó 6 de novembro (3ª edición), do 12 ó 17 de novembro (4ª edición), do 18 ó 21 de novembro (5ª edición), do 24 ó 27 de novembro (6ª edición), do 1 ó 4 de decembro (7ª edición), do 9 ó 12 de decembro (8ª edición), do 15 ó 18 de decembro (9ª edición).

■ Pontevedra: do 13 ó 16 de outubro (1ª edición), do 27 ó 30 de outubro (2ª edición), do 3 ó 6 de novembro (3ª edición), do 10 ó 13 de novembro (4ª edición), do 24 ó 27 de novembro (5ª edición), do 9 ó 12 de decembro (6ª edición).

■ Vigo: do 17 ó 20 de novembro (1ª edición), do 1 ó 4 de decembro (2ª edición), do 15 ó 18 de decembro (3ª edición).

3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.

3.4. Prazas: 10 por edición.

4. Contido básico

O correo electrónico (Lotus Notes): a área de traballo (vistas, paneis e carpetas), xestión do correo (envío e recepción de mensaxes), a sinatura electrónica, a axenda, asignación de tarefas, as mensaxes especiais e as bases de datos corporativas. Páxinas web institucionais: www.xunta.es, intranet e www.eidolocal.es.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A seguridade da plataforma SXPA e a lexislación informática relacionada

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Obter coñecementos sobre a seguridade e lexislación informática coa intención de posteriormente formar, concienciar, xestionar e resolver as incidencias dos usuarios da rede corporativa de datos da Xunta que se producen respecto a esta temática.

2. Destinatarios

Persoal laboral do grupo III que desempeñe as funcións de coordinador de Infocentro da Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: aula de Informática da EGAP (2º andar), do 12 ó 15, do 19 ó 22, 26 e 27 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

A seguridade nas redes públicas e privadas de datos. Medidas de seguridade. Identificación e autenticación. Seguridade en Internet: técnicas preventivas e reactivas. Virus: tipos, medios preventivos e reactivos. A seguridade da rede da Xunta de Galicia (plataforma SXPA). Lexislación relacionada cos sistemas de información.

5. Convocatoria

DOG nº 41, do 27-02-2003.

A rede de datos da Xunta de Galicia: a plataforma técnica SXPA

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Perfeccionar e actualizar os coñecementos dos técnicos informáticos que dan soporte técnico e forman ós usuarios da plataforma informática do SXPA (rede de datos: hardware e software).

2. Destinatarios

Persoal laboral do grupo III que desempeñe as funcións de coordinador de Infocentro da Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: aula de Informática da EGAP (2º andar), do 17 ó 20, do 24 ó 27, 31 de marzo e 1 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

A rede corporativa da Xunta: antecedentes, características técnicas (hardware e software de rede), arquitectura, xestión, mantemento e cobertura de plataforma técnica SXPA.

5. Convocatoria

DOG nº 41, do 27-02-2003.

Enxeñería do software. Instalación, configuración e mantemento dos módulos do SXPA

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Perfeccionar e actualiza-los coñecementos dos técnicos informáticos que dan soporte técnico e forman ós usuarios da plataforma informática do SXPA.

2. Destinatarios

Persoal laboral do grupo III que desempeñe as funcións de coordinador de Infocentro da Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: aula de Informática da EGAP (2º andar), do 21 ó 24, do 28 ó 30 de abril e do 5 ó 7 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Aplicacións informáticas de xestión: definición, desenvolvemento, módulos, programación, instalación e configuración. Actualización e mantemento do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA).

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Reforma administrativa da Xunta de Galicia (7 edicións)

(Plan de Formación Continua)

(en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

1. Obxectivos

Profundar no coñecemento do proceso de reforma administrativa implantado na Xunta de Galicia, especialmente nos aspectos vinculados á avaliación do rendemento das unidades administrativas e o sistema de xestión de procedementos administrativos.

2. Destinatarios

Responsables de unidades administrativas da Xunta de Galicia, con nivel de subdirección xeral, xefatura de servizo e xefatura de sección.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 12 ó 15 de maio (1ª edición), do 19 ó 22 de maio (2ª edición); A Coruña: do 12 ó 15 de maio (1ª edición), do 19 ó 22 de maio (2ª edición); Lugo: do 12 ó 15 de maio; Ourense: do 19 ó 22 de maio; Vigo: do 19 ó 22 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 15 por edición.

4. Contido básico

Obxectivos básicos, dirección estratéxica e organización de impulso: o establecemento do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). Servizo de Resposta Inmediata (SERI). A creación do sistema de información administrativa e atención o cidadán. O rexistro de contratistas. Oficina de tramitación única de industrias (OTU). A avaliación do rendemento das unidades administrativas.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Perfeccionamento do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia (6 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Mellorar e actualiza-lo coñecemento técnico-funcional do SXPA por parte dos seus usuarios finais, con especial atención ás novas funcionalidades do sistema.

2. Destinatarios

Usuarios finais do Sistema de Xestión de Procedemento Administrativo (SXPA) da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 6 ó 10 de outubro (1ª edición), do 13 ó 17 de outubro (2ª edición); A Coruña: do 13 ó 17 de outubro; Lugo: do 20 ó 24 de outubro; Ourense: do 13 ó 17 de outubro; Pontevedra: do 20 ó 24 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 10 por edición.

4. Contido básico

Introducción á reforma administrativa levada a cabo na Xunta de Galicia. O Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA): introducción ó sistema e ós seus módulos de rexistro, tramitación, información de seguimento e seguridade. O sistema de xestión de subvencións.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Prevenición de riscos laborais. Plans de emerxencia (10 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Forma-los integrantes dos comités de autoprotección, segundo sinala a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, no seu artigo 20, para implantar os plans de emerxencia nos centros de traballo da Administración da Xunta de Galicia.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia, agás persoal docente e persoal estatutario do Sergas.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 12 h.

3.2. Lugares e datas:

■ Vigo (5 edicións): 15 e 16 de maio (1ª edición), 22 e 23 de maio (2ª edición), 29 e 30 de maio (3ª edición), 5 e 6 de xuño (4ª edición), 12 e 13 de xuño (5ª edición).

■ Lugo (3 edicións): 29 e 30 de maio (1ª edición), 5 e 6 de xuño (2ª edición), 12 e 13 de xuño (3ª edición).

■ Pontevedra: 19 e 20 de xuño.

■ Santiago de Compostela: 26 e 27 de xuño.

■ Ourense: 18 e 19 de setembro.

■ Ferrol: 18 e 19 de setembro.

■ A Coruña (6 edicións): 25 e 26 de setembro (1ª edición), 2 e 3 de outubro (2ª edición), 9 e 10 de outubro (3ª edición), 16 e 17 de outubro (4ª edición), 23 e 24 de outubro (5ª edición), 30 e 31 de outubro (6ª edición).

3.3. Horarios: das 8.30 ás 14.30 h.

3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios. Plans de emerxencia. Primeiros auxilios. Prácticas con lume real: extintores e bies.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A intervención pública na economía europea: fundamentos e instrumentos

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Realizar unha aproximación ó funcionamento da economía europea. Dar a coñece-las ferramentas básicas para a análise do dereito comunitario e dos fallos do libre mercado. Facilita-la comprensión das institucións xurídico-económicas no marco das políticas comúns.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia sen formación económica específica.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 29 e 30 de setembro; 1, 2, 6, 7, 8, 9, 13 e 14 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Introducción ás institucións da UEM: a lóxica económica da UEM. Principios e institucións do libre mercado. Distorsións típicas das competencias: monopolios, oligopolios, acordos colusorio. A defensa da competencia na UE. Fallos do sector público. Teoría da elección pública e análise económica do dereito. Grupos de interese e burocracia. Análise económico-política das institucións da UE. Incidencia económica das normas xurídicas da UE.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Básico de dereito social comunitario

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia,
Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Familiariza-lo persoal autonómico coa normativa comunitaria que prevalece na execución das diversas facetas da política social e que informa a interpretación doutros preceptos a miúdo utilizados na xestión administrativa nese ámbito. Coñece-las últimas correntes da doutrina xurisprudencial na materia. Facilita-la instrucción de procedementos de competencia autonómica que estean condicionados polo acervo comunitario.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22, 23, 27 e 28 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Programas de acción afirmativa a favor de colectivos sociais con carencias ou sobrepresentación. Normativa primaria e derivada anti-discriminación: interpretación xurisdiprudencial. Organización, procedementos administrativos e financeiros e intervención do Fondo Social Europeo. Condicións laborais: seguridade, salarios, duración do traballo e relacións laborais. Desemprego e formento do emprego. Principios de seguridade social comunitaria. Libre circulación de traballadores e liberdade de establecemento. Protección da saúde e dos consumidores. Educación, formación e cultura.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A política da Unión Europea na cooperación ó desenvolvemento

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Conseguir-la formación necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu traballo.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta da Administración autonómica.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6, 7, 8, 9, 13, 14, 15 e 16 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

A Administración galega e os diferentes axentes do exterior. Tipos de relacións e mecanismos legais para a súa instrumentalización. Xestións dos distintos procedementos administrativos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A identificación, deseño e avaliación dos proxectos de cooperación e desenvolvemento. O enfoque no marco lóxico. A cuestión de xénero

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

1. Obxectivos

Conseguir-la formación necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu traballo.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Administración autonómica.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 17, 18, 19, 20, 24, 25, 26 e 27 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

O ciclo de xestión dos proxectos de desenvolvemento. A identificación e deseño. Matriz de planificación. Seguimento e execución: elaboración de informes. Avaliación. A participación dos beneficiarios no proxecto. A viabilidade dos proxectos e o seu desenvolvemento sustentable.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestión de taxas e prezos (3 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

1. Obxectivos

Obter unha xestión eficaz e eficiente das taxas e prezos esixibles no ámbito da Administración da Xunta de Galicia con aplicación de criterios uniformes.

2. Destinatarios

Todo o persoal ó servizo da Administración da Xunta de Galicia que realice tarefas relacionadas coa xestión de taxas e /ou prezos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de outubro; Vigo: 27, 28, 29 e 30 de outubro; 3, 4, 5 e 6 de novembro; Santiago de Compostela: 3, 4, 5, 6, 10, 11, 12 e 13 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Instrumentos regulados na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Fixación dos instrumentos. Taxas e prezos. Réxime xurídico. Conceptos e principios. Procedementos de xestión das taxas e dos prezos: liquidación e ingreso. Procedemento xeral: autoliquidación. Liquidacións de oficio. Recursos e suspensión. Procedemento de recadación. Devolución de ingresos indebidos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Procedemento sancionador tributario

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

1. Obxectivos

Revisa-lo procedemento tributario sancionador á luz da máis recente xurisprudencia.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Economía e Facenda, especialmente funcionarios da escala de finanzas.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 18 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela: do 2 ó 11 de xuño.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Infraccións tributarias: definición, elementos configuradores, elemento subxectivo, clases. Sancións tributarias: definición, clases, criterios de graduación. Procedemento tributario sancionador: inicio, tramitación, resolución, órganos competentes: execución das sancións. Extinción.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Control de axudas públicas

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

1. Obxectivos

Forma-los funcionarios nos sistemas de control de axudas e subvencións públicas, en especial no relativo á súa incidencia á planificación económica e á programación dos fondos comunitarios.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15 e 16 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Normativa legal que afecta ó control das axudas públicas. O ciclo da xestión das subvencións e a súa influencia sobre o control. As axudas procedentes de fondos europeos e o seu control. Metodoloxía aplicable ó control de subvencións. Unha experiencia práctica sobre o control das subvencións. A auditoría: unha técnica aplicable á revisión das subvencións.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Fondos estruturais comunitarios

(2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

1. Obxectivos

Dar a coñece-los mecanismos comunitarios de aplicación de políticas de axuste estrutural, así como os seus instrumentos de xestión, logo da aprobación da nova normativa dos fondos estruturais da Unión Europea para o período 2000-2006, así como afondar na súa incidencia na programación económica da Xunta de Galicia.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 31 de marzo, 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10 e 11 de abril (1ª edición); 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12 e 13 de xuño (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

A normativa comunitaria. A política rexional e os novos regulamentos dos fondos estruturais comunitarios. O Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). O Fondo Social Europeo (FSE). O Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP). O Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA). O Fondo de cohesión. A programación económica da Xunta de Galicia e o financiamento comunitario. A negociación dos fondos estruturais nas institucións comunitarias.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Vialidade invernall

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Territorial,
Obras Públicas e Vivenda]

1. Obxectivos

Actualiza-los coñecementos teórico-prácticos sobre as actividades de vialidade invernall que se desenvolvan na rede de estradas da Xunta de Galicia.

2. Destinatarios

Persoal da Dirección Xeral de Obras Públicas e das delegacións provinciais da CPTOPV, que desenvolve actualmente actividades de vialidade invernall.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 2, 9, 16, 23 e 30 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 19.30 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Actividades de vialidade invernall. Organización de equipos. Utilización da maquinaria.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Problemática específica dos firmes en Galicia

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Territorial,
Obras Públicas e Vivenda]

1. Obxectivos

Analiza-las particularidades que se dan en Galicia na construción de firmes de estradas, en función dos materiais de que se dispón.

2. Destinatarios

Enxeñeiros de camiños, canles e portos e enxeñeiros de obras públicas adscritos á Dirección Xeral de Obras Públicas e ás delegacións provinciais da CPTOPV.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 3, 5, 10, 12, 17 e 19 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Os materiais dispoñibles. Cambios na normativa actual. Novas tecnoloxías aplicadas a firmes. Defectos nas capas de rodamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio]

1. Obxectivos

Analiza-la adaptación desta nova lei á sociedade da información, as competencias das comunidades autónomas e a súa harmonización coa comunidade internacional.

2. Destinatarios

Persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia tendo preferencia os que desenvolven as súas tarefas nas áreas de aplicación da lei.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 4 e 5 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9.30 ás 14 h e das 16 ás 19 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Concepto de marca e novidades da nova lei. Regulamentación do nome comercial, rótulo de establecemento e da competencia desleal, fases do ciclo de vida dunha marca, desde a solicitude no rexistro ata a súa renuncia, nulidade o caducidade. Dereitos e deberes do uso das marcas. Competencias que en materia de propiedade industrial corresponden ás unidades autónomas e ó Estado. O sistema de marca comunitaria: situación actual e perspectivas futuras.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio]

1. Obxectivos

Establece-las implicacións xurídicas que supuxo a entrada en vigor da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, así como obter información práctica sobre os distintos aspectos relacionados coas materias obxecto desta lei.

2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia. Teñen preferencia os que desenvolven as súas tarefas nas áreas de aplicación da Lei.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 15 e 16 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 19.30 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

A nova regularización do comercio electrónico en Internet. Marco xurídico e legal das transaccións de comercio electrónico. A Directiva 2000/31/CE como marco xurídico da Lei de comercio electrónico. Implicacións da contratación electrónica. Obrigas e responsabilidade dos axentes que interveñen. Responsabilidades en caso de incumprimento da lei.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Regulamento electrotécnico de baixa tensión

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio]

1. Obxectivos

Especialización no regulamento electrotécnico para baixa tensión.

2. Destinatarios

Persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia. Teñen preferencia os que desenvolven as súas tarefas na área de aplicación do regulamento electrotécnico para baixa tensión.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 26 e 27 de maio.
- 3.3. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Antecedentes. Desenvolvemento do regulamento electrotécnico de baixa tensión. A súa aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Regulamento sobre mercadorías percedoiras (ATP) e perigosas (ADR)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Especialización no regulamento en materia de transporte de mercadorías perigosas e mercadorías percedoiras.

2. Destinatarios

Persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia. Teñen preferencia os que desenvolvan as súas tarefas na área de aplicación do regulamento sobre transporte de mercadorías perigosas e percedoiras.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 3 e 4 de decembro.
- 3.3. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

ADR 2001. Estructura e modo operativo co seu novo formato de certificado. Código de cisternas, esixencias alternativas «A-A» para a construción de cisternas equivalentes ó ADR, co acordo da autoridade competente. Vehículos ATP. Vehículos de referencia. Ensaos ATP. Documentación. Solicitude. Actuación de organismos de control autorizados. Inspección dos vehículos en xeral.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A seguridade informática nas aplicacións do Sistema Integrado de Xestión (SIX) de fondos FEOGA-Garantía (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Darlles unha formación axeitada ós xestores de fondos FEOGA-Garantía, sobre a seguridade no uso das ferramentas informáticas, de acordo coas esixencias das directrices da Comisión Europea na materia.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica, tanto de servizos centrais como periféricos, que utilicen aplicacións do Sistema Integrado de Xestión de fondos FEOGA-Garantía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 21 e 22 de abril (1ª edición); os días 12 e 13 de maio (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

O Sistema Integrado de Xestión (SIX). Normativa comunitaria sobre seguridade informática. Manuais de procedemento en seguridade informática. Organización dos servizos informáticos. Aplicación práctica.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Actualización da actividade inspectora en materia de nutrición animal (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Actualiza-los coñecementos do persoal encargado da inspección en materia de alimentación animal.

2. Destinatarios

Veterinarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, 19, 20, 21 e 22 de maio. (1ª edición) e os días 6, 7, 8 e 9 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.15 h.
- 3.4. Prazas: 60 por edición.

4. Contido básico

A nutrición animal, desde o punto de vista da tecnoloxía e as inspeccións. Aditivos, materias primas, e controis en fábricas de penso e fábricas de penso medicamentoso.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

O procedemento sancionador e o de concesión de axudas no sector agroindustrial

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Formar e perfecciona-lo persoal no coñecemento da normativa do procedemento sancionador e de concesión de axudas no sector agroindustrial.

2. Destinatarios

Persoal técnico da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 17, 23, 24 e 30 de outubro.
- 3.3. Horarios: os días, 17, 24 e 30 de 9 a 14 h e de 16 a 18.30 h. ; o día 23 de 16 a 18.30 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Normativa aplicable. O procedemento sancionador. O procedemento de concesión de axudas. Casos prácticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Encefalopatías transmisibles. Tipos e normativa (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Actualiza-los coñecementos do persoal encargado da execución do Plan Nacional de Control e Vixilancia das EETs sobre este grupo de enfermidades, tanto na súa parte técnica como legal.

2. Destinatarios

Veterinarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 2, 3 e 4 de xuño e Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Lugo, o día 5 de xuño (1ª edición); EGAP, os días 20, 21 e 22 de outubro e Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Lugo o día 23 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20 h na EGAP e das 16.30 ás 21 h en Lugo.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

As encefalopatías transmisibles: historia, tipos, etioloxía, patoxenia, sintomatoloxía e epidemioloxía das EETs. Evolución da enfermidade. Plan nacional de control e vixilancia das EETs. Normativa aplicable. Actuación en casos sospeitosos. Tramitación de expedientes de indemnización. Recollida de mostras e envío ó laboratorio. Probas rápidas de detección. Medidas de seguridade nas EETs.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestión informática das axudas estruturais (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Darlles unha información adecuada ós xestores de axudas estruturais con cargo ó Real decreto 613/2001, dentro da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, tanto nos servizos centrais como nos provinciais e nas oficinas agrarias comarcais, para que poidan aproveitar tódalas utilidades da aplicación informática de xestión.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e do FOGGA que xestione axudas do Real decreto 613/01.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 8, 9, 15 e 16 de setembro (1ª edición); os días 22, 23, 24 e 30 de setembro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 10 ás 15 h.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Elaboración dos estudos económicos. Ficheiros de consultas. Revisión de expedientes. Certificación de investimentos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Deseño e tratamento estatístico de ensaios

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Formar os técnicos que realicen ensaios de experimentación, na formulación posta en campo, toma de datos, interpretación e a súa análise.

2. Destinatarios

Persoal técnico da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural que participa na realización de campos experimentais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, os días 5, 6, 7, 8 e 9 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Principios da experimentación. Fins e condicións dunha experiencia. Principios básicos do deseño de experimentos. O erro experimental. Planificación, preparación e realización de ensaios. Protocolos, seguimento e toma de datos. Tratamento e interpretación de datos. Divulgación. Campos de demostración. A estatística aplicada ós ensaios agrícolas. Paquetes informáticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Iniciación á auditoría interna FEOGA-Garantía

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Dota-los asistentes dunha formación básica sobre auditoría interna.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica, dos grupos A e B, relacionados coa tramitación de axudas FEOGA-Garantía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP os días 28 e 29 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

A auditoría interna nos organismos pagadores FEOGA-Garantía. Clases de auditorías. Contido. Procedemento.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Os controis nas axudas baseadas en superficies

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Porporcionarlle unha formación axeitada ó persoal da Administración autonómica sobre a utilización de GPS e dos sistemas de información xeográfica na realización dos controis das axudas baseadas en superficies.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica, tanto de servizos centrais como periféricos, que controle axudas baseadas en superficie.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 14 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 5 e 6 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Axudas baseadas en superficies. Normativa comunitaria. O sistema integrado de xestión e control da normativa estatal e autonómica. Os sistemas de identificación xeográfica. O SIXPAC. A utilización de equipos GPS para as medicións de superficies.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Aspectos do medio natural relacionados coas axudas estruturais

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Darlle unha información adecuada ós xestores de axudas estruturais con cargo ó Real decreto 613/2001, do impacto ambiental que pode dar lugar ós investimentos realizados ó amparo do devandito Real decreto, así como a normativa ambiental comunitaria, estatal e autonómica que lles pode afectar.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e do FOGGA que xestionen axudas do Real decreto 613/2001.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6, 7, 8, 13, 14, 15, 20 e 21 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 15 h.
- 3.4. Prazas: 40.

4. Contido básico

Normativa vixente. Criterios sectoriais: estudo do medio físico, patrimonio cultural, paisaxismo, etc. Situación actual. Problemática e perspectiva.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

O programa de inspección en sanidade animal en Galicia (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Actualizar os coñecementos do persoal encargado da inspección en materia de sanidade animal.

2. Destinatarios

Persoal técnico do Centro de Control do Medio Mariño e dos laboratorios veterinarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 28, 29 e 30 de abril e 5, 6, 7 de maio (1ª edición); e os días 15, 16, 17, 22, 23 e 24 de setembro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 50 por edición.

4. Contido básico

Programas sanitarios do gando porcino, bovino, ovino-caprino, equino e avícola. Programas sanitarios noutras producións gandeiras. Novidades para o bienio 2003-2004. Enfermidades emerxentes.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Fomento do patrimonio cultural

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo]

1. Obxectivos

Formación do persoal da Xunta de Galicia na sistemática e metodoloxía de alternativas á conservación e posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

2. Destinatarios

Funcionarios e persoal laboral da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Galego de Arte Contemporánea, os días 7, 8 e 9 de maio.
- 3.3. Horarios: mércores e xoves das 9 ás 14 h e das 16 ás 19 h e venres das 9 ás 14 h.
- 3.4. Prazas: 50.

4. Contido básico

Falsificación de obras de arte. Comercio de bens mobles. Taxación. Entidades sen ánimo de lucro. Mecenado. Medidas fiscais. Xestión privada no patrimonio.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Protección do patrimonio cultural

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo]

1. Obxectivos

Afondar na formación do persoal especializado no patrimonio cultural así como dotar de ferramentas necesarias ás persoas que queiran iniciarse na temática.

2. Destinatarios

Funcionarios e pesoal laboral da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Galego de Arte Contemporánea, os días 1, 2, 3, 8, 9, 10 e 11 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Lexislación do patrimonio cultural. Patrimonio arquitectónico. Patrimonio arqueolóxico. Patrimonio moble. Patrimonio etnográfico e documental. Urbanismo e planeamento. Aspectos xudiciais da protección dos bens culturais.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Planificación e xestión de recursos turísticos

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo]

1. Obxectivos

Ofrece-los coñecementos teóricos e prácticos necesarios para mellorar nas actividades de ordenación, xestión, inspección e promoción dos recursos e actividades turísticas.

2. Destinatarios

Funcionarios e persoal laboral das oficinas e servizos de turismo da Xunta e outros vinculados á xestión, conservación e inspección de recursos –patrimonio cultural e natural– susceptibles de valoración turística.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 1, 2, 3, 7 e 9 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 18 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Lexislación e ordenación do turismo. Política turística da Administración do Estado (PICTE 2000-2006) e de Galicia. Estructura administrativa competente en materia turística nos tres niveis: estatal, rexional e local. Tendencias actuais do turismo e principais produtos turísticos de Galicia. Principais conceptos sobre planificación, desenvolvemento turístico sustentable e interpretación do patrimonio como técnica de valoración de recursos; aplicación a proxectos concretos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Anatomía patolóxica aplicada ó diagnóstico de matadoiros

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Sanidade]

1. Obxectivos

Recicla-repaso das lesións anatomopatolóxicas principais, sobre todo aquelas que se presentan esporadicamente, dada a toma de decisións inmediata que hai que realizar ó respecto.

2. Destinatarios

Veterinarios funcionarios / interinos da Consellería de Sanidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: Lugo, os días 3 e 4 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 15 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Diagnóstico diferencial de lesións aparentemente semellantes. Patoloxías máis frecuentes e as súas lesións anatomopatolóxicas. Remisión de mostras ó laboratorio: cando é necesario, qué mostra recoller e cómo e onde enviala.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Diferenciación de especies de peixe e cogomelos

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Sanidade]

1. Obxectivos

Distinguir entre a gran diversidade de especies de moluscos e peixes que hoxe existen no mercado debido ó aumento de importacións, co fin de realizar unha correcta inspección dos establecementos onde se comercializan estes produtos á hora de levar a cabo alertas alimentarias, intervención de produtos, etc. Distinguir diferentes especies de cogomelos que se atopan habitualmente nos mercados, prazas de abastos e froiterías en concepto de venda a granel.

2. Destinatarios

Veterinarios funcionarios / interinos da Consellería de Sanidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: Lugo, os días 20, 21, 22, 23 e 24 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 11 ás 14 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Relación das principais especies de peixe e cogomelos e a súa diferenciación. Dictame organoléptico de salubridade do peixe. Realización dunha xornada nunha lonxa da provincia.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

V Curso para o recoñecemento de especies, artes e instalacións obxecto de procedementos administrativos a instancia de parte

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos]

1. Obxectivos

Formación do persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no recoñecemento das especies, artes e instalacións do mundo da pesca e da acuicultura que son obxecto do seu traballo.

2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro de Control do Medio Mariño, Vilaxoán (Vilagarcía da Arousa), os días 6, 7, 8, 9 e 10 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 55.

4. Contido básico

Coñecemento das especies obxecto de explotación na pesca, no marisqueo e na acuicultura en Galicia, con especial referencia ás vedas e tamaños mínimos de comercialización. Artes e aparellos autorizados en Galicia. As embarcacións de pesca e auxiliares na acuicultura: límites do exercicio na actividade da pesca. Permisos de explotación. Plans de explotación. Alternancia de artes. A acuicultura. As súas instalacións. A lexislación aplicable. Os procedementos administrativos por instancia de parte en materia de acuicultura.

5. Convocatoria

DOG n.º 41 do 27-02-2003.

Procedementos estatísticos utilizando MINITAB

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos]

1. Obxectivos

Formación do persoal de laboratorios da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na utilización do programa estatístico MINITAB.

2. Destinatarios

Licenciados e oficiais de laboratorio do Centro de Control do Medio Mariño (CCMM). Licenciados do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA). Outro persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro de Control do Medio Mariño, Vilaxoán (Vilagarcía da Arousa), os días 27, 28, 29, 30 e 31 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contidoco

Coñecemento e aplicación práctica dos procedementos estatísticos habitualmente empregados nos laboratorios dos centros de investigación dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos utilizando o programa MINITAB. Avaliación das súas posibilidades e resolución de casos prácticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Procedemento sancionador en materia de establecementos e espectáculos públicos

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Profundar nos aspectos máis problemáticos do procedemento sancionador, con especial referencia ás infraccións en materia de establecementos e espectáculos públicos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 5, 6, 7, 8, 13, 14 e 15 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Procedemento administrativo sancionador. As actas e a presunción de veracidade. A proba. A responsabilidade. A sanción. Caducidade e prescripción. As notificacións.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Normativa sobre colexios profesionais

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Profundar no coñecemento da lexislación en materia de colexios profesionais e exercicio de profesións colexiadas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 21, 23, 28 e 30 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Normativa estatal básica sobre colexios profesionais. Normativa sobre exercicio de profesións tituladas. Competencias autonómicas na materia, colexios profesionais e exercicio de profesións colexiadas. Problemática respecto das novas titulacións. Constitución de colexios profesionais. Aprobación de estatutos. Consellos galegos de colexios profesionais. Rexistro de colexios profesionais e consellos de colexios.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Eido local

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Dota-lo persoal destinatario dos cursos da formación necesaria para o manexo e coñecemento do novo instrumento de traballo que permitirá mellora-la xestión diaria da actuación administrativa propia do traballo que deben desenvolver.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 1, 2, 6, 7, 8, 9, 13, 14, 15 e 16 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 19 h.
- 3.4. Prazas: 15.

4. Contido básico

Utilización do portal Eido local.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Práctico de antropoloxía forense

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza,
Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Familiariza-lo médico forense coas técnicas básicas de Antropoloxía.

2. Destinatarios

Médicos forenses en activo destinados na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12 e 13 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 20 h o día 12, e das 9.30 as 13.30 h o día 13.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

O levantamento da antropoloxía forense. Técnicas para determina-lo diagnóstico de especie e individual en restos óseos. Limitacións de técnicas.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Reforma procesual penal: xuízos rápidos

(18 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza,
Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Análise da reforma da Lei de axuízamento criminal sobre os xuízos rápidos, incidindo nos seus aspectos prácticos.

2. Destinatarios

Médicos forenses, oficiais, auxiliares e axentes da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña, do 21 ó 25 de abril (1ª edición), do 28 ó 30 de abril (2ª edición), do 28 de abril ó 5 de maio (3ª edición); Ferrol, do 21 ó 24 de abril; Lugo, do 21 ó 25 de abril (1ª edición), do 28 de abril ó 6 de maio (2ª edición); Ourense, do 21 ó 24 de abril (1ª edición), do 28 ó 30 de abril (2ª edición), do 28 ó 30 de abril (3ª edición), do 28 ó 30 de abril (4ª edición); Pontevedra, do 21 ó 24 de abril (1ª edición), do 28 ó 30 de abril (2ª edición), do 28 ó 30 de abril (3ª edición); Vigo, do 21 ó 24 de abril (1ª edición), do 28 de abril ó 5 de maio (2ª edición), do 28 de abril ó 2 de maio (3ª edición); Santiago de Compostela, do 21 ó 28 de abril (1ª edición), do 28 de abril ó 5 de maio (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Cuestións xerais. Procedemento ordinario. Dilixencias previas. Procedemento abreviado. Xuízos rápidos. Xuízos de faltas. Actuacións no xulgado de garda.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Últimos avances na intoxicación toxicolóxica: mostras e técnicas analíticas

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Proporcionarlles ós médicos forenses os coñecementos necesarios para a discriminación das mostras biolóxicas.

2. Destinatarios

Médicos forenses en activo destinados na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP os días 19 e 20 de xuño.
- 3.3. Horarios: o día 19 das 16 ás 20 h; o día 20 das 10 ás 14 e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Protocolización de recollida e envío de mostras. Fundamentos das técnicas analíticas. Interpretación de resultados.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Habilidades de relación e atención ó público (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Desenvolverlles pautas eficaces e satisfactorias de comportamento ante o público, tanto en presenza como por teléfono.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ó servizo da Administración de xustiza.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: A Coruña, os días 5, 6, 7 e 8 de maio, e Vigo, os días 12, 13, 14 e 15 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 19 h.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

O momento da acollida. Os espazos na relación. Importancia do clima na atención. Suposto básico que dificulta as relacións. A imaxe e os seus condicionamentos. Os esquemas mentais que dificultan as relacións e a solución dos problemas. A comunicación e a escoita, especialmente en situacións «difíciles».

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Formación avanzada dos sistemas informáticos dos xulgados de instrucción (7 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Mellorar e actualiza-lo coñecemento técnico-funcional das aplicacións informáticas por parte dos seus usuarios finais, con especial atención á explotación estatística dos datos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ó servizo da Administración de xustiza.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense, do 12 ó 16 de maio; Vigo, do 19 ó 23 de maio; Pontevedra, do 26 ó 30 de maio; Santiago de Compostela, do 2 ó 6 de xuño; Lugo do 9 ó 13 de xuño; Ferrol, do 16 ó 20 de xuño; A Coruña do 23 ó 27 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 15 por edición.

4. Contido básico

Rexistro integral de procedementos, aplicación con e sen decanato: integración informática das normas de reparto. Contas de resulta ó decanato desde a unidade operativa. Rexistro de escritos. Aceptación e incoación dos procedementos pola unidade operativa. Actualización de datos nos procedementos. Actualización de datos dos intervinientes. Litigantes rebeldes, litigantes con asistencia xurídica gratuita, peritos, testemuñas, etc. Actualización de datos xerais. Transformación, acumulación e agregación de novas cargas. Tramitación funcionalidades avanzadas: tramitación simultánea de varios procedementos, encadeamento manual de documentos, notificacións múltiples, tramitación guiada, etc. Mantemento de libros de rexistro e axenda. Informe e estatísticas. Administración de contas de usuario.

Normas sobre seguridade dos arquivos xudiciais. Copias de seguridade. Actualización de datos nos procedementos: actualización de datos dos intervinientes e testemuñas.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Formación avanzada dos sistemas informáticos dos xulgados de primeira instancia (7 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Mellorar e actualizalo coñecemento técnico-funcional das aplicacións informáticas por parte dos seus usuarios finais, con especial atención á explotación estatística dos datos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ó servizo da Administración de xustiza.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: Ourense, do 6 ó 13 de outubro; Vigo, do 9 ó 16 de outubro; Lugo, do 20 ó 27 de outubro; Santiago, do 23 ó 30 de outubro; Pontevedra, do 3 ó 10 novembro; Ferrol, do 11 ó 18 de novembro; A Coruña, do 19 ó 26 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 h.
- 3.4. Prazas: 15 por edición.

4. Contido básico

Rexistro integral de procedementos, aplicación con e sen decanato: integración informática das normas de reparto. Contas de consulta ó decanato desde a unidade operativa. Rexistro de escritos. Aceptación e incoación dos procedementos pola unidade operativa. Actualización de datos nos procedementos. Actualización de datos dos intervinientes. Litigantes rebeldes, litigantes con asistencia xurídica gratuíta, peritos, testemuñas, etc. Tramitación de funcionalidades avanzadas: tramitación simultánea de varios procedementos, encaqueamento manual de documentos, notificacións múltiples, tramitación guiada, etc. Mantemento de libros de rexistro e axenda. Informe e estatísticas. Administración de contas de usuario. Normas sobre seguridade dos arquivos xudiciais. Copias de seguridade.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Programación didáctica de xornadas de información e orientación á xuventude desde os servizos de información xuvenil

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Proporcionarlles ás persoas que traballan na Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, uns coñecementos teórico-prácticos para organizar, programar ou deseñar xornadas informativas dirixidas á mocidade do seu ámbito de actuación.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, Santiago de Compostela, os días 21, 22, 23 e 24 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 9.30 ás 14.30 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

A programación (obxectivos, contidos, métodos, actividades, recursos materiais e medios didácticos, avaliación) no ámbito da xuventude. Dinámica de grupos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Marco teórico-legal en materia de igualdade de oportunidades

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Proporcionarlle ó traballo cotián os contidos referentes á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como contidos transversais.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 2, 3, 4, 5 e 6 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Ámbito internacional: a Declaración universal dos dereitos humanos das Nacións Unidas. Ámbito europeo: estratexia marco-comunitaria sobre a igualdade entre mulleres e homes 2001-2005. Ámbito nacional: plans de igualdade. Ámbito autonómico: IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas. Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A intervención psicoterapéutica en centros de menores

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Recoñece-los contextos institucionais. Introducir contido educativo no control e na sanción. Traballar coas solucións que funcionan. Esquece-las solucións problemáticas.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia que traballe con menores institucionalizados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 18, 19 e 20 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h (o último día só horario de mañá).
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Aspectos educativos nos marcos legais de intervención con menores institucionalizados. Os modelos psicoterapéuticos nos contextos institucionais. Modelo sistémico e proxecto educativo de centro. Sistema familiar e institución de menores: as intervencións posibles.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Información e calidade na atención á xuventude desde os servizos de información xuvenil

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Aumenta-la calidade na prestación de información nas oficinas de información á xuventude.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, Santiago de Compostela, os días 20, 21, 22 e 23 de maio.
- 3.3. Horarios: das 9.30 ás 14.30 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

A información nunha oficina de información xuvenil. A calidade na prestación da información nas OMIX e PIX. Características básicas da xuventude. A relación interpersoal. Elementos da comunicación. As barreiras. Tipos de comunicación. A atención ó público xuvenil. Estratexias. Habilidades sociais.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Traballo da linguaxe músico-vocal a través dos contos

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Aumenta-lo dominio da expresión corporal e da voz para desenvolver-las capacidades expresivas. Recrear historias baseándose nas propias percepcións para facelas máis reais. Narrar contos como se fosen historias propias. Traballa-la espontaneidade e a capacidade de improvisación como ferramentas cotiás na aula.

2. Destinatarios

Educadores infantís dos centros infantís dependentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: A Coruña, os días 20, 21, 27 e 28 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 h (os días 21 e 28) e das 16 ás 21 h (os días 20 e 27).
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

A educación musical na etapa infantil. O proceso de autoconecemento da voz e do propio corpo. Exercita-la fonación e a desinhibición. Datos para unha boa escolla dos contos: auditorio, narrador, música.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Básico de información, orientación e asesoramento á xuventude

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Forma-lo persoal das casas de xuventude e dos servizos de información xuvenil a nivel teórico-práctico, sobre a información e as distintas asesorías que se poden levar a cabo nas oficinas de información xuvenil.

2. Destinatarios

Persoal da Dirección Xeral de Xuventude e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 34 h.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, Santiago de Compostela, os días 16, 17, 18, 22, 23, 24 e 25 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 9.30 ás 14.30 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Estructura e deseño dun servizo de información xuvenil. Recursos e documentos nun servizo de información xuvenil. Introducción e esquema básico da estrutura do sistema educativo na súa aplicación nunha oficina de información xuvenil. Axudas e programas para o fomento do emprego xuvenil. A oficina de intermediación do voluntariado xuvenil. Introducción e esquema básico sobre as axudas para a vivenda destinadas á xuventude. Asociacionismo xuvenil. Xestión dunha asociación.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A función da escola infantil de 0-3 anos (Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia,
Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Formaliza-la función da escola infantil na súa especialidade dentro do campo da educación.

2. Destinatarios

Directores/as dos centros infantís dependentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12, 13 e 14 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h (o último día só horario de mañá).
- 3.4. Prazas: 22.

4. Contido básico

As diferentes áreas de xestión que comporta a dirección dun centro. Instrumentos conceptuais necesarios para a dilucidación dos impases da práctica.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Responsabilidade civil do menor na Lei orgánica 5/2000

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia,
Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Coñecemento do procedemento establecido nos artigos 61 e 64 sobre a responsabilidade penal do menor e análise da actuación da Administración como responsable subsidiaria.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia que traballe na área de menores.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 15, 16 e 17 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h os días 15 e 16, e das 10 ás 14 o día 17.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido básico

Ámbito de aplicación e particularidade da responsabilidade civil na Lei orgánica 5/2000. Os responsables civís: autor do dano e responsables solidarios. Procedemento para esixi-la responsabilidade civil. Papel da Administración como responsable solidario e as súas consecuencias.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Uso técnico da información meteorolóxica en Galicia: aplicacións á agrometeoroloxía

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Adquirir as nocións básicas de meteoroloxía, o funcionamento e utilidade das estacións meteorolóxicas, o uso da predicción meteorolóxica como ferramenta para definir o cultivo e, a partir dela, establecer parámetros de influencia directa sobre a agricultura.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 22 e 23 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Iniciación a meteoroloxía. Estacións meteorolóxicas. Predicións meteorolóxicas. Temperatura. Cálculo das horas de frío. Xeadas. Vento. Velocidade do vento dentro da cuberta vexetal. Radiación solar e fotosíntese. Evapotranspiración.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Desenvolvemento sustentable e integración ambiental

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Dar a coñece-lo concepto de desenvolvemento sustentable, e o reto que representa para unha administración autonómica, e a súa aplicación práctica. Forma-lo persoal no seguimento que se fará da Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible, en particular na integración da variable ambiental nas diferentes políticas sectoriais. Explica-lo papel da autoridade ambiental e a súa participación na avaliación dos criterios ambientais dos fondos europeos. Dar a coñece-la funtura avaliación ambiental estratéxica á que deberán someterse os plans e programas elaborados polas consellerías.

2. Destinatarios

Traballadores dos servicios centrais da Xunta de Galicia das diferentes consellerías.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 16 e 17 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 h e das 16 ás 19 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

O concepto de desenvolvemento sustentable: antecedentes e situación actual. As estratexias de desenvolvemento sustentable: Administración europea, estatal, autonómica e local. A Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible. Integración da variable ambiental nas políticas sectoriais. A autoridade ambiental de Galicia e a avaliación do programa operativo. A estratexia de cambio climático e a implicación das políticas sectoriais. O proxecto de transposición da avaliación ambiental estratéxica e as súas implicacións prácticas.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, 20 27-02-2003.

Prevenición e control integrados da contaminación. Aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Analiza-las características do procedemento administrativo para a concesión da autorización, as modificacións en relación coa lexislación existente, os réximes transitorio e derogatorio, así como a vixilancia e control por parte da inspección ambiental, as responsabilidades e o réxime sancionador.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da inspección ambiental da Consellería de Medio Ambiente, así como persoal con funcións de inspección ambiental sectorial.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 26, 27 e 28 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 50.

4. Contido básico

Contido da aplicación da Lei 16/2002 (IPPC). A Autorización ambiental integrada (AAI). A conexión da AAI con outras autorizacións e informes preceptivos. Coordinación das administracións competentes (autorización vertidos, avaliación de impacto ambiental, plans de emerxencia da Directiva SEVESO, etc.). Os mecanismos de intervención administrativa IPPC e a licencia municipal de actividades clasificadas. O control integrado de contaminación e as autorizacións substantivas de industrias non liberalizadas. Procedemento de outorgamento das AAI. Modificación e renovación. Impugnacións e recursos. Réxime sancionador. Responsabilidades dos axentes. O portelo único. A experiencia de Cataluña. Caso práctico: adaptación á Lei de IPPC dunha instalación industrial.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Valores límite de emisión e rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Analiza-los procesos de fixación dos valores límite de emisión, facendo especial énfase na aplicación das melloras tecnolóxicas dispoñibles, e explica-los requisitos e mecanismos de comunicación de emisións por parte das fontes contaminantes inventariadas.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da inspección ambiental da Consellería de Medio Ambiente, así como persoal con funcións de inspección ambiental sectorial.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 27, 28 e 29 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 50.

4. Contido básico

Valores límite de emisión. Inventario estatal de emisións. Melloras técnicas dispoñibles como un instrumento para a fixación dos valores límite de emisión. Estudio pormenorizado do contido técnico dos BREFS. Afeccións da Directiva IPPC noutras directivas posteriores que regulen as emisións das actividades industriais. O inventario europeo de emisións contaminantes (EPER). A información na Lei 16/2002. O sistema EPER en España e a Comunidade Autónoma de Galicia. Caso práctico: adaptación á Lei de IPPC dunha instalación industrial incluída nun sector con BREF aprobado ou terminado.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Certificación da xestión forestal sustentable

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Forma-los destinatarios nos diferentes sistemas de certificación da xestión forestal sustentable (PEFC e FSC), estudia-los métodos de medición dos diferentes indicadores. Problemática da súa aplicación en Galicia.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da xestión forestal da Consellería de Medio Ambiente, así como persoal con funcións en materia de sustentabilidade forestal.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 19, 20 e 21 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h (os dous primeiros días) e das 10 ás 14 h (o último día).
- 3.4. Prazas: 40.

4. Contido básico

Definición de sustentabilidade. Aplicación ós terreos forestais. Normalización e certificación dos sistemas de xestión forestal sustentable. Silvicultura e ordenación de montes. Biodiversidade e conservación da natureza. Certificación forestal dos principais sistemas PEFC e FSC. Criterios e indicadores dos sistemas de certificación en España. As auditorías de certificación. A cadea de custodia. Certificación forestal en Galicia.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Identificación de hábitats da Rede Natura 2000 (4 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Saber identifica-los distintos hábitats da Rede Natura 2000 existentes nas catro provincias galegas.

2. Destinatarios

Técnicos de medio ambiente e axentes forestais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Pontevedra, os días 5, 6, 7 e 8 de maio; Santiago de Compostela, os días 12, 13, 14 e 15 de maio; Ourense, os días, 2, 3, 4 e 5 de xuño; Lugo, os días 9, 10, 11 e 12 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 21 h.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Descrición dos hábitats da Rede Natura.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Iniciación e formación á infraestrutura xeográfica na xestión forestal sustentable

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Presentarlles ós participantes os sistemas de decisión forestal (SDF), baseados en sistemas integrais de infraestrutura xeográfica, tales como sistemas de información xeográfica, bases de datos xeográficas, servidores web de mapas, etc., básicos na xestión forestal sustentable.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da xestión forestal da Consellería de Medio Ambiente, así como persoal ó servizo da Administración pública con funcións en materia de sustentabilidade forestal, topografía e delineación.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 28, 29 e 30 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 h e das 16 ás 20 h (os dous primeiros días) e das 10 ás 14 h (o último día).
- 3.4. Prazas: 50.

4. Contido básico

Presentación deste tipo de sistemas no ámbito forestal, xustificando a súa necesidade e vantaxes. Estructuración dun sistema dirixido á xestión forestal sustentable en Galicia. Aproximación ó concepto de sistemas de decisión forestal (SDF). Sistemas de captura. GPS, fotografías aéreas, imaxes satélites (teledetección), protocolos de procesamento e verificación dos datos. Breve repaso a estándares existentes. Bases de datos espaciais. Sistemas de explotación, os SIX e os servidores web de mapas.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Divulgación da lexislación sobre protección animal en Galicia

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Dar a coñece-los contidos teóricos e as implicacións prácticas da lexislación sobre a protección animal en Galicia.

2. Destinatarios

Axentes forestais de medio ambiente que non fixeran o curso na edición anterior.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 28 e 29 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10.30 ás 13.30 h e das 16 ás 19 h.
- 3.4. Prazas: 40.

4. Contido básico

Implicacións da lexislación sobre protección animal en Galicia. Liñas de actuación neste ámbito na Comunidade Autónoma galega, así como noutras comunidades. O papel dos axentes de Medio Ambiente como divulgadores da lexislación sobre protección animal no medio rural.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A atención ó cidadán en espazos protexidos (4 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Coñece-los métodos e medios para atender-lo cidadán en espazos protexidos.

2. Destinatarios

Técnicos que realicen o seu traballo en parques naturais, axentes forestais destinados en parques naturais e o resto do persoal do parque natural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense os días 1 e 2 de abril; Xurés (Lobios), os días 3 e 4 de abril; Fragas do Eume, os días 7 e 8 de abril; Santiago de Compostela, os días 9 e 10 de abril.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 h e das 16 ás 19 h (os días 1, 3, 7 e 9 de abril) e das 9 ás 13 h (os días 2, 4, 8 e 10 de abril).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido básico

Métodos e medios para dar a coñece-los valores dos parques. Métodos de colaboración entre os xestores e a poboación do parque.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Divulgación da lexislación cinexética en Galicia (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Dar a coñece-los contidos teóricos e as implicacións prácticas da lexislación cinexética en Galicia.

2. Destinatarios

Axentes forestais de Medio Ambiente.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 26 e 27 de maio (1ª edición); 1 e 2 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 10.30 ás 13.30 h e das 16 ás 19 h
- 3.4. Prazas: 40 por edición.

4. Contido básico

Implicacións da lexislación cinexética en Galicia. Liñas de actuación neste ámbito na Comunidade Autónoma galega, así como noutras comunidades autónomas. O papel dos axentes de Medio Ambiente como divulgadores da lexislación cinexética.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Atención sanitaria urxente para persoal de enfermería e auxiliares de clínica (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Actualizar coñecementos no campo das urxencias que se producen no ámbito xeriátrico. Recicla xe teórico-práctica de coñecementos en materia de urxencias médicas. Capacita-lo maior número de profesionais para unha actuación inmediata e correcta en situacións de emerxencia vital. Perfeccionamento na aplicación de técnicas de reanimación cardio-pulmonar. Alcanzar un óptimo nivel para unha adecuada valoración da gravidade das urxencias. Establecer e conformar protocolos e esquemas de actuación común en situacións de emerxencia xeriátrica. Organizar esta actuación en función dos distintos niveis de gravidade da urxencia e dos profesionais que participen nesta. Rebaixa-os índices de morbi-mortalidade xeriátrica en centros xerontolóxicos.

2. Destinatarios

Persoal de enfermería e auxiliares de clínica das residencias dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Pontevedra (Residencia da Terceira Idade Campolongo): do 5 ó 9 de maio; Lugo (Residencia As Gándaras): do 19 ó 23 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

O proceso de envellecemento como factor intrínseco na patoloxía urxente xeriátrica. Incidencia, epidemioloxía e morbi-mortalidade das emerxencias xeriátricas. A institución xerontolóxica: características diferenciais. O papel dos traballadores sanitarios e do resto do persoal na primeira asistencia de urxencia. Urxencias: dixestivas, cirúrxicas, endocrinolóxicas, nefrolóxicas, urolóxicas, traumatolóxicas, neurolóxicas, otorrinolaringolóxicas, de aparello respiratorio, etc. Patoloxía infecciosa.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Prevenición de lesións das costas: mobilización e traslados de enfermos (4 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais,
Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Coñece-la biomecánica articular do ser humano. Adestrar recursos para a mobilización de persoas con mobilidade reducida respectando a súa autonomía, favorecendo a recuperación funcional e incrementando a súa calidade de vida e previndo accidentes nas costas por posturas incorrectas. Adquirir coñecementos de prevención.

2. Destinatarios

ATS/DUE, fisioterapeutas, auxiliares de clínica e cuidadores de centros residenciais da terceira idade da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense (Residencia da Terceira Idade Os Milagres): do 19 ó 23 de maio; Lugo (Residencia da Terceira Idade As Gándaras): do 26 ó 30 de maio; Oleiros (Residencia Asistida da Terceira Idade): do 13 ó 17 de outubro; Vigo (Residencia da Terceira Idade do Meixoeiro): do 20 ó 24 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

O transporte manual de cargas: sobreesforzos, posturas. Os factores sociais: incumprimento de normas preventivas. Traslado: factores que inflúen na mobilidade. Consecuencias da inmovilidade. Áreas de presión. Valoración dos pacientes de risco. Úlceras de cúbito, etiopatoxenia e factores de risco. Prevención dos problemas relacionados coa inmovilidade. Posicións nos pacientes encamados e cambios posturais. Traslados de pacientes: mecánica corporal. Regras xerais. Cintos de traslado. Procedementos de traslado segundo tipoloxía de pacientes. Circuitos de traslado. Evacuacións de pacientes segundo a súa tipoloxía: válido e non válido.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 17-02-2003.

Coida-lo coidador: técnicas para o tratamento do estrés nos coidadores (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Análise da comunicación humana e da relación interpersoal desde diferentes paradigmas. Técnicas de afrontamento da tensión. Análise sistemática de conflitos de grupo.

2. Destinatarios

Auxiliares de enfermería, ATS/DUE e coidadores de residencias e centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (Residencia-Fogar da Terceira Idade Torrente Ballester): do 19 ó 23 de maio; Pontevedra (Residencia da Terceira Idade Campolongo): do 26 ó 30 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

O manexo do paciente cunha deterioración importante e progresiva: cómo mante-la ilusión. Aprender a vivir coa morte e coas perdas repetidas. As relacións cos familiares. As dificultades do traballo en grupo e a relación cos compañeiros. Traballar na marxinalidade: a vivencia do illamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Protocolización e rexistros de coidados en centros xerontolóxicos (4 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Promove-la mellora da calidade da atención especializada de coidados xerontolóxicos e a optimización dos recursos humanos e técnicos favorecendo a toma de decisións, definindo os obxectivos asistenciais e mellorando os sistemas de avaliación e rexistro. Adestrar na elaboración de protocolos (procedementos) xerontolóxicos para a atención profesional ó cliente perceptor de coidados.

2. Destinatarios

Persoal de atención directa en centros xerontolóxicos da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense (Residencia da Terceira Idade Os Milagres): do 15 ó 19 de setembro; Oleiros (Residencia Asistida): do 22 ó 26 de setembro; Lugo (Residencia da Terceira Idade As Gándaras): do 29 de setembro; Vigo (Residencia Asistida da Terceira Idade): do 6 ó 10 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Definición de modelos de atención e coidados xerontolóxicos. Necesidade de procedementos de coidados. Definición e organización de protocolos. Casos prácticos. Vantaxes e inconvenientes da protocolización de coidados. Fases da elaboración de procesos de coidados. Puntos básicos en protocolos de coidados e dun protocolo de xestión de datos. Análise das necesidades de procedementos no contorno profesional e xerontolóxico. Niveis en elaboración de protocolos. Atención básica e especializada.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Conxunto Mínimo de Datos para traballadores sociais

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Capacita-los profesionais para o coidado dos usuarios de centros xerontolóxicos. Capacitación dos profesionais para utiliza-lo instrumento de valoración CMBD-Social. Dar a coñecer entre os profesionais as distintas utilidades dos sistemas de información.

2. Destinatarios

Traballadores/as sociais pertencentes á área asistencial de centros residenciais para persoas maiores dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 19 ó 23 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

O sistema de información. O Conxunto Mínimo de Datos (versión 2.0). Utilidades do sistema de información CMBD-Social. Caso práctico xeral.

5.Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Intervención práctica coas persoas con discapacidade (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Capacita-los profesionais dos centros para realizar plans de coidados individualizados para persoas con discapacidade. Motiva-los profesionais dos centros para mellora-los coñecementos sobre a implementación dos plans de coidados individualizados.

2. Destinatarios

Educadores/as, ETAR, coidadores/as de residencias e auxiliares coidadores/as de centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (Santiago Apóstol): do 6 ó 10 de outubro; Sarria (CAMP): do 13 ó 17 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Mobilización de persoas con discapacidade física/psíquica. Habilidades de prevención de lesións na manipulación de persoas con discapacidade. Habilidades na implantación de condutas (AVD). Habilidades na modificación de condutas. Primeiros auxilios. Técnicas de animación sociocultural. Hábitos hixiénicos/prevenición de contaxios. Nutrición e hábitos alimenticios. Lexislación: responsabilidade civil/penal da Administración e do coidador de persoas.

5.Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

A hostalería nos centros residenciais: organización do comedor e trato co usuario (4 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Perfecciona-las técnicas profesionais no comedor: repaso do material, montaxe e servizo, atención ó cliente.

2. Destinatarios

Gobernantes/as, subgobernantes/as e camareiros/as-limpadores/as dos centros residenciais dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (Residencia Torrente Ballester): do 26 ó 30 de maio; Ferrol (Residencia): do 19 ó 23 de maio; Vigo (Residencia Asistida da Terceira Idade): do 22 ó 26 de setembro; Ourense (Residencia da Terceira Idade Os Milagres): do 29 de setembro ó 3 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Nutrición e manipulación de alimentos. O oficio do hostaleiro. O trato co usuario-cliente.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Coidados de enfermería nas persoas maiores en situación terminal: a relación de axuda (2 edicións)

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Capacita-los profesionais dos centros para realizar plans de coidados individualizados para persoas maiores dependentes en situación terminal. Motiva-los profesionais dos centros para melloralos seus coñecementos sobre a implementación de plans de coidados individualizados. Axuda-los profesionais dos centros a integra-la relación de axuda na súa actividade asistencial.

2. Destinatarios

ATS/DUE, coidadores e auxiliares de enfermería de residencias e centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugares e datas: Vigo (Residencia Asistida da Terceira Idade): do 13 ó 17 de outubro; Oleiros (Residencia Asistida da Terceira Idade): do 6 ó 10 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido básico

A planificación dos coidados: bases teóricas; a súa implementación práctica. A relación de axuda: concepto e práctica.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Axentes canceríxenos, mutaxénicos e tóxicos para a reprodución no mundo laboral

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Presenta-los actuais conceptos científicos e legais europeos na materia.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C, D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 12, 13, 14 e 15 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Aspectos previos no ámbito laboral. Aspectos canceríxenos: concepto. Criterios de clasificación. Marco legal europeo. Aspectos canceríxenos na normativa española. Aspectos mutaxénicos. Situación actual. Perspectivas. Aspectos tóxicos para a reprodución. Situación actual. Perspectivas.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Avaliación de contaminantes biolóxicos

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Cóñece-la normativa sobre contaminantes biolóxicos. Práctica de valoración destes contaminantes nos lugares de traballo e medio natural.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D, e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 2, 3, 4 e 7 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Os contaminantes biolóxicos. Concepto e clasificación. Actividades laborais que poden presentar riscos biolóxicos. Análise dos axentes biolóxicos. Criterios de valoración.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 17-02-2003.

Formación en materia de expedientes de regulación de emprego

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Forma-lo persoal adscrito ós órganos con competencia de actuación en materia de expedientes de regulación de emprego.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C, D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 5, 6, 7 e 8 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Real decreto 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Formación sobre procedementos de infraccións e sancións na orde social

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Forma-lo persoal adscrito ós órganos con competencia de actuación en materia de expedientes de infraccións e sancións na orde social.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C, D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 26, 27, 28 e 29 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. Real decreto 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social. Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sanción por infraccións na orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Tramitación administrativa co exterior

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Emigración]

1. Obxectivos

Conseguir-la formación necesaria do persoal que realice tarefas relacionadas coa tramitación administrativa co exterior.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, e C, e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 22, 23, 24, 25, 29 e 30 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Regulación normativa. Tipos de procedementos administrativos. Trámites administrativos que hai que realizar.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 17-02-2003.

A emigración de retorno a Galicia

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Emigración]

1. Obxectivos

Conseguir-la formación necesaria do persoal que realice tarefas relacionadas coa emigración de retorno e a inmigración en Galicia.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6, 7, 8, 9, 13, 14 e 15 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 h.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido básico

Dereitos e liberdades dos estranxeiros, reagrupación familiar. Réxime xurídico das actuacións dos estranxeiros: a entrada e saída do territorio español, situacións dos estranxeiros, o permiso de traballo, os réximes especiais. Visados e exencións. Acordos de Schengen. Infraccións e réxime sancionador. Dereito comparado.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xeral de contratación administrativa

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración cos órganos estatutarios]

1. Obxectivos

Profundar nos coñecementos xerais na materia e capacita-los participantes no manexo do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

2. Destinatarios

Persoal funcionario dos grupos C e D ou laborais asimilados ó servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6, 7, 8, 9, 13, 14 e 15 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Principios xerais. Actuacións previas. O contrato de obras. O contrato de xestión de servizos públicos. Outros tipos de contratos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Sistema operativo e folia de cálculo

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración cos órganos estatutarios]

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos sobre o sistema operativo e o manexo da folia de cálculo.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 1, 2, 3, 4, 8, 9 e 10 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Coñecementos básicos. Sistema operativo. Introducción e modificación de valores. Utilización e deseño de fórmulas. Funcións. Gráficos. Xestión de datos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Xestor de bases de datos relacionais

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración cos órganos estatutarios]

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introductorios no manexo do xestor de bases de datos relacionais.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 27 de novembro e 1, 2, 3, 4, 9, 10 e 11 de decembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Conceptos básicos. Xestión de táboas. Consultas. Formularios. Informes.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Actividades



**Actividades do Servizo de Formación
do Persoal da Administración Local
e doutras Administracións**

1. Área local

1.1. Cursos

Os controis de primas gandeiras e identificación animal

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]



1. Obxectivos

Darlle unha formación básica ó persoal que efectúe os ditos controis sobre o uso das ferramentas informáticas na realización dos controis administrativos así como na súa utilidade nos controis sobre o terreo.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que realice controis das axudas a produtores de gando vacún, ovino e cabrún, financiados polo FEOGA-Garantía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 5 ó 7 de maio de 2003.
- 3.3. Horario: 10 a 14.30 e de 16.30 a 19 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Normativa de xestión de primas e de identificación animal; os plans de control administrativo e sobre o terreo. Aplicacións informáticas.

5. Convocatoria

DOG n.º 16, do 24-01-2003.

Xestión informatizada de axudas e compras de intervención de mercados

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Mellora-la información dos xestores de axudas FEOGA-Garantía a empresas pola utilización de determinados produtos de orixe agropecuaria nos procesos de produción, así como da compra de produtos agropecuarios en réxime de intervención de mercados.

2. Destinatarios

Persoal que xestiona axudas FEOGA-Garantía a industrias e compras de produtos en réxime de intervención de mercados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 14 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 24 e 25 de febreiro de 2003.
- 3.3. Horario: 10 a 14.30 e de 16.30 a 19 h.
- 3.4. Prazas: 15.

4. Contido

Axudas FEOGA-Garantía a empresas. A intervención de produtos agropecuarios. Normativa: comunitaria, estatal e autonómica. Órganos competentes. Procedemento.

5. Convocatoria

DOG n.º 16, do 24-01-2003.

A utilización de SQL na realización de consultas nas bases de datos de axudas a explotacións agrarias

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Darlles unha formación básica ós xestores de axudas a explotacións agrarias para que, mediante aplicacións informáticas, poidan realizar consultas non previstas ás bases de datos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que xestione axudas a explotacións agrarias.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 14 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 17 e 18 de marzo de 2003.
- 3.3. Horario: 10 a 14.30 e de 16.30 a 19 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

As bases de datos do sistema integrado de xestión (SIX). Formas de realizar consultas. O SQL.

5. Convocatoria

DOG n.º 16, do 24-01-2003.

As medidas de acompañamento

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Que os xestores das medidas de acompañamento adquiren unha formación axeitada e unha visión global sobre a normativa e a xestión daquelas, así como do programa no que se incardinan e a normativa de aplicación.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica implicado que xestiona as medidas de acompañamento.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 24, 25 e 26 de febreiro de 2003.
- 3.3. Horario: 10 a 14.30 e de 16.30 a 19 h.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

O desenvolvemento rural. Normativa e programas. As medidas de acompañamento: actuais e revisión intermedia. Programación. Formación.

5. Convocatoria

DOG n.º 16, do 24-01-2003.

A reestructuración e reconversión do viñado

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Cñecemento da normativa e procedemento, da xestión e control, e da axuda de referencia.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica implicado na xestión desta axuda.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 14 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 12 ó 13 de marzo de 2003.
- 3.3. Horario: 10 a 14.30 e de 16.30 a 19 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Normativa: comunitaria, estatal e autonómica. Controis administrativos/físicos. Procedemento de xestión.

5. Convocatoria

DOG n.º 16, do 24-01-2003.

Programa de xestión de presentacións. Microsoft Power Point

1. Obxectivos

Iniciar nos coñecementos teóricos sobre Power Point. Manexo e seguemento informático deste programa

2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 25 e 26 de febreiro de 2003.
- 3.4. Horarios: martes de 17 a 20 h e mércores de 10 a 14 e de 16 a 18 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Conceptos básicos: barras de ferramentas. Vistas e elementos dunha presentación. Creación dunha presentación: cambia-lo fondo. Inserir e modificar texto, imaxes prediseñadas, debuxos, obxecto WordArt, táboa Word, folia de cálculo de Excel, organigramas. Imprimir diapositivas. Organiza-las diapositivas: efectos de animación. Clasificación de diapositivas. Transicións de diapositivas. Textos modelo: aplicación de textos modelo. Inserir sons e películas. Asistente para autocontido. Creación dunha presentación para Internet.

5. Convocatoria

DOG n.º 26, do 06-02-2003.

Folla de cálculo avanzado. Microsoft Excel

1. Obxectivos

Profundar nos coñecementos do manexo do sistema operativo. Creación de follas de cálculo avanzado.

2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 3, 4, 10 e 11 de febreiro de 2003.
- 3.4. Horarios: luns de 17 a 20 h e martes de 10 a 14 e de 16 a 18 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Coñecementos avanzados da folia de cálculo. Introducción de datos. Os comandos da folia de cálculo. Copias de datos gráficos. Deseño de follas de cálculo avanzado.

5. Convocatoria

DOG n.º 26, do 06-02-2003.

Introducción á linguaxe de signos

1. Obxectivos

Desenvolver alternativas de comunicación na atención ó público.

2. Destinatarios

Persoal de corporacións locais das unidades de información e atención directa ó cidadán.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 22, 23, 24, 28, 29 e 30 de abril; 5, 6, 7 e 8 de maio de 2003.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Coñecemento básico da linguaxe de signos.
Desenvolvemento de técnicas para favorece-la comunicación.

5. Convocatoria

DOG n.º 39, do 25-02-2003.

Comunicación en linguaxe de signos (nivel avanzado)

1. Obxectivos

Perfecciona-las alternativas de comunicación na atención ó público.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local con funcións de atención ó público, integrado nos grupos C, D e E.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 51 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 15, 16, 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 29 de setembro; 1, 2, 6, 7, 8, 9 e 13 de outubro de 2003.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 h.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Participación activa alumnos (role-playing; feed-back e escenificacións).

5. Convocatoria

DOG n.º 39, do 25-02-2003.

Seguridade alimentaria. Implantación de programas de autocontrol baseados en sistema APPCC

[en colaboración co Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra]

1. Obxectivos

Formación, coñecemento da lexislación en materia de hixiene alimentaria (técnicas analíticas, límites microbiolóxicos, implantación de sistemas de autocontrol baseados en APPCC).

2. Destinatarios

Veterinarios e farmacéuticos funcionarios-directores de calidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 55,5 h.
- 3.2. Lugar e datas: Colexio de Veterinarios e farmacéuticos de Pontevedra, 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28, 29 e 31 de marzo; 1 e 2 de abril de 2003.
- 3.3. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.4. Prazas: 60.

4. Contido

Seguridade alimentaria. Análise da súa aplicación efectiva en España e Galicia. Implantación de sistema APPCC. Directrices xerais. Intoxicacións e toxiinfeccións asociadas ó consumo de alimentos. Investigación epidemiolóxica e laboratorial das enfermidades transmitidas polo consumo de alimentos. Técnicas laboratoriais de determinación das principais toxiinfeccións. Límites microbiolóxicos segundo a natureza dos alimentos. Biotoxinas mariñas. Clasificación de zonas de produción de moluscos bivalvos vivos en Galicia. Plans de mostraxe. Técnicas analíticas. Programas de formación do persoal. Requisitos autorización. Programas DDD. Normativa básica sobre biocidas. Clasificación toxicolóxica de praguicidas. Control de lexionela

en industrias alimentarias. Axencia española de seguridade alimentaria. Principais funcións. Controis en sector primario e sector comercial. Programas de autocontrol baseados en sistema APPCC en industrias de pesca. Programas de autocontrol en restauración colectiva. Implantación dos sistemas APPCC nas distintas autonomías. Situación actual da implantación APPCC. Dirección de programa de auditorías de APPCC. Requisitos e habilidades dos auditores. Definición e tipos de auditoría. Fases do proceso de auditoría segundo a norma ISO 10011 e a súa aplicación ás auditorías de APPCC. Caso práctico de APPCC en industria cárnica (control documental e hixiénico. Supervisión de programa da limpeza e desinfección, protocolo de toma de mostrase en superficie, manipuladores de alimentos e alimentos). Caso práctico de APPCC en industria pesqueira (control documental e hixiénico, trazabilidade de produto, protocolo de toma de mostrase en superficie, manipuladores de alimentos e alimentos). Caso práctico de técnicas laboratoriais (dilucións, medios de cultivo, establecemento de límite, interpretación de gráficas e resultados).

5. Convocatoria

Non publicado no *DOG*.

Rexistro e identificación de animais de compañía

[en colaboración co Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra]

1. Obxectivos

Formación, coñecemento da lexislación en materia de animais de compañía. Implicacións prácticas.

2. Destinatarios

Veterinarios colexiados en Pontevedra.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 h.
- 3.2. Lugar e datas: salón de actos do Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra, 9, 10, 15, 16, 21, 22 e 24 de maio de 2003.
- 3.3. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.4. Prazas: 45.

4. Contido

Utilidade do factor racional como indicador do comportamento agresivo do can. Cans de presa: orixe, historia e morfoloxía das principais razas. O adestrador canino ante os problemas de agresión do can. Etnoloxía e comportamento agresivo. Psicopatoloxía, análise de risco e prevención da agresividade. Casos clínicos. Clínica da agresividade do can (diagnóstico e tratamento). Identificación de animais de compañía. O transponder. Funcionamento dun sistema electrónico identificador pasivo. Sistema de xestión de trazabilidade. Protección de datos. Responsabilidades do veterinario identificador. Aspectos legais sobre a identificación e rexistro de animais de compañía. Aproximación do contido da lexislación de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia. Implicacións prácticas. Aproximación do contido da lexislación da posesión de animais potencialmente perigosos. Implicacións prácticas e breve referencia ó réxime sancionador.

5. Convocatoria

Non publicado no *DOG*.

III Curso de dereito internacional humanitario

[en colaboración coa Cruz Vermella de Ourense]

1. Obxectivos

Contribuír á difusión dos principios fundamentais do movemento internacional da Cruz Vermella e a Media Lúa Vermella.

Analiza-la capacidade de intervención e asistencia nos conflitos, catástrofes e na cooperación internacional.

Aborda-lo fenómeno da Corte Penal internacional. Sensibiliza-los destinatarios desta actividade formativa e o público en xeral da importancia do dereito internacional humanitario.

Incrementa-lo nivel formativo e o interese dos voluntarios da Cruz Vermella en temas de dereito internacional.

2. Destinatarios

Profesionais, funcionarios da Xunta de Galicia, alumnos universitarios de dereito, medicina, farmacia, ciencias políticas, periodismo, profesionais libres sensibilizados no tema: avogados, médicos, xornalistas, funcionarios e membros da Garda Civil, Exército, Policía, membros da Cruz Vermella interesados en formarse en temas de cooperación e dereito internacional humanitario e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugares: salón de actos do Centro Provincial de Cruz Vermella en Ourense.
- 3.3. Datas: 21, 22, 23, 24 e 25 de abril de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 90.

4. Contido

Dereito internacional humanitario e dereitos humanos. O movemento internacional da Cruz Vermella e a Media Lúa Vermella e o dereito internacional humanitario. Unha aproximación ó dereito internacional humanitario na sociedade internacional contemporánea. As armas de destrución masiva fronte ó dereito internacional humanitario. A protección dos prisioneiros de guerra. A situación dos detidos en Guantánamo. A protección do medio natural en caso de conflito armado. A protección das persoas civís en territorios ocupados. A protección da muller fronte á violencia sexual e de xénero en situacións de conflito armado. A creación dos tribunais penais *ad hoc* como medio para asegura-lo respecto do dereito internacional humanitario. A represión das violacións do dereito internacional humanitario a través da acción dos tribunais estatais. Antecedentes da Corte Penal internacional. A experiencia de tribunais de Nuremberg e Tokio. Os crimes de competencia da Corte Penal internacional. Aspectos procesuais da Corte Penal internacional. Violación dos dereitos humanos en situacións de disturbios interiores e tensións internas. Sistemas de eficacia do dereito internacional humanitario. A Corte Penal internacional. Novas perspectivas para a loita contra a impunidad.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Sobre o portal dos concellos de Galicia: O Eido local (11 edicións)

1. Obxectivos

Forma-lo persoal das corporacións locais da comunidade autónoma sobre a utilización dos contidos e servizos dispoñibles no portal Eido local coa finalidade de facer completamente real o uso de Internet como vía de comunicación entre a Administración local, os seus cidadáns e a Administración autonómica, e posibilitar que as xestións administrativas e as comunicacións se poidan realizar telematicamente.

2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h cada edición.
- 3.2. N.º de edicións: 11.
- 3.3. Lugares: 2 edicións por provincia e 3 en Santiago de Compostela.
 - Santiago de Compostela: aula de informática do 2º andar da Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4.
 - A Coruña: aula de informática do Edificio administrativo de servizos múltiples, praza Luís Seoane, s/n.
 - Lugo: aula de informática do Edificio administrativo. Baixo 2º. Ronda da Muralla, 70.
 - Ourense: aula de informática da Delegación da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Avda. da Habana, 79.
 - Pontevedra: aula de informática da Delegación da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Rúa Benito Corbal, 47. Planta baixa.

- 3.4. Datas: Santiago de Compostela: 1ª edición: 2 ó 5 de xuño.
2ª edición: 9 ó 12 de xuño.
3ª edición: 16 ó 19 de xuño.
A Coruña: 1ª edición: 26 ó 29 de maio.
2ª edición: 23 ó 26 de xuño.
Lugo: 1ª edición: 9 ó 12 de xuño.
2ª edición: 16 ó 19 de xuño.
Ourense: 1ª edición: 2 ó 5 de xuño.
2ª edición: 16 ó 19 de xuño.
Pontevedra: 1ª edición: 2 ó 5 de xuño.
2ª edición: 9 ó 12 de xuño.
- 3.5. Horarios: de 17 a 19,30 h.
- 3.6. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

O portal dos concellos de Galicia en Internet (Eido local). Contidos e servizos dispoñibles en Eido local: zona de acceso público e zona de acceso privado ós concellos. Xestión de contidos por parte dos concellos. A certificación electrónica e a sinatura dixital.

5. Convocatoria

DOG n.º 56, do 20-03-2003.

Teórico-práctico de estatística oficial

[en colaboración co Instituto Galego de Estatística]

1. Obxectivos

Proporcionar formación especializada e perfeccionamento profesional, para o coñecemento da estatística pública, a correcta utilización dos instrumentos adecuados para a recollida de datos, o seu tratamento e posterior utilización na elaboración de informes.

2. Destinatarios

Persoal de calquera Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que, no desempeño do seu posto de traballo, realice funcións relacionadas coa estatística, nos termos indicados na base 20 da convocatoria.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugares: Instituto Galego de Estatística, complexo administrativo San Lázaro, rúa San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22, 26 e 27 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de 16.30 ás 19.30 h.
- 3.5. Prazas: máximo de 20.

4. Contido

O sistema estatístico público. Organización e normativa. Fontes estatísticas. Presentación e utilidade da información estatística. Ferramentas informáticas. Estatística descritiva. Fases no desenvolvemento de operacións estatísticas.

5. Convocatoria

DOG n.º 56, do 20-03-2003.

Dereito público autonómico de Galicia para persoal de Administración local

1. Obxectivos

Análise sistemática do bloque normativo de carácter autonómico que resulta aplicable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto desde unha perspectiva teórica coma práctica.

2. Destinatarios

Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos da Administración xeral pertencentes ós grupos A ou B con funcións de asesoramento xurídico.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 67 h.
- 3.2. Lugares: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 22 e 30 de abril; 9, 13, 20 e 27 de maio; 3, 10, 17, 19, 24 e 26 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: das 9.30 ás 14 h e das 16.30 ás 18.30 h.
- 3.5. Prazas: 40.

4. Contido

I. Introducción: o dereito público autonómico de Galicia. A articulación do dereito público autonómico de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia. II. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia: estrutura orgánica. O Parlamento de Galicia. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo. O Consello Consultivo de Galicia. O Consello de Contas de Galicia. III. Organización territorial de Galicia: os entes locais galegos no marco da Constitución española. A provincia. O municipio. Outras entidades locais. A Lei de desenvolvemento comarcal de Galicia. Relacións interadmi-

nistrativas. IV Administración corporativa e outras organizacións representativas. V. Normativa autonómica sectoriales. O marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa aplicación ó persoal ó servizo da Administración local galega. Protección de datos de carácter persoal. O Portelo único. O Eido local, a personalidade administrativa dixital. As facendas locais: normativa reguladora. Visión actual e reforma da LRHL. A tutela financeira das corporacións locais de Galicia: fundamentos xurídicos e económicos, contido e alcance. Competencias autonómicas en entidades de depósito: especial referencia ás caixas de aforros. Os fondos da Unión Europea destinados á comunidade autónoma e ós entes locais de Galicia. O réxime das subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Axudas públicas dirixidas ós entes locais de Galicia. Participación nos ingresos da comunidade autónoma. O Fondo Galego de Cooperación Local. A planificación económica da Comunidade Autónoma. O Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia (Pedega): contido e tramitación. Participación dos entes locais de Galicia na planificación económica rexional. Réxime xurídico do medio natural. Competencias estatais, da Comunidade Autónoma galega e dos entes locais de Galicia. A xestión e eliminación dos residuos sólidos urbanos en Galicia. O réxime xurídico da auga: a administración hidráulica de Galicia, a planificación e a xestión da auga. Montes. Montes veciñais en propiedade colectiva. O Plan forestal de Galicia. A disciplina ambiental: os estudos de impacto ambiental. O Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas. Autorizacións e licencias administrativas en materia de ambiente. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de sanidade. O Servizo Galego de Saúde: réxime xurídico e financeiro. Accións preventivas en materia de saúde pública: augas para consumo humano, piscinas, policía sanitaria mortuo-



Acto de inauguración do Curso de dereito público autonómico de Galicia para o persoal de Administración local (aula Colmeiro, 22 de abril de 2003).

De esquerda a dereita: José Manuel Pardellas Rivera, viceinterventor da Excm. Deputación Provincial da Coruña; Pablo Trillo-Figueroa, director xeral de Administración local do Ministerio de Administracións Públicas; o director da EGAP; e Alfonso Rueda de Valenzuela, director xeral de Administración Local.

ria, sanidade ambiental e escolar. Servicios públicos e policía sanitaria autonómica: matadoiros, mercados, lonxas, farmacias. Competencias estatais, autonómicas e locais en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda. A Lei do solo de Galicia (I): disciplina urbanística. A Lei do solo de Galicia (II): planeamento urbanístico e réxime xurídico do solo. A Lei do solo de Galicia (III): execución do planeamento. A normativa reguladora da edificación e da vivenda. O Instituto Galego da Vivenda e Solo. Axudas á construción e rehabilitación de vivendas. Ordenación do transporte urbano e interurbano de viaxeiros e mercadorías por estrada. O plan concertado de servizos sociais nas entidades locais galegas. Formación ocupacional e promoción do emprego. Familia, infancia e adolescencia. Muller e xuventude. Cooperación e desenvolvemento: competencias estatais, autonómicas e locais. Políticas de cooperación da comunidade autónoma. A ordenación xurídica da pesca marítima na Comunidade Autónoma de Galicia. O marco competencias e normativo da pesca, o marisqueo e a acuicultura. O control da actividade pesqueira. Competencias da Comunidade Autónoma galega en

materia agroalimentaria e desenvolvemento rural. Réxime xurídico e organizativo. Seguridade alimentaria e sanidade animal: principal normativa. A concentración parcelaria e a unidade mínima de cultivo da comunidade autónoma en zonas de acusada infraestrutura rural. Réxime xurídico das costas españolas. Réxime xurídico e de protección do patrimonio histórico-artístico de Galicia: autorización e licencias preceptivas. Réxime de infraccións e sancións. O uso da lingua galega: normas reguladoras e a súa aplicación ás administracións públicas. O fomento da actividade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia. Cooperación entre comunidade autónoma e entres locais. Competencias da comunidade autónoma en materia de turismo. Coordinación das actividades de fomento do turismo. A planificación do turismo. O turismo rural. Competencias das distintas administracións públicas en materia de consumo. Normas de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. A organización de consumidores e usuarios. Horarios comerciais e de apertura ó público: especial referencia a actividades de ocio. Feiras, mercados e espectáculos: normas de aplicación. Normas de funcionamento, horarios, réxime sancionador.

5. Convocatoria

DOG n.º 62, do 28-03-2003.

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (VII promoción)

[en colaboración co INAP]

Primeira fase: formación xeral

1. Obxectivos

Proporcionarlles ós funcionarios de novo ingreso unha formación e capacitación suficientes para desenvolver-las funcións que teñen encomendadas os secretarios-interventores dentro da Administración local, todo iso dende unha perspectiva metódica de carácter eminentemente práctico.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 236 h.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP, r/ de Madrid, 2-4.
- 3.3. Datas: do 3 de marzo ó 9 de maio de 2003, de luns a venres.
- 3.4. Horarios: 9 a 14 e de 16 a 17.30 h.
- 3.5. Prazas: 16.

4. Contido

- Área de coñecementos técnico-profesionais: Facendas locais. Xestión orzamentaria e control e fiscalización. Contabilidade local e sistema de aplicación contable para a Administración local. Tesourería e recadación. Organización e funcionamento das entidades locais. Procedemento e réxime xurídico. Xestión de contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Bens das entidades locais. Habilidades directivas. Visita da institución.
- Área de Tecnoloxías da información e as comunicacións: tratamento de textos Word e Excel.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (VII promoción)

[en colaboración co INAP]

Módulo de dereito autonómico

1. Obxectivos

Que os alumnos afonden na normativa da comunidade autónoma na que se pode atopar-lo posto de traballo onde van exercer.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Calendario

Do 12 ó 23 de maio de 2003.

4. Contido

Lexislación autonómica local: especial referencia á Lei de administración local de Galicia. Normativa da función pública da comunidade autónoma: implicación na Administración local de Galicia. Xestión de axudas financiadas con fondos europeos. Réxime urbanístico da propiedade do solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Réxime económico financeiro local: especialidades da normativa autonómica. Réxime urbanístico da propiedade de solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Eido Local e linguaxe administrativa galega.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Cursos sobre o método do caso

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Dota-la inspección ambiental de formación, coordinación e xestión sobre casos prácticos de inspección e lexislación aplicable en cada caso e tamén nos labores de inspección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da inspección ambiental da Consellería de Medio Ambiente, e outros técnicos da citada consellería cun traballo que estea estreitamente relacionado coa inspección ambiental.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 5 h mensuais.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP.
- 3.3. Datas: marzo: día 12, abril: día 9, maio: día 14, xuño: día 11, xullo: día 9, setembro: día 10, outubro: día 8, novembro: día 12 e decembro: día 10 de 2003.
- 3.4. Horario: das 10 ás 15 h.
- 3.5. Prazas: 50.

4. Contido

1. Caso práctico: breve descrición por parte dun inspector dunha inspección ambiental realizada por el.
2. Análise do caso por grupos.
3. Debate do caso e posta en común.
4. Conclusións e proposta final.

5. Convocatoria

DOG n.º 67, do 04-04-2003.

Programa de xestión de presentacións. Microsoft Power Point

1. Obxectivos

Iniciar nos coñecementos teóricos sobre Power Point. O seu manexo e seguimento informático.

2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: Pontevedra, aula de informática de Caixanova.
- 3.3. Datas: 15 e 16 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9 a 14 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Conceptos básicos: barras de ferramentas. Vistas e elementos dunha presentación. Creación dunha presentación: cambia-lo fondo. Inserir e modificar texto, imaxes predeseñadas, debuxos, obxecto WordArt, táboa Word, folia de cálculo de Excel, organigramas. Imprimir diapositivas. Organiza-las diapositivas: efectos de animación. Clasificación de diapositivas. Transicións de diapositivas. Textos modelo: aplicación de textos modelo. Inserir sons e películas. Asistente para autocontido. Creación dunha presentación para Internet.

5. Convocatoria

DOG n.º 72, do 11-04-2003.

Prevención de riscos laborais

1. Obxectivos

Dota-los participantes dos coñecementos técnicos necesarios pra o desenvolvemento das funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais. Proporcionarlles ós participantes uns coñecementos xerais e básicos sobre toda a normativa legal aplicable en materia de prevención de riscos laborais. Analizar cáles son os principais riscos que se presentan nas diferentes tarefas e actividades profesionais que desenvolven os traballadores da Administración local e afondar nas medidas para a súa prevención. Coñecer tódolos factores involucrados na protección fronte ós riscos laborais, ós elementos básicos de xestión da prevención de riscos e ós órganos específicos de participación dos traballadores nesta materia.

2. Destinatarios

Funcionarios e empregados das corporacións locais con funcións técnicas ou administrativas. Persoal da Administración local en xeral, interesado na materia do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.
- 3.3. Datas: 12, 13, 14, 15, 16, 19, 20, 21, 22 e 23 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Conceptos básicos sobre a seguridade e a saúde no traballo. Riscos xerais e a súa prevención. Riscos específicos nas diferentes actividades das entidades locais e a súa prevención. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos. Primeiros auxilios.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Curso sobre a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

1. Obxectivos

Dar a coñece-lo novo réxime xurídico urbanístico de Galicia.

2. Destinatarios

Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de Administración xeral de corporacións locais pertencentes ós grupos A ou B.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.
- 3.3. Datas: 15, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 25 e 26 de setembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Lexislación autonómica de urbanismo. Clasificación e réxime xurídico do solo: solo núcleo rural e solo rústico. Disciplina urbanística. Planeamento, xestión e licencias.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Curso sobre réxime de funcionamento dos órganos locais

1. Obxectivos

Proporcionarles ós participantes un maior coñecemento do réxime de funcionamento dos órganos locais.

2. Destinatarios

Cargos electos das entidades locais de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.
- 3.3. Datas: 9, 10 e 11 de setembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Composición e funcionamento dos órganos locais. Competencias e réxime de delegacións. Réxime de convocatoria e desenvolvemento de sesións. Información e acceso á documentación. Grupos municipais.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Curso sobre a facenda nas entidades locais de Galicia

1. Obxectivos

O curso ten por obxecto realizar unha análise exhaustiva, teórica e práctica dos recursos financeiros dos entes locais de Galicia tralas recentes e profundas modificacións que se levaron a cabo nas súas normas reguladoras estatais e autonómicas.

2. Destinatarios

Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de Administración xeral de corporacións locais pertencentes ós grupos A ou B.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.
- 3.3. Datás: 30 de setembro; 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10 e 13 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

A situación económico-financiera das entidades locais de Galicia. O réxime xurídico das facendas locais de Galicia: normativa europea, estatal e autonómica de aplicación. A xestión tributaria actual. A Lei de estabilidade orzamentaria e as entidades locais. Os plans económico-financieros de corrección dos desequilibrios orzamentarios. As operacións de crédito dos entes locais: réxime xurídico, requisitos para a concertación de operacións de crédito. O imposto sobre bens inmobles. O imposto sobre actividades económicas: elementos

básicos do imposto, a xestión e a inspección tributaria do IAE. A xestión censal do imposto sobre actividades económicas. Colaboración interadministrativa. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica: elementos persoais e obxectivos do imposto. A xestión municipal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto de construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: elementos esenciais e xestión do IIVTNU. As contribucións especiais. As cotas de urbanización. Os ingresos públicos derivados dos convenios urbanísticos e da xestión urbanística municipal. A participación nos tributos do Estado de municipios e provincias. O Fondo Galego de Cooperación Local. Os instrumentos financeiros da política rexional europea: fondos estruturais, fondo de cohesión, Banco Europeo de Investimentos. As taxas e os prezos públicos: réxime xurídico, elementos esenciais, ordenanzas reguladoras. Multas e sancións. As subvencións doutros entes públicos. A cooperación económica estatal ós plans provinciais de obras e servizos. O imposto sobre o valor engadido e os ingresos públicos locais (I): supostos de suxeición. Base imponible. Tipos de gravame. IVE soportado deducible: pro rata xeral e especial. O imposto sobre o valor engadido e os ingresos públicos locais (II): obrigas formais e materiais dos entes locais como suxeitos pasivos do IVE.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Contabilidade pública na Administración local

1. Obxectivos

Proporcionar coñecementos teóricos e prácticos en relación coa contabilidade dos entes locais e a súa aplicación mediante exercicios prácticos.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local, pertencente ós grupos C e D ou asimilados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.
- 3.3. Datás: 3, 4, 5, 6, 12, 13, 17, 18, 19 e 20 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Introducción á contabilidade financeira: a partida dobre. Criterios de cargo e aboamento. Estructura do Plan xeral de contas da Administración local. Libros de contabilidade dos entes locais, contido e funcionamento. Significado e funcionamento das contas de balance e das contas de resultados. Contas de orde e de control orzamentario. Especial referencia ás contas de provisión, de amortizacións e de periodificación contable. Obxectivos e principios da contabilidade pública local: relacións entre a estrutura orzamentaria das entidades locais e o plan de contas da Administración local. Apertura da contabilidade e do orzamento local. Contabilización da xestión e execución do orzamento de gastos das entidades locais. Modificacións de cré-

dito, axustes no orzamento prorrogado. Fases da xestión de gastos. Contabilidade de orzamentos de ingresos: as previsións iniciais e as súas modificacións. As fases de xestión dos ingresos dos entes locais. Contabilidade dos bens que constitúen o inmovilizado material, inmaterial e financeiro e das operacións de crédito das entidades locais. Contabilización das operacións non orzamentarias: estrutura. Libros de contabilidade. Funcionamento. Os gastos con financiamento afectado e os gastos plurianuais: concepto, contabilización e consecuencias nas magnitudes de fin de exercicio. Operacións de fin de exercicio: periodificación, regulación e peche. O resultado orzamentario. Os remanentes de crédito. O remanente de Tesourería. A conta xeral das entidades xerais: contido e tramitación.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Contabilidade agraria: programa

XESCONTA

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Coñecer e utilizar programas contables nas explotacións agrarias que permitan:

- Seguimento e evolución dos resultados económicos.
- A avaliación da eficiencia das técnicas empregadas na produción.
- O cumprimento das obrigas fiscais.
- A toma de decisións (xestión) baixo criterios empresariais.

2. Destinatarios

Técnicos agrarios con cometidos na formación e asesoramento dos agricultores e gandeiros.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 22 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude (Boqueixón).
- 3.3. Datás: 17 ó 20 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9.30 a 14 e de 15.30 a 17.30 h.
- 3.5. Prazas: 16.

4. Contido

Plan xeral de contabilidade e adaptación á contabilidade das explotacións agrarias. Funcionamento e aplicación do programa Xesconta. Adaptación dos resultados contables para mellora-la xestión das explotacións. A contabilidade como ferramenta necesaria para optimiza-las obrigas fiscais dos sistemas de produción agrarios.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

AutoCAD

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Dar-lles unha información adecuada ós xestores que interveñen no proceso de concentración parcelaria para que poidan aproveitar tódalas utilidades da aplicación informática do AutoCAD.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia que interveñen directamente no proceso de concentración parcelaria.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 60 h.
- 3.2. Lugar: aula de informática do Edificio múltiple de Monelos (Praza Luís Seoane s/n. A Coruña).
- 3.3. Datás: 15, 16, 19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de maio; 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19, 20, 23, 24 e 25 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: de 8 a 10 h.
- 3.5. Prazas: 15.

4. Contido

Introducción ó AutoCAD. Traballar con AutoCAD. Conceptos básicos. Ordes en AutoCAD. Iniciar un debuxo. Ordes básicas de edición. Unidades de medida e límites. Reixa e forzado de coordenadas. Zoom. A orde LINEA: liñas poliliñas e liñas múltiples. Tipos de coordenadas. Referencia a entidades. Capas, matrices, sombreado. Equidistancia. Estirar obxectos. Bloques. Acotación. Texto. Trazado dun debuxo. Exercicios prácticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Viticultura e enoloxía

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Formación de técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural vinculados no seu traballo ás técnicas enolóxicas e vitícolas.

2. Destinatarios

Funcionarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural que desenvolven programas de axudas e técnicas enolóxicas e vitícolas.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 h.
- 3.2. Lugar: Eveda (Leiro).
- 3.3. Datas: 19, 20, 21, 22 e 23 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9.30 a 14 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Viticultura. O medio vitícola galego, as variedades galegas, portaenxertos, os criterios de decisión de plantación. A poda, o abonado, o mantemento do solo.

Enoloxía. Seguimento da maduración. Decisión do momento de vendima. A elaboración do viño branco. A elaboración do viño tinto. Enfermidades dos viños.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Agricultura e gandería ecolóxica nas explotacións agrarias do litoral cantábrico

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Actualizar os coñecementos do persoal que ten unha vinculación directa coa produción ecolóxica nos seus diferentes aspectos.

2. Destinatarios

Técnicos agrarios da Xunta de Galicia relacionados coa produción ecolóxica.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 28 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Pedro Murias (Ribadeo).
- 3.3. Datas: 13, 14, 15, 16 e 17 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 10 a 14 e de 15.30 a 17.30 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Fundamentos da agricultura e gandería ecolóxica. Marco legal. Evolución da agricultura e gandería ecolóxica. O grao de acollida nas diferentes comunidades autónomas. Programas de axudas. Mercados, comercialización e produtos agroambientais. A certificación na produción ecolóxica, sistemas de control.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Hortofloricultura en produción integrada

(en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural)

1. Obxectivos

Coñecemento da produción integrada e aplicación práctica na horticoltura galega do Real decreto 1201/2002.

2. Destinatarios

Técnicos agrarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 28 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo (Bergondo).
- 3.3. Datas: 24, 25, 26, e 27 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: de 10 a 14 e de 16 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

O Real decreto 1201/2002. A Lei 43/2002 de sanidade vexetal. Inimigos naturais autóctonos nos cultivos baixo abrigo en Galicia. Pragas e enfermidades dos cultivos hortícolas en Galicia. O cultivo das brasicas en produción integrada en Aragón. Técnicas de produción integrada de tomate, pemento, feixón verde e leituga. A trazabilidade das producións hortícolas en produción integrada.

5. Convocatoria

DOG n.º 80, do 25-04-2003.

Curso integrado de Intranet, navegador web e correo electrónico (3 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Promove-la integración das novas tecnoloxías no traballo diario dos empregados municipais, e divulga-las posibilidades das redes informáticas e os seus recursos.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 3.
- 3.2. Duración: 20 h.
- 3.3. Lugar: CEICA.
- 3.4. Datas: 1ª edición: do 21 de abril ó 14 de maio de 2003.
2ª edición: do 22 abril ó 27 de maio de 2003.
3ª edición: do 19 de maio ó 11 de xuño de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 19:30 h.
- 3.6. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Introducción a Internet: qué é Internet, qué servizos ofrece. Os navegadores e buscadores. A Intranet do Concello de Vigo: a información que contén. O correo electrónico: os enderezos de e-mail. Configuración de correo.

5. Convocatoria

Non publicada no DOG.

Introducción á ofimática: Windows básico de Word e Excel

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Coñece-lo funcionamento do ordenador, a estrutura, o manexo de Windows. Forma-los asistentes no manexo do procesador de textos Word e folla de cálculo Excel.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 40 h.
- 3.3. Lugar: Vigo, r/ Príncipe, 22-2º.
- 3.4. Datas: do 29 de abril ó 29 de maio de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 19 h.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

Introducción a Windows: Utilización básica do rato. Manexo de ventás en Windows 98. Creación de iconos de acceso directo. Uso do explorador de Windows. Creación de pocións de menús. Panel de control. Word 2000: instalación do programa. Operacións básicas. Operacións con bloques. Cambio de aspecto de documento. Automatización de tarefas. Efectos especiais. Táboas. Obxectos gráficos. Excel 2000: Creación de folla de cálculo. Introducción de datos. Deseño básico de follas de cálculo. Barras de ferramentas. Os menús de Excel. Gravación, peche e recuperación. Seleccionar, mover, copiar, cortar e operacións básicas. Rangos. Operacións con rangos. Edición e modificación. Formato de celas. Formato de filas. Formato de columnas. Operacións con filas e columnas. Fórmulas e funcións. Gráficos básicos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Internet xurídico (2 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Dar a coñece-las posibilidades de utilización dos recursos xurídicos da rede.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 2.
- 3.2. Duración: 10 h.
- 3.3. Lugar: Vigo, aula de informática do concello.
- 3.4. Datas: 1ª edición: do 12 ó 15 de maio de 2003.
2ª edición: do 19 ó 22 de maio de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 19:30 h.
- 3.6. Prazas: 12 por edición.

4. Contido

Funcións e comandos do Navegador.

Consultas de bases de datos públicas: criterios de busca.

BOE.

DOG.

DOCE.

Consultas de bases de datos privadas: criterios de busca.

Bosch.

La Lex.

Manexo de documentos:

Documentos TXT.

Documentos RTF.

Documentos DOC.

Documentos PDF

Documentos TIF.

Transvasamento de información das bases de datos ós documentos activos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Aplicacións prácticas na contratación administrativa

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Achegar coñecementos prácticos sobre a contratación administrativa e as mercas, en beneficio simultáneo da legalidade, a eficacia e a eficiencia. Aproximar a aqueles aspectos e figuras xurídicas menos coñecidas e empregadas pola Administración.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 30 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: do 24 de abril ó 29 de maio de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

Parte xeral: Ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas. Requisitos dos contratos administrativos. Tramitación, procedemento e forma dos contratos administrativos. Preparación dos contratos administrativos: inicio, pregos de condicións, competencia para a súa aprobación. Licitación. Adjudicación, formalización, execución e extinción dos contratos administrativos.

Contratos administrativos típicos: O contrato de obras. O contrato de xestión de servizos públicos. O contrato de subministración. O contrato de consultoría e asistencia técnica e de servizos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Perfeccionamento sobre determinados aspectos do procedemento administrativo

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Perfecciona-lo coñecemento da Lei 30/1992, do 26 de novembro, analizando determinados aspectos de importante repercusión xurídica e fixar criterios orientadores en cada unha das materias de que se trate, e realizar unha exposición pormenorizada de cada.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datás: do 21 de abril ó 8 de maio de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

1) Procedemento administrativo: concepto, clases, normativa.

2) Procedemento administrativo local: A Administración municipal e o procedemento administrativo. A competencia dos órganos locais. Delegación. Avocación. Abstención e revogación. Os interesados no procedemento. Lexitimación. Representación. Pluralidade de interesados. Dereitos e obrigas dos cidadáns. Actos xurídicos dos administrados. Termos e prazos: concepto, cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. A solicitude do interesado: requisitos, modelos oficiais, lugar de presentación, subsanación e mellora, acu-

mulación. Documento e expediente: documento: concepto, clases, elementos formais, compulsa e verificación. Expediente: concepto, contido, desglose, copias e certificacións. Notificación e publicación dos actos administrativos: a notificación dos actos administrativos: contido, formas de practicalas notificacións, negativa a recepción das notificacións, notificacións defectuosas, subsanación de notificacións defectuosas. A publicación de actos administrativos. A terminación anormal do procedemento: desestímulo e renuncia. Caducidade.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Conceptos básicos de normativa en materia de calidade ambiental

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Sensibilizar e informar sobre a relación da normativa ambiental nas organizacións públicas locais.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: do 22 de setembro ó 6 de outubro de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

- 1) O medio natural e o dereito: conceptos básicos.
- 2) Marco legal U.E., A.G.E., C. A. Galicia e AA.LL. (especialmente Concello de Vigo).
- 3) Responsabilidades xurídicas ambientais: administrativas e penais.
- 4) Análise legal sectorial: augas, residuos, ruído, contaminación atmosférica e avaliación de impacto ambiental.
- 5) Sistemas de xestión ambiental: EMAS-2001 e ISO 14001.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Convenios administrativos na Administración local

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Instruír ós asistentes nas diferentes modalidades de convenios administrativos e a súa correcta redacción e tramitación.

2. Destinatarios

Persoal ó servicio do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: do 14 ó 30 de outubro de 2003.
- 3.5. Horario: 17 a 20:15 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

1. Os convenios administrativos: introducción. Convenios e contratos administrativos. Convenios e protocolos xerais de colaboración. Funcionalidade e réxime xurídico aplicable.
2. Convenios entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas: convenios de colaboración e convenios de conferencia sectorial. Análise de supostos prácticos.
3. Convenios entre a Administración do Estado ou das comunidades autónomas e as corporacións locais: os acordos de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa na lexislación galega de réxime local. Análise de supostos prácticos.
4. Convenios entre as deputacións provinciais e os municipios: convenios de prestación de servizos.

Análise de supostos prácticos.

5. Convenios entre municipios e persoas ou entidades privadas. Tipoloxía. Funcionalidade. Análise de supostos prácticos.
6. Os convenios urbanísticos na lexislación urbanística de Galicia: concepto, alcance e natureza. Obxecto. Clases. Formalización e procedemento. Análise de supostos prácticos.
7. Terminación convencional dos procedementos administrativos. Referencia ós convenios expropiatorios e ós convenios en materia tributaria.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Incidencia das normas comunitarias europeas nas entidades locais. Unión Europea: cuestións de actualidade

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Atinxir un achegamento básico dos empregados públicos locais ás institucións e ó dereito comunitario. Familiarización co vocabulario e conceptos elementais de acervo comunitario para a súa posterior aplicación ós administrados. Coñecemento da estrutura e funcionamento das institucións europeas.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 30 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: outubro - novembro de 2003.
- 3.5. Horario: de 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

O sistema institucional da Unión Europea. As fontes do dereito comunitario. As competencias da Unión Europea. Os dereitos e liberdades na Unión Europea. Poderes locais e integración europea.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Metodoloxía estatística básica. Presentación de datos e confección de memorias

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Deseñar unha metodoloxía de elaboración de memorias de actividade, así como a súa presentación en soporte informático.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 30 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: do 22 de setembro ó 1 de outubro de 2003.
- 3.5. Horario: de 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

Os programas locais e a estatística (atributos e variables). Elaboración de táboas de datos estatísticos (distribución de frecuencias, táboas estatísticas, medidas de centralización e de dispersión). Análise de datos de actividade local (taxas, proporcións, índices, variacións, porcentaxes e números, series cronolóxicas e temporais). Elaboración dun modelo de memoria de actividades nas unidades administrativas locais. Presentación de resultados das memorias en soporte informático.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Novidades legislativas en materia de réxime local

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Actualización dos coñecementos en materia de réxime local, en especial o estudo da lexislación máis recente.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 25 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: do 15 de setembro ó 8 de outubro de 2003.
- 3.5. Horario: de 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

A Administración local. Principios constitucionais e regulación xurídica. Entidades locais. A provincia. O municipio. Outras entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Órganos de goberno municipais. Os bens das entidades locais. Os contratos administrativos na esfera local. Procedemento administrativo local. Facendas locais. A función pública local.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Organización, funcionamento e réxime xurídico dos órganos de goberno das entidades locais

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Proporcionarlles ós participantes un maior coñecemento do réxime de funcionamento dos órganos locais.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datas: do 16 de setembro ó 7 de outubro de 2003.
- 3.5. Horario: de 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

Composición e funcionamento dos órganos locais. Competencias e réxime de delegacións. Réxime de convocatoria e desenvolvemento de sesións. Información e acceso á documentación. Grupos municipais. Referencia ó Anteproxecto da lei de medidas para a modernización do goberno local.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Dereito administrativo

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Forma-lo persoal dos grupos D e E nas cuestións básicas de dereito administrativo.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N.º de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 60 h.
- 3.3. Lugar: Escola náutico-pesqueira de Vigo, r/ Beiramar, 56.
- 3.4. Datás: 22, 29 de abril; 6, 3, 20, 27 de maio; 3, 10 de xuño; 16, 23 e 30 de setembro; 2, 7, 9, 14, 16, 21, 23, 28 e 3 de outubro; 4, 6, 11 e 13 de novembro de 2003.
- 3.5. Horario: de 17 a 20 h.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

A Constitución española de 1987. Principios fundamentais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A Coroa. Os custos xerais. O Goberno. O Poder xudicial. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Principios xerais e estrutura. A Unión Europea. A acta única europea. As liberdades básicas do sistema comunicatio. Breve referencia ás institucións da Unión Europea. Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. O acto administrativo. Principios xerais do procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo xeral. Formas da acción administrativa. Fomento. Policía. Servizo público. O réxime local español. Principios constitucionais e regula-

ción xurídica. O municipio. O termo municipal. Poboación. O empadramento. Organización municipal. Competencias. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. A función pública local e a súa organización. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións dos funcionarios públicos locais. O procedemento disciplinario. Facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. O administrado. Os dereitos e deberes dos veciños no ámbito local. O cidadán como cliente e como usuario dos servizos públicos. A atención ó público. Atención telefónica. O rexistro de documentos: concepto. O rexistro de entrada e saída. Requisitos da presentación de documentos. A informatización dos rexistros. Comunicacions e notificacións. O arquivo. Clases de arquivo e funcionamento. O dereito dos cidadáns ó acceso a arquivos e rexistros. Os documentos administrativos. Especial referencia ó expediente. Breve referencia á prevención de riscos laborais.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Procedemento de outorgamento de licencias e concesións

1. Obxectivos

Afondar nos coñecementos de outorgamentos de licencias e concesións.

2. Destinatarios

Funcionarios de corporacións locais pertencentes ós grupos A, B e C ou asimilados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 h.
- 3.2. Lugar: Pontevedra.
- 3.3. Datás: 15, 17, 18, 19, 23, 24 e 25 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

As diferentes formas da actividade administrativa. A actividade de supervisión ou policía administrativa. Os principios reguladores da actividade de supervisión. As técnicas da actividade de supervisión: a regulamentación. Ordes, mandatos e prohibicións; outras formas de control preventivo. Estudo especial da autorización ou licenza. Concepto. Licencias e concesións, diferenciación. Clases. Características. Transmisións. Extinción. As licencias de apertura inocuas. Obxecto e procedemento de outorgamento. As licencias para actividades clasificadas. Obxecto e procedemento de outorgamento. Características especiais. As autorizacións puntuais. Outras autorizacións: ambientais, policía sanitaria mortuoria, intervención no comercio, a venda ambulante, en materia de transportes. Estudo especial das licencias urbanísticas. As autorizacións sectoriais previas. As relacións entre as licencias de

obras e aperturas. O outorgamento simultáneo. O uso do dominio público. Actos sometidos a licencias ou autorizacións e actos sometidos a concesións: estacionamentos e ocupacións, precariedade de primeiro e segundo grao. En especial, as concesións demaniais locais. Concepto, características, procedemento de outorgamento, extinción. O dereito funerario. As formas de xestión dos servizos públicos. O contrato de concesión do servizo. Concepto, características. Diferencias entre concesión pura, contrato de servizos e concesión de obra pública. Os actos preparatorios da concesión de servizos: o anteproxecto de explotación e o regulamento de prestación do servizo. As relacións do xestor cos usuarios. Procedemento de adjudicación e formalización, criterios de admisión e adjudicación. A sucesión de empresa no eido da xestión indirecta do servizo. A concesión de obra pública. A execución do contrato de xestión de servizos. Relacións entre a Administración e concesionario. Os poderes e facultades da Administración concedente. O principio de risco e ventura e o mantemento do equilibrio financeiro. A modificación do contrato. A subcontratación. A extinción do contrato. A reversión das obras e instalacións.

5. Convocatoria

DOG n.º 86, do 06-05-2003.

Programa de desenvolvemento de habilidades directivas para a función pública (2ª edición)

[en colaboración coa Escola para as Administracións Públicas Caixanova]

1. Obxectivos

Fomenta-lo traballo en equipo dos asistentes como mellor forma de aproveitar os seus coñecementos e habilidades, e a participación activa na clase, ó poñe-la maior énfase no desenvolvemento de casos prácticos e aplica-la metodoloxía coñecida como método do caso.

2. Destinatarios

Persoal das distintas administracións públicas de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 48 h.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP e sede da Escola para as Administracións Públicas Caixanova, r/ San José, 1.
- 3.3. Datas: 29 de maio; 5, 12, 19 e 26 de xuño; 3 de xullo de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9 a 14 e de 15.30 a 18.30 h.
- 3.5. Prazas: 50.

4. Contido

Dirección de persoas. O desenvolvemento persoal a través da intelixencia emocional. Mellora das habilidades de comunicación interpersonal. Negociación eficaz. Organización persoal do directivo: xestión do tempo. Presentacións eficaces. Imaxe e oratoria.



Acto de presentación do curso sobre o programa de habilidades directivas para a función pública (EGAP, 28 de maio de 2003).

De esquerda a dereita: José Luis Pego, director xeral adxunto de Caixanova; e o director da EGAP.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Programa de desenvolvemento de habilidades directivas para a función pública (20 edición)

[en colaboración coa Escola para as Administracións Públicas Caixanova]

1. Obxectivos

Fomenta-lo traballo en equipo dos asistentes como mellor forma de aproveitar os seus coñecementos e habilidades, e a participación activa na clase, ó poñer-la maior énfase no desenvolvemento de casos prácticos e aplicar-la metodoloxía coñecida como método do caso.

2. Destinatarios

Persoal das distintas administracións públicas de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 48 h.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP e sede da Escola para as Administracións Públicas Caixanova, r/ San José, 1.
- 3.3. Datas: 23 e 30 de outubro; 6, 13, 20 e 27 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9 a 14 e de 15.30 a 18.30 h.
- 3.5. Prazas: 50.

4. Contido

Dirección de persoas. O desenvolvemento persoal a través da intelixencia emocional. Mellora das habilidades de comunicación interpersoal. Negociación eficaz. Organización persoal do directivo: xestión do tempo. Presentacións eficaces. Imaxe e oratoria.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Folla de cálculo para o persoal ó servizo dos concellos de Galicia, na modalidade de teleformación

1. Obxectivos

Introduci-lo usuario dun xeito rápido no manexo do programa Excel.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local con coñecementos do acceso a Internet.

3. Requisitos técnicos

- PC con conexión á Internet.
- Conta de correo electrónico.
- Navegador de Internet.

4. Desenvolvemento

4.1. Duración: 30 h (25 de autoestudio con titorías telemáticas e 5 h presenciais).

A realización do autoestudio completárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos lle poidan formular ó profesor tódalas dúbidas relacionadas coa materia do curso.

Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 h, a primeira, ó comezo do curso co fin de explica-lo seguimento e a estrutura deste a segunda, ó final para a realización da proba de avaliación para poder obte-lo diploma de aproveitamento.

4.2. Datas: xuño e setembro de 2003.

4.3. Prazas: 30.

4. Contido

Excel 2000: posibilidades de Excel. Estructura do programa. Introducción datos. Facer cálculos. Utilizar gráficos. Dar deseño a follas de cálculo. Traballar con bases de datos. Analizar datos. Personalizar Excel.

5. Convocatoria

DOG n.º 110, do 09-06-2003.

Informes: elaboración e estilo (2 edicións)

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Acadar que os textos redactados polo persoal municipal transmitan fielmente a información.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña dos grupos C e D.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 1ª edición: 19, 20, 21, 22 e 23 de maio 2003.
2ª edición: 13, 14, 15, 16 e 17 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 8 a 10 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Comunicación funcional. O proceso de redacción. Os informes.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Aprendizaxe lector (bibliotecas) (2 edicións)

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Comprende-los mecanismos de aprendizaxe e desenvolvemento da lectura. Coñecer estratexias de desenvolvemento do hábito lector.

2. Destinatarios

Persoal do servizo de bibliotecas do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 1ª edición: 20, 21, 22, 23 e 24 de outubro 2003.
2ª edición: 3, 4, 5, 6 e 7 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 8 a 10 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Métodos de aprendizaxe lector. Proceso lector. Diferentes lecturas.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Power Point (2 edicións)

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Forma-lo persoal no uso de Power Point.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 1ª edición: 5, 6, 7, 8 e 9 de maio 2003.
2ª edición: 19, 20, 21, 22 e 23 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de 8 a 10 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Elaboración de presentacións usando Power Point.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Project/2000

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Forma-los participantes en técnicas de xestión de proxectos empregando a ferramenta informática Project/2000.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12 e 13 de xuño 2003.
- 3.4. Horarios: de 8 a 10:30 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Técnicas de xestión de proxectos. O programa Project/2000.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Mediación en consumo

[en colaboración co Instituto Galego de Consumo]

1. Obxectivos

Desenvolver habilidades negociadoras entre o persoal receptor das reclamacións en consumo, co fin de provome-lo ánimo de acordo e contribuír á resolución das situacións conflictivas.

2. Destinatarios

Persoal do Instituto Galego de Consumo e das oficinas municipais de información ó consumidor.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 8 h por edición.
- 3.2. Lugares: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- 3.3. Datas: 22, 23, 24 e 25 de setembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 10 a 14 e de 16 a 20 h.
- 3.5. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

A comunicación; definición de conflito; perfil e papel do mediador. O procedemento da mediación; a negociación; técnicas e estratexias. Concepto xurídico da mediación. A mediación nos conflitos de consumo: características de seu. Experiencias de mediación noutras comunidades autónomas. Análise e discusión de casos prácticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 122, do 25-06-2003.

Garantías e publicidade

[en colaboración co Instituto Galego de Consumo]

1. Obxectivos

Revisa-la normativa aplicable. Analiza-las características do sector e actualiza-los coñecementos nestas materias.

2. Destinatarios

Persoal do Instituto Galego de Consumo e das oficinas municipais de información ó consumidor.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 h.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 28 de outubro; 4, 11 e 18 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 10 a 14 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Normativas autonómica, nacional e europea para aplicar na materia. Mencións obrigatorias do documento de garantía. Prexuízos de demora na reparación en garantía. Interrupción do prazo de garantía durante a reparación. Publicidade enganosa. Promocións e ofertas: dereitos dos consumidores. Publicidade televisiva: inspección e sanción. Garantía legal e comercial. Garantías especiais (talleres, servizo de asistencia técnica, vivenda, etc.)

5. Convocatoria

DOG n.º 122, do 25-06-2003.

Xestión de residuos agrarios: instalacións agrarias adaptadas ó tratamento de residuos

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Analiza-la problemática do almacenamento de residuos agrarios, e ve-las diferentes solucións e alternativas con base en diferentes modelos prácticos.

2. Destinatarios

Técnicos agrarios dos grupos A e B que realicen a súa actividade na Administración e técnicos de AXE e de entidades asociativas gandeiras.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo (Bergondo).
- 3.3. Datas: 22 ó 26 de setembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Situación actual dos residuos gandeiros. Problemática. Evolución e perspectivas. Diferentes modelos de instalación adaptados ó almacenamento de residuos. Alternativas técnicas adaptadas á problemática de Galicia. Realización práctica dunha impermeabilización.

5. Convocatoria

DOG n.º 117, do 18-06-2003.

A norma UNE-EN ISO/IEC 17025

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Formación do persoal para o mantemento e ampliación da acreditación das diferentes técnicas analíticas segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Cumprimento da norma en canto á obriga de formación continua das persoas que interveñen nas análises.

Concienciación do persoal da necesidade e obrigatoriedade da acreditación.

2. Destinatarios

Persoal de laboratorios químicos acreditados ou pendentes de acreditación.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 41 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo (Bergondo).
- 3.3. Datas: 6 ó 23 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 16 a 19 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

A norma UNE-EN ISO/IEC 17025: aspectos xerais. Campo de aplicación. Documentos normativos de referencia. Termos e definicións. Requisitos de xestión. Requisitos técnicos.

Equipamentos de laboratorio: calibración, validación e mantemento. Calibración e mantemento de equipos térmicos e medidores de temperatura. Termopares e sondas PT100. Calibración e mantemento de balanzas. Calibración e mantemento de equipos volumétricos. Calibración e mantemento de espectrofotómetros. Calibración e mantemento de cromatógrafos.

Validación de métodos de ensaio. Introducción. Informe previo á validación. Precisión. Exactitude. Selectividade. Intervalo de traballo, linearidade. Límite de detección. Límite de cuantificación. Incerteza dos resultados. Informe final.

Control de calidade. Control de calidade interno. Criterios de aceptación de resultados. Gráficos de control. Ensaos colaborativos. Aplicacións estatísticas para avaliación de resultados.

5. Convocatoria

DOG n.º 117, do 18-06-2003.

Desenvolvemento rural

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Estudio teórico-práctico de análise de obxectivos e preparación dun programa de desenvolvemento para unha área rural.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da comunidade autónoma dos grupos de acción local e axentes de desenvolvemento local.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 h.
- 3.2. Lugar: EGAP Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: 27 ó 31 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9 a 14 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Planificación estratéxica de espazos rurais: metodoloxía, diagnóstico, proposta. Liñas de axuda para o medio rural. Programas europeos para o desenvolvemento das áreas rurais.

5. Convocatoria

DOG n.º 117, do 18-06-2003.

Medidas agroambientais

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Ampliar e actualiza-los coñecementos nesta materia de técnicos con responsabilidades en programas en que se contemplan estas medidas.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo (Bergondo).
- 3.3. Datas: 3 ó 7 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 9.30 a 14 e de 15.30 a 17.30 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Desenvolvemento sustentable. O desenvolvemento rural e as medidas agroambientais. Indicadores agroambientais. Producción integrada e produción ecolóxica. Métodos ambientais de explotación integrada na produción agraria. A multifuncionalidade.

5. Convocatoria

DOG n.º 117, do 18-06-2003.

Sistemas de actuación urbanística

[en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia]

1. Obxectivos

Proporcionarlles ós asistentes coñecementos dende unha perspectiva eminentemente práctica dos sistemas de actuación urbanística previstos na Lei 9/2.002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e analiza-las novidades e modificacións efectuadas respecto á lexislación anterior.

2. Destinatarios

Arquitectos, arquitectos técnicos, avogados e funcionarios da Administración autonómica e local relacionados coas tarefas de xestión urbanística.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 4, 5, 11, 12 e 13 de decembro de 2003.
- 3.3. Horarios: xoves e venres de 16:30 a 20:30 h. e sábados de 10:00 a 14:00 h.
- 3.4. Prazas: 35.

4. Contido

Os sistemas xerais de actuación urbanística. Sistema de expropiación. Obtención de terreos de sistemas xerais e de dotacións públicas. Instrumentos de execución dos plans en solo de núcleo rural. Sistema de cooperación. Sistema de compensación e de concerto. Realización dun proxecto práctico de compensación. Sistema de concesión e obra urbanizadora.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (VIII promoción)

[en colaboración co INAP]

Primeira fase: formación xeral

1. Obxectivos

Proporcionarlles ós funcionarios de novo ingreso unha formación e capacitación suficientes para desenvolver-las funcións que teñen encomendadas os secretarios-interventores dentro da Administración local, todo iso dende unha perspectiva metódica de carácter eminentemente práctico.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 236 h.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP, r/ de Madrid, 2-4.
- 3.3. Datas: do 1 de outubro ó 28 de novembro de 2003, de luns a venres.
- 3.4. Horarios: 9 a 14 e de 16 a 19 h.
- 3.5. Prazas: 18.

4. Contido

■ Área de coñecementos técnico-profesionais: facendas locais. Xestión orzamentaria, control e fiscalización. Contabilidade local e sistema de aplicación contable para a Administración local. Tesourería e recadación. Organización e funcionamento das entidades locais. Procedemento e réxime xurídico. Xestión de contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Bens das entidades locais. Habilidades directivas. Visita institución.

■ Área de tecnoloxías da información e das comunicacións: tratamento de textos Word e Excel.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (VIII promoción)

[en colaboración co INAP]

Módulo de dereito autonómico

1. Obxectivos

Que os alumnos profunden na normativa da comunidade autónoma na que se pode atopar-lo posto de traballo onde van exercer.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Calendario

Do 1 ó 12 de decembro de 2003.

4. Contido

Lexislación autonómica local: especial referencia á Lei de Administración local de Galicia. Normativa da función pública da comunidade autónoma: implicación na Administración local de Galicia. Xestión de axudas financiadas con fondos europeos. Réxime urbanístico da propiedade do solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Réxime económico financeiro local: especialidades da normativa autonómica. Réxime urbanístico da propiedade de solo; especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Eido Local e linguaxe administrativa galega.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Curso selectivo para o acceso á subescala de intervención-tesourería, categoría de entrada (XI promoción)

[en colaboración co INAP]

Primeira fase: formación xeral



Acto de presentación do curso selectivo de interventores-tesoureiros (aula Colmeiro), 29 de setembro de 2003.

De esquerda a dereita: Alfonso Rueda de Valenzuela, director xeral de Administración Local; e o director da EGAP.

1. Obxectivos

Proporcionarlles ós funcionarios de novo ingreso unha formación e capacitación suficientes para desenvolver as funcións que teñen encomendadas os secretarios-interventores dentro da Administración local, todo iso dende unha perspectiva metódica de carácter eminentemente práctico.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 223 h.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP, r/ de Madrid, 2-4.
- 3.3. Datás: do 29 de setembro ó 21 de novembro de 2003, de luns a venres.

3.4. Horarios: 9 a 14 e de 16 a 19 h.

3.5. Prazas: 19.

4. Contido

■ Área de coñecementos técnico-profesionais: facendas locais. Xestión orzamentaria. Control e fiscalización. Contabilidade pública local. Tesourería. Recadación. Xestión de contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Excel.

■ Área de dirección pública local: políticas públicas. Calidade dos servizos públicos. Planificación estratéxica, especial incidencia no orzamento. Habilidades directivas.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Curso selectivo para o acceso á subescala de intervención-tesourería, categoría de entrada (XI promoción)

[en colaboración co INAP]

Módulo de dereito autonómico

1. Obxectivos

Que os alumnos profunden na normativa da comunidade autónoma na que se pode atopa-lo posto de traballo onde van exercer.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Calendario

Do 24 ó 28 de novembro de 2003.

4. Contido

Lexislación autonómica local: especial referencia á Lei de Administración local de Galicia. Normativa da función pública da comunidade autónoma: implicación na Administración local de Galicia. Xestión de axudas financiadas con fondos europeos. Réxime urbanístico da propiedade do solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Réxime económico financeiro local: especialidades da normativa autonómica. Réxime urbanístico da propiedade de solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Eido Local e linguaxe administrativa galega.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría, categoría de entrada (VI) Promoción

[en colaboración co INAP]

Módulo de dereito autonómico

1. Obxectivos

Que os alumnos profunden na normativa da comunidade autónoma en que se pode atopa-lo posto de traballo onde van exercer.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Calendario

Do 1 ó 12 de decembro de 2003.

4. Contido

Lexislación autonómica local: especial referencia á Lei de Administración local de Galicia. Normativa da función pública da comunidade autónoma: implicación na Administración local de Galicia. Xestión de axudas financiadas con fondos europeos. Réxime urbanístico da propiedade do solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Réxime económico financeiro local: especialidades da normativa autonómica. Réxime urbanístico da propiedade de solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Eido Local e linguaxe administrativa galega.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

1.2. Xornadas, seminarios, etc.

Xornada sobre novidades normativas en materia de facendas locais para o exercicio 2003



1. Obxectivos

Coñecemento e debate das novidades normativas en materia de facendas locais para o exercicio 2003.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local galega, persoal ó servizo da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 6 h.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datras: 28 de febreiro de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañán e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

Aspectos xerais da reforma das facendas locais. Situación actual e perspectivas de futuro. O imposto sobre bens inmobles: actuacións que hai que desenvolver como consecuencia das modificacións normativas para o ano 2003. A nova regulación do catastro inmobiliario. O imposto sobre actividades económicas: criterios de xestión e mecanismo de compensación. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana. A participación das corporacións locais nos tributos do Estado.

5. Convocatoria

DOG n.º 31, do 13-02-2003.

Xornada sobre a Lei xeral de estabilidade orzamentaria e os entes locais



Xornadas sobre a Lei xeral de estabilidade orzamentaria e os entes locais (Salón de actos da EGAP, 30 de maio de 2003)

De esquerda a dereita: Alfonso Rueda de Valenzuela, director xeral de Administración local; o director da EGAP; e Manuel Farfán Pérez, tesoureiro xeral da Deputación Provincial de Sevilla.

1. Obxectivos

Coñecemento e debate do obxectivo da estabilidade orzamentaria e os entes locais

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local galega, persoal ó servizo da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 6 h.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datás: 30 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

O obxectivo da estabilidade orzamentaria e os entes locais. O SEC-95. A súa aplicación ó ámbito local. A súa aplicación no ámbito local. Medición do obxectivo de estabilidade orzamentaria en termos do SEC-95. O desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria no ámbito local. O enbedamento das corporacións locais e os obxectivos de estabilidade orzamentaria.

5. Convocatoria

DOG n.º 84, do 02-05-2003.

Xornadas sobre e-Administración

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Axudar a coñece-lo estado actual e as perspectivas futuras da e-administración.

2. Destinatarios

Persoal dos grupos A e B do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 19 e 20 de xuño 2003.
- 3.4. Horarios: de 9 a 14 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Mellora do servizo usando as TIC: portais. Sinatura dixital. Racionalización de procedementos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Xornadas sobre desenvolvemento local

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Axudar a coñece-lo estado actual e as perspectivas futuras da e-Administración.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 5 e 6 de xuño 2003.
- 3.4. Horarios: de 9 a 14 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Mellora do servizo usando as TIC: portais. Sinatura dixital. Racionalización de procedementos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

II Seminario de xestión pública local

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

A análise de técnicas de dirección para a mellora de procesos organizativos, do desempeño e da avaliación de políticas públicas.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 45 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 28 e 29 de abril; 5 e 6 de maio; 2 e 3 de xuño; 13 e 20 de outubro; 10 e 11 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 8 a 14 e de 16.30 a 19.30 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

1º Módulo: dirección na función pública. 2º Módulo: xestión de procesos. 3º Módulo: recursos humanos: avaliación do desempeño. 4º Módulo: avaliación de políticas públicas. 5º Módulo: mercadotecnia pública.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Xornada sobre a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

1. Obxectivos

Coñecemento e debate da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local galega, persoal ó servizo da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 6 h.
- 3.2. Lugares: Vigo, Ourense, Lugo e A Coruña.
- 3.3. Datas: 5, 10, 18 e 24 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 760.

4. Contido

Principios xerais. Réxime urbanístico do solo. Disposicións xerais. Réxime xurídico do solo rústico. Clasificación do solo. Réxime das distintas clases e categorías do solo. A organización do urbanismo en Galicia. Réxime transitorio. Planeamento urbanístico. Clases de Plans. Procedemento de elaboración. Competencias para a súa aprobación. Normas de aplicación directa. Execución dos plans de ordenación (xestión).

5. Convocatoria

DOG n.º 101, do 27-05-2003.

VI Encontros de dereito penitenciario de Galicia

[en colaboración co Colexio de Avogados de Ourense]

1. Obxectivos

Analizar e debate-las cuestións que figuran máis abaixo no punto catro.

2. Destinatarios

Avogados, funcionarios da Administración de xustiza, estudantes universitarios e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar: Ourense.
- 3.3. Datas: 8, 9 e 10 de maio de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañán e tarde.
- 3.5. Prazas: 60.

4. Contido

A criminalización da sociedade hoxe en Galicia. Modelo de Estado penal e sociedade punitiva. As políticas de interior da Unión Europea. Límites ós dereitos fundamentais na reforma penitenciaria. Longas condenas e dereitos humanos. Comparecencia do Estado español ante o Comité de tortura da ONU. Alcance e realidade da reforma para os drogodependentes. A xurisdicción de vixilancia penitenciaria en materia de terrorismo e menores. A criminalización da inmigración. A reforma pendente. Apuntamentos para unha lei dos xulgados de vixilancia penitenciaria.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

XIV Xornadas gandeiras

[en colaboración co Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense]

1. Obxectivos

Amplia-lo coñecemento do tema do curso mediante o intercambio de exposicións e experiencia, problemática en xeral, achega de solucións e métodos de traballo.

2. Destinatarios

Veterinarios e outros profesionais relacionados co tema.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 50 h.
- 3.2. Lugar: Ourense.
- 3.3. Datas: do 12 de setembro ó 4 de outubro de 2000.
- 3.4. Horario: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 60.

4. Contido

Avaliación do concepto de calidade e aplicación na industria alimentaria. Implantación de sistemas de calidade nas industrias agroalimentarias. Xestión da calidade na produción de carne e derivados. Xestión da calidade na produción de leite e derivados. Xestión da calidade na produción de ovos e derivados e xestión da calidade do mel e derivados. Xestión da calidade do peixe. Xestión da calidade na produción de froitas, verduras, hortalizas e cogomelos. Perturbadores endócrinos e seguridade alimentaria. Lei de sanidade animal. Benestar animal. Lexislación comunitaria, nacional e autonómica. Marca de garantía. Autocontrol. Trazabilidade e rastreabilidade. Toma de decisións.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Congreso sobre o novo dereito concursal

[en colaboración coa Universidade da Coruña]

1. Obxectivos

Profundar no coñecemento da Lei concursal.

2. Destinatarios

Interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 h.
- 3.2. Lugar: Universidade da Coruña.
- 3.3. Datas: 22, 23, 24, 25 e 26 de setembro; 2, 3, 8, 9 e 10 de outubro de 2003.
- 3.4. Horarios: tarde.
- 3.5. Prazas: 50.

4. Contido

O marco xeral da Lei concursal. A declaración de concurso: orzamentos. Procedemento de declaración do concurso. A Administración xudicial. Os efectos da declaración do concurso. Os efectos do concurso sobre os acredores. Os efectos do concurso sobre os contratos. Os efectos do concurso sobre os actos prexudiciais para a masa activa. As accións de reintegración. O informe da Administración xudicial. Determinación da masa activa e pasiva do concurso. A clasificación dos créditos. Publicidade e impugnación do informe da Administración xudicial. A fase de convenio. Aprobación xudicial do convenio aprobado pola Xunta. A eficacia do convenio: límites. A fase de liquidación: apertura, efectos e operacións de liquidación. O pagamento a os acredores. Normas procesuais e sistema de recursos: tramitación do procedemento, procedemento abreviado, incidente concursal e recursos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

I Xornadas sobre sociedade e defensa «a política de seguridade na nova orde internacional»

[en colaboración co Ministerio de Defensa e a Universidade de Santiago de Compostela]

1. Obxectivos

Coñece-la política de seguridade na nova orde internacional.

2. Destinatarios

Interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar: salón de graos da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: 12 e 13 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 150.

4. Contido

Defensa e nova orde internacional. A ordenación constitucional da defensa. Análise do conflito do Sáhara dentro do novidoso contexto internacional. Situación xeostratéxica de España na nova orde internacional. A nova doutrina de intervención. Mesa redonda: O vínculo transatlántico.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*.

Xornadas sobre aplicación do imposto sobre o valor engadido ás entidades locais

1. Obxectivos

Análise exhaustiva das consecuencias prácticas da aplicación do imposto sobre o valor engadido ós servizos e actividades das entidades locais, desde a perspectiva fiscal, orzamentaria, contable e de xestión.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local galega, persoal ó servizo da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar: Lugo, no salón de actos da Deputación Provincial, r/ San Marcos, 8.
- 3.3. Datas: 25 e 26 de novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 52.

4. Contido

O feito imponible do imposto sobre o valor engadido e os servizos públicos locais. O feito imponible do IVE e a actividade municipal dos entes locais. Determinación da base imponible, do tipo de gravame e da cota tributaria do IVE. A aplicación da regra do pro rata. A obriga de expedición de facturas. Réxime de declaracións do IVE. Réxime orzamentario e contable do IVE nas entidades locais. O procedemento de recadación municipal e o IVE.

5. Convocatoria

DOG n.º 218, do 10-11-2003.

Xornadas sobre a Lei 13/2003 reguladora do contrato de concesión de obras públicas

1. Obxectivos

Profundar no coñecemento da Lei 13/2003 reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Administración local galega, persoal ó servizo da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 h.
- 3.2. Lugar: A Coruña, no salón de actos da Delegación provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, praza de Pontevedra, 22.
- 3.3. Datras: 4 e 5 de decembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 190



Xornada sobre a Lei 13/2003 reguladora de contrato de concesión de obras públicas (Salón de actos da EGAP, 4 de decembro de 2003).

De esquerda a dereita: Eloy Colom Piazeiro, profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Zaragoza; e o director da EGAP.

4. Contido

A concesión administrativa: concesión de obra, concesión de servizo público e concesión de dominio público. Antecedentes do contrato de concesión de obra pública. A súa regulación no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. Obxectivos, aspectos xerais, a nova Lei 13/2003: obxectivos. Estructura. Preceptos de carácter básico da Lei. As concesións no dereito comunitario europeo. O expediente de contratación. Actuacións previas. Planificación. O estudo de viabilidade. Anteproxecto de construción e explotación da obra. Proxecto de obra de trazado. Os pregos de cláusulas administrativas particulares. Procedementos e formas de adxudicación. Requisitos esixidos ós licitadores. Contidos das proposicións. Adxudicación e formalización do contrato. A execución das obras. Execución por terceiros. Responsabilidade na execución das obras por terceiros. O principio de risco e ventura na execución das obras. A modificación do proxecto. O remate das obras. Reflexións sobre a nova lei. Análise económica

da Lei de concesión de obra pública (I). O financiamento privado. O financiamento cruzado. Outras formas de financiamento. As cláusulas de progreso. Os indicadores de control de calidade concesional. Análise económica dalgúns aspectos da nova regulación concesional (II). O equilibrio económico da concesión. A cantidade e termo da concesión. As revisións das tarifas na concesión administrativa. Dereitos e obrigas do concesionario. O uso e conservación da obra pública. Prerrogativas e dereitos da Administración. A extinción das concesións. A extinción por cumprimento e prazo das concesións. Causas de resolución e efectos. A concesión: aspectos notariais e rexistrals. Réxime orzamentario, contable, patrimonial e de fiscalización dos contratos de concesión de obras públicas (contribucións á construción e explotación da obra).

5. Convocatoria

DOG n.º 218, do 10-11-2003.

1.3 Outras actividades

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención

[en colaboración co INAP]

Fase de prácticas en corporacións locais

1. Obxectivos

O obxectivo deste período é integra-los coñecementos recibidos na fase anterior e aplicalos ó exame dunha organización concreta, a corporación local onde se realizan as prácticas.

Durante a dita fase, o alumno deberá realizar un traballo de prácticas que comprenderá un comentario analítico dos expedientes examinados durante as prácticas correspondentes ás materias avaliadas establecidas nas normas académicas.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

As prácticas en municipios realizaranse do 26 de maio ó 27 de xuño de 2003.

4. Contido

Durante o período de prácticas cada alumno, individualmente, realizará un «traballo de prácticas» que comprenderá:

■ Un comentario analítico dos expedientes examinados durante as prácticas correspondentes ás materias avaliadas establecidas na primeira fase do curso selectivo que a continuación se relacionan:

■ Facendas locais. Xestión orzamentaria e Control e Fiscalización. Contabilidade local e o sistema de aplicación contable para a Administración local. Tesourería e Recadación. Organización e funcionamento das entidades locais. Procedemento e réxime xurídico. Xestión da contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Bens das entidades locais.

■ Un estudo detallado dun expediente dos examinados que pola súa especialidade ou problemática suscitada reviste, a xuízo do alumno, un interese xeral.

5. Valoración e avaliación

O responsable de asumir a dirección das prácticas en cada corporación local, emitirá un informe sobre o aproveitamento do alumno e sobre a realización das prácticas nas datas e condicións establecidas.

O traballo de prácticas que realizarán os alumnos en corporacións locais, será avaliado de 0 a 40 puntos, pola comisión que se determine para o efecto, e debe emitir un informe de cada un dos traballos.

A comisión de avaliación reunirse para efectuar a corrección e emisión dos correspondentes informes o día 30 de xuño de 2003.

Participación nas probas selectivas de acceso á subescala de secretaría-intervención

[en colaboración co INAP]

Convocatoria: Orde do 10 de maio de 2002, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 21-05-2002).

Tribunal cualificador: Resolución do 17 de outubro de 2002, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 05-11-02).

Tribunal n.º 7 de Galicia

Presidente:

Titular:

D.ª María Teresa Carballeira Rivera
(profesora titular de universidade)

Suplente:

D. Francisco Caamaño Domínguez
(profesor titular de universidade)

Vocais:

Titulares:

D.ª María. Luisa López López
(escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional).

D.ª Purificación Morandeira Carreira
(administradores civís do Estado).

D. Carlos J. Méndez Losada Abalo
(escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional).

Suplentes:

D.ª Carmen Domínguez Lage
(Técnico de Administración xeral).

D. Rafael Gutiérrez de la Cámara García-Parreño (Xurídico Militar).

D.ª Lucía León Álvarez
(Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional).

Secretario:

Titular:

D.ª Guillermina Núñez Rodríguez
(escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional).

Suplente:

D. Jesús Lata Buceta
(Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional).

Designación de representantes da EGAP en tribunais de selección de persoal da Administración local galega

Apelidos e nome	Cargo	Denominación da Praza que hai que cubrir	Nº de prazas	Concello	VT / VS
Fernández da Fonte, Enrique	<i>Administrativo concello Taboada</i>	conserxe-alguacil	1	Chantada	VT
Giménez Miralles, Francisco Javier	<i>Vicesecretario dep. prov. Lugo</i>	auxiliar Admón. xeral	2	Sarria	VT
López Abuín, Daniel Cristobal	<i>Xefe servcio dep. prov. Lugo</i>	auxiliar Admón. xeral	2	Sarria	VS
Pérez López, Rosa	<i>Secretaria concello de Navia de Suarna</i>	auxiliar Admón. xeral	1	O Corgo	VT
Rigueira Estévez, Miguel Ángel	<i>Secretario concello Taboada</i>	conserxe-alguacil	1	Chantada	VS
Rivas García, Ana	<i>Secretaria do concello de Becerreá</i>	auxiliar Admón. xeral	1	O Corgo	VS

Actividades



**Actividades do Servicio de Estudios,
Investigación e Publicacións**

1. Cursos

Curso: medio de linguaxe administrativa galega (26 edicións)

[en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística]



1. Obxectivos

Facilita-la capacitación no uso da lingua galega do persoal ó servizo das administracións públicas de Galicia.

2. Destinatarios

O curso vai dirixido ó persoal que realiza funcións administrativas nas diferentes administracións públicas de Galicia. Reservarase o 75% das prazas para o persoal da Administración autonómica galega.

3. Desenvolvemento:

- 3.1. Duración: 75 h.
- 3.2. Lugares: A Coruña (4 edicións), Lugo (4 edicións), Ourense (4 edicións), Pontevedra (3 edicións), Vigo (2 edicións), Santiago de Compostela (6 edicións), Ferrol (2 edicións), Viveiro (1 edición).
- 3.3. Datas: 1ª quenda, de abril a maio; 2ª quenda, de outubro a novembro de 2003.
- 3.4. Horarios: de 17.00 a 20.00 h.
- 3.5. Prazas: 35 por edición.

4. Contido

O contido do curso está establecido pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

5. Convocatoria

Orde do 30 de xaneiro de 2003, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*DOG* n.º 29, do 11-02-2003).

Curso de inglés medio

1. Obxectivos

Iniciado no ano 2002, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos da lingua inglesa a un nivel medio, de xeito que permita establecer contactos esporádicos nesta lingua e acadar unha comunicación e comprensión con certo grao de eficacia.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 94 h.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datras: do 7 de xaneiro ó 26 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 17.00 a 19.00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

- Afondamento no uso dos tempos verbais.
- Solicitar ou dar información.
- Usos sociais da lingua.
- Afondamento no sistema fonético inglés, facendo fincapé na pronuncia.
- Descrición.
- Emprego de estruturas temporais complexas.
- Introducción ós «phrasal verbs».

5. Convocatoria

DOG n.º 131, do 09-07-2002.

Curso de inglés superior

1. Obxectivos

Iniciado no ano 2002, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos máis profundos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo que posúan os coñecementos suficientes para seguilo, preferentemente o persoal que xa teña asistido ó curso medio de inglés na EGAP.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 94 h.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datras: do 7 de xaneiro ó 26 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 19.00 a 21.00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos «phrasal verbs».
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronuncia-las formas distintas da lingua inglesa, e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 131, do 09-07-2002.

Curso de francés básico

1. Obxectivos

Iniciado no ano 2002, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos elementais da lingua francesa.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 94 h.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datas: do 8 de xaneiro ó 25 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: en sesións de tarde.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

- Vocabulario.
- Pronuncia.
- Estructuras gramaticais.
- Compresión básica.
- Formulación e contestación de preguntas.
- Análise de situacións concretas da vida corrente.

5. Convocatoria

DOG n.º 131, do 09-07-2002.

Curso de francés medio

1. Obxectivos

Iniciado no ano 2002, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos da lingua francesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países francófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo que posúan os coñecementos suficientes para seguilo, preferentemente o persoal que xa teña asistido a cursos de perfeccionamento de francés na EGAP.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 94 h.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datas: do 8 de xaneiro ó 25 de xuño de 2003.
- 3.4. Horarios: en sesións de tarde.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

- Introducción.
- A comunicación telefónica.
- A correspondencia.

5. Convocatoria

DOG n.º 131, do 09-07-2002.

Conversa en inglés (2 edicións)

1. Obxectivos

A aprendizaxe para conseguir unha fluidez na expresión oral da lingua inglesa.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h. por edición.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 21 de abril ó 18 de xuño.
- 3.3. Horarios: luns e mércores, das 17.00 ás 18.30 h (1ª edición); das 18.30 ás 20.00 h (2ª edición).
- 3.4. Prazas: 5 por edición.

4. Contido

Contidos comunicativos. Contidos semánticos.
Contidos fonéticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Conversa en francés (2 edicións)

1. Obxectivos

A aprendizaxe para conseguir unha fluidez na expresión oral da lingua francesa.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h. por edición.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 22 de abril ó 19 de xuño.
- 3.3. Horarios: martes e xoves, das 17.00 ás 18.30 h (1ª edición); das 18.30 ás 20.00 h (2ª edición).
- 3.4. Prazas: 5 por edición.

4. Contido

Contidos comunicativos. Contidos semánticos.
Contidos fonéticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003.

Inglés medio

1. Obxectivos

O curso que rematará en xuño de 2004, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de inglés que deberán realiza-los candidatos o día 2 de setembro ás 17:00 h no salón de actos da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia ós candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h, das que 60 terán lugar neste ano.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 11 de setembro ó 23 de decembro.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 17.00 a 19.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos «phrasal verbs».
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronuncia-las formas distintas da lingua inglesa, e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003.

Inglés superior

1. Obxectivos

O curso que rematará en xuño de 2004, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos máis profundos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de inglés que deberán realiza-los candidatos o día 2 de setembro ás 17:00 h. no salón de actos da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia ós candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h, das que 60 terán lugar neste ano.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 11 de setembro ó 23 de decembro.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 19.00 a 21.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos «phrasal verbs».
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronuncia-las formas distintas da lingua inglesa, e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003.

Francés superior

1. Obxectivos

O curso que, rematará en xuño de 2004, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos máis profundos da lingua francesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países francófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de francés que deberán realiza-los candidatos o día 3 de setembro na aula 11 da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia ós candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h das que 58 terán lugar no 2003.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 8 de setembro ó 17 de decembro.
- 3.4. Horarios: luns e mércores, de 19.00 a 21.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Introducción.
- A comunicación telefónica.
- A correspondencia.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003

Portugués, nivel básico (2 edicións)

1. Obxectivos

Comprende-la información global e específica das mensaxes orais e escritas da lingua portuguesa relativas ás diversas situacións habituais da comunicación, emitidas directamente polos falantes ou polos medios de comunicación.

Producir mensaxes orais e escritas en portugués, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais da comunicación para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Daráselles preferencia ós candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 60 h.
- 3.2. Lugar, horarios e datas: Santiago de Compostela: martes e xoves, de 17.00 a 19.00 h, do 2 de setembro ó 11 de decembro;
Vigo: luns e mércores de 17.00 a 19.00 h, do 1 de setembro ó 15 de decembro.
- 3.3. Prazas: 20, das que 11 serán para a Administración autonómica, 4 para a local, 2 para a universitaria, 1 para a do Parlamento, 1 para o Consello de Contas e 1 para o Valedor do Pobo.

4. Contido básico

- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Actitudes.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003.

Portugués, nivel II (3 edicións)

1. Obxectivos

Profundar na comprensión da información global e específica das mensaxes orais e escritas da lingua portuguesa relativas ás diversas situacións habituais da comunicación, emitidas directamente polos falantes ou polos medios de comunicación.

Producir mensaxes orais e escritas en portugués, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais da comunicación para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Terán preferencia os alumnos que obtiveron o certificado de asistencia no curso de nivel I realizado o ano pasado. As prazas sobrantes cubriranse en función do resultado dunha proba de nivel que deberán realiza-lo resto dos candidatos no lugar, día e hora que determine a EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia ós candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 60 h.
- 3.2. Lugar, horarios e datas: Santiago de Compostela: martes e xoves, de 19.00 a 21.00 h, do 2 de setembro ó 11 de decembro; Ourense: luns e mércores de 17.00 a 19.00 h, do 1 de setembro ó 15 de decembro; Vigo: luns e mércores de 19.00 a 21.00 h, do 1 de setembro ó 15 de decembro.
- 3.3. Prazas: 20.

4. Contido básico

- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Actitudes.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003.

Inglés comunitario

1. Obxectivos

Introduci-los alumnos na realidade institucional e de traballo da Unión Europea e poñer á súa disposición as ferramentas lingüísticas necesarias para que poidan desenvolver eficazmente o traballo relacionado cos temas comunitarios.

2. Destinatarios

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 48 h.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 15 de setembro ó 9 de outubro.
- 3.3. Horarios: de 17.00 a 20.00 h, de luns a xoves.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido básico

Desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas: lectura, comprensión auditiva, comunicación oral e comunicación escrita.

5. Convocatoria

DOG n.º 41, do 27-02-2003

2. Xornadas, seminarios, etc.

Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas: mesa redonda sobre a vida e obra de Antón Avilés de Taramancos



Mesa redonda sobre a vida e obra de Antón Avilés de Taramancos (Salón de actos da EGAP, 13 de maio de 2003).

De esquerda a dereita: Luís Uxío González Tosar, escritor; Ramón García-Malvar y Mariño, fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; o director da EGAP; e Miguel Anxo Fernán Vello, escritor e editor.

1. Obxectivos

Con motivo de declara-la Real Academia Galega o Día das Letras Galegas do ano 2003 dedicado a Antón Avilés de Taramancos, a EGAP súmase, como institución pública galega, á homenaxe deste personaxe, organizando unha mesa redonda sobre a súa vida e obra. Esta acción formativa completárase cunha viaxe de interese cultural.

2. Destinatarios

Na mesa redonda poderá participa-lo persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ó servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas); no caso de presentarse máis solicitudes que prazas terá preferencia o persoal da Xunta. A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir á mesa redonda.

3. Desenvolvemento

3.1. Mesa redonda:

- Data: 13 de maio.
 - Hora: en horario de mañá.
 - Lugar: EGAP.
- 3.2. Viaxe cultural: 17 de maio.

4. Contido

Análise da obra de Antón Avilés de Taramancos.

5. Convocatoria

DOG n.º 70, do 09-04-2003.



VII Encontros para a normalización lingüística

[en colaboración co Consello da Cultura Galega]

1. Obxectivos

Organizado polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega, ten, entre outros obxectivos, o de servir de punto de encontro, reflexión, análise e debate das persoas que desenvolven o seu labor profesional nos diferentes servizos lingüísticos.

2. Destinatarios

Persoal dos servizos de normalización lingüística e servizos de tradución das diferentes administracións galegas e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 13 h.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, salón de actos de Caixa Galicia, 23 e 24 de outubro.
- 3.3. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.4. Prazas: 219.

4. Contido básico

A lingua galega no medio urbano, unha visión desde a macrosociolingüística. Os obradoiros Máis alá! de lingua e sociedade. O proxecto Noites Abertas en Pontevedra. A experiencia dos obradoiros Ciberlingua. A normalización lingüística: igualdade, imposición ou discriminación positiva. As actitudes dos mozos e mozas galegos: unha achega mediante técnicas cualitativas e experimentais. O Galingua, curso interactivo de lingua galega. O curso multimedia é-galego. O traductor automático Traduza-g. Tradución de *software* libre. Unha iniciativa de normalización. *Software* en galego. Mellor libre. Reverso Servizos Lingüísticos. Imaxín Software. Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación. Nemedón Audiovisual. Elhuyar Kultur Elkartea, a contribución das empresas lingüísticas á normalización do éuskaru.

5. Convocatoria

Polo Consello da Cultura Galega.

3. Investigación

3.1. Bolsas de investigación

Bolsas de linguaxe administrativa inglesa (1 bolsa)

Convocatoria: *DOG* n.º 245, do 20 de decembro de 2002

1. Obxectivos

A realización na EGAP de estudos e prácticas sobre linguaxe administrativa inglesa.

2. Destinatarios

Licenciados en filoloxía inglesa.

3. Solicitudes presentadas

6.

4. Adxudicación

Resolución do 24 de marzo de 2003.

5. Adxudicatarios e período de gozo

■ FERNÁNDEZ PIÑEIRO, M^a Blanca (01-04-03 ó 31-12-03).

Bolsas de linguaxe administrativa galega (2 bolsas)

Convocatoria: *DOG* n.º 245, do 20 de decembro de 2002

1. Obxectivos

A realización na EGAP de estudos e prácticas sobre linguaxe administrativa galega.

2. Destinatarios

Licenciados en filoloxía galega.

3. Solicitudes presentadas

23.

4. Adxudicación

Resolución do 24 de marzo de 2003.

5. Adxudicatarios

■ FERNÁNDEZ PASTORIZA, Lidia (01-04-03 ó 18-08-03)

■ RODRÍGUEZ PARADA, Raquel (01-04-03 ó 31-12-03)

■ GONZÁLEZ BUENO, M^a do Carme (01-09-03 ó 31-12-03).

Bolsas de colaboración en tarefas de estudo e análise sobre materias xurídicas e político-administrativas (5 bolsas)

Convocatoria: *DOG* n.º 245, do 20 de decembro de 2002

1. Obxectivos

Catro bolsas serán para a realización de estudos e análise sobre materias xurídicas e unha sobre materias político-administrativas.

2. Destinatarios

Licenciados en dereito e en ciencias políticas.

3. Solicitudes presentadas

28 solicitudes para bolsas sobre materias xurídicas.

8 solicitudes para bolsas sobre materias político-administrativas.

4. Adxudicación

Resolución do 30 de abril de 2003.

5. Adxudicatarios e período de gozo

Bolsas sobre materias xurídicas

- BARREIRO PEREIRA, Xosé Antón (02-05-03 ó 31-12-03)
- CASTIÑEIRAS BOUZAS, Isabel (02-05-03; renuncia do 02-05-03)
- PARDO GATO, José Ricardo (02-05-03 ó 31-12-03)
- REBOLLEDO VARELA, José M.^a (02-05-03 ó 31-12-03)
- LÓPEZ CANEDA, Mercedes (19-05-03 ó 31-12-03; resolución de adxudicación 12-05-03)

Bolsas sobre materias político-administrativas

- GONZÁLEZ HILTNER, Juan Manuel (02-05-03 ó 31-12-03).

Bolsas de biblioteconomía e documentación (3 bolsas)

Convocatoria: DOG n.º 245, do 20 de decembro de 2002

1. Obxectivos

Para a execución de tarefas de biblioteconomía e documentación na biblioteca desta escola.

2. Destinatarios

Titulados superiores universitarios con especialidade en bibliotecas ou licenciados en dereito con formación e experiencia en bibliotecas.

3. Solicitudes presentadas

24.

4. Adxudicación

Resolución do 24 de marzo de 2003.

5. Adxudicatarios e período de gozo

- FANDIÑO SUÁREZ, M.^a Carmen (01-04-03 ó 31-12-03)
- SUÁREZ BLANCO, Carmen (01-04-03 ó 01-09-03)
- DOMÍNGUEZ MÉNDEZ, Gaspar (01-04-03 ó 31-12-03)
- FERNÁNDEZ NÚÑEZ, Amparo (10-09-03 ó 31-12-03)

3.2. Premios

XII Premio Manuel Colmeiro

1. Obxectivos

Fomentar estudos e traballos inéditos sobre a Administración pública de Galicia desde unha perspectiva xurídica, económica, sociolóxica, etc.

2. Destinatarios

Investigadores no eido da Administración pública.

3. Dotación

4.510 €.

4. Convocatoria

Orde do 8 de abril de 2003 (*DOG* n.º 84 , do 02-05-2003)

5. Adxudicatario

José Luis García-Pita y Lastres.

6. Título do traballo premiado

